


INFORME DE REVISIÓN DO SISTEMA POLA DIRECCIÓN

2022/2023

R1 DE-03 P1



Informe de revisión do sistema pola dirección
-
**Informe de resultados anuais das titulacións do
centro**

Data da reunión: 20/11/2024

Data de aprobación na Xunta de Centro: 22/11/2024

Índice de contidos

- I. ASPECTOS INTRODUTORIOS
 - II. DATOS E INDICADORES
 - III. ANÁLISE DE RESULTADOS DAS TITULACIÓNS DO CENTRO - SEGUIMENTO DAS TITULACIÓNS
 - IV. MODIFICACIÓNS NON SUSTANCIAS DAS TITULACIÓNS
 - V. ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORA PROPOSTAS NO(S) INFORME(S) ANTERIOR(ES)
 - VI. LISTAXE DE ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS
 - VII. CONCLUSIÓNS E ACORDOS
 - VIII. ANEXOS
-

I. ASPECTOS INTRODUTORIOS

I.1. Presentación/Obxecto da reunión

O seguinte documento recolle o *Informe de Revisión do Sistema pola Dirección* (en adiante IRSD) que lle corresponde realizar á Comisión de Calidade da Facultade de Historia todos os cursos académicos, de acordo cos prazos establecidos na axenda que elabora e actualiza anualmente a Área de Calidade da UVigo. Coma naqueles outros que o preceden, neste tamén se reflexiona sobre a aplicación, xestión e eficacia do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) na nosa facultade, e sobre as titulacións que nela se imparten, especificamente en relación co curso 2022/2023; e, así mesmo, se valora o grao de cumprimento das melloras derivadas do anterior informe correspondente ao curso 2021/2022.

A diferenza dos dous cursos precedentes, marcados pola situación orixinada pola nova realidade postpandémica, neste que nos ocupa –2022/2023– xa non foi preciso o uso profiláctico obrigatorio da máscara sanitaria nin a necesidade da ventilación dos espazos fechados, coma por exemplo as aulas; polo que a labor docente, así como todas as actividades científicas e formativas desenvolvidas no noso centro, discorreron nun contexto de completa normalidade, do mesmo xeito que no resto de centros da nosa universidade.

Seguindo a dinámica de traballo establecida para a súa redacción, o borrador do mesmo foi elaborado pola coordinación de Calidade do Centro, contando co apoio da colaboradora de Calidade e a detatallada supervisión de todos os datos e indicadores avaliábeis a cargo da Área de Apoio a Centros e Departamentos, a cal facilita o seu posterior tratamento. Este primeiro borrador é revisado posteriormente polos membros da Comisión de Calidade, onde se debate pormenorizadamente o seu contido nunha reunión ordinaria antes de proceder á súa validación. Unha vez validado, o informe é remitido a todo o PDI e PAS que forma parte da comunidade do centro, para a súa revisión antes de sometelo á súa aprobación nunha reunión ordinaria da Xunta de Facultade. Os resultados obtidos permitirán actualizar as metas fixadas na Política e Obxectivos de Calidade do Centro.

Nesta ocasión que nos ocupa, é preciso deixar constancia nesta breve exposición introdutoria de tres cuestións que debemos ter en conta á hora de valorar na súa xusta medida o propio proceso de elaboración do presente IRSD, coma tamén sobre a información que ten servido de soporte para unha parte da análise que nel se leva a cabo. En primeiro lugar, non podemos deixar pasar por alto que no curso 2023/2024, no que –coma é ben sabido– se realiza o mencionado IRSD correspondente ao inmediatamente anterior (isto é, 2022/2023), o persoal da Área de Apoio a Centros e Departamentos (que colabora con esta Comisión de Calidade a través da actualización de todos os datos e indicadores que logo son analizados) realizou un ímprobo traballo para poder cumprir coa súa colaboración nos prazos que establece a mencionada axenda que elabora Área de Calidade da UVigo. A súa sobrecarga de traballo, derivada da implementación da nova plataforma académica SIGMA e o tratamento administrativo que orixinou a entrada en vixencia da nova normativa ministerial relativa ás Prácticas do alumnado universitario, obrigaron a demorar

necesariamente a labor de actualización dos datos e indicadores que se incorporaron ao primeiro borrador deste documento. Dende estas breves consideracións introdutorias, queremos expresarlle o noso agradecemento ao PAS que colaborou en dita tarefa, conscientes do seu esforzo realizado, como tamén aos nosos/as compañeiros/as da Área de Calidade da UVigo que, coñecedores/as desta especial circunstancia, nos permitiron ampliar o prazo de redacción deste informe.

En segundo termo, a baixísima participación nas enquisas de satisfacción por parte do alumnado do PCEO, cun único suxeito que as cubriu, motivou que os datos das mesmas non estivesen accesibles no Portal de Transparencia que foi consultado para a elaboración das nosas bases de datos. Logo de facer a correspondente consulta, informáronos de que, do mesmo xeito que acontece coas titulacións con baixa participación, non se publicaron porque dende a Área de Calidade se considerou que os ditos resultados poden non ser significativos. Neste mesmo senso, xa deixamos evidenciada esta cuestión no IRSD precedente no que atinxía aos datos procedentes do noso estudantado egresado. É evidente que un único suxeito non pode representar a ningún colectivo, a non ser que este sexa unipersoal, o cal non é o noso caso. Así mesmo, na medida en que nos foi remitido o Excel dende a citada área con estes valores, optamos, do mesmo xeito que no anterior informe, por incorporalos á nosa reflexión pero sen entrar a analizalos, posto que coincidimos co criterio dos nosos compañeiros de que non son representativos. Por este motivo, decidimos eliminar deste informe as gráficas relativas ao PCEO correspondentes ao trienio de referencia (cursos 2020/2021, 2021/2022 e 2022/2023), na medida en que o dato do curso que precisamente nos ocupa –2022/2023– non é significativo do colectivo ao que pertence.

En terceiro lugar, é preciso comentar, unha vez máis, que non se puido realizar a análise do Máster interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, administrativamente dependente da USC. Tal como se indicou no documento de alegacións remitido á comisión da ACSUG encargada de aprobar a recertificación do noso Sistema (da cal vimos de obter recentemente a súa valoración positiva), precísase dunha mellor implicación do profesorado que imparte docencia na mencionada titulación de post-grao nesta cuestión (tratándose realmente de tan só unha parte reducida dos/as docentes do noso centro), posto que son precisamente eles/as quen están mellor familiarizados cos datos procedentes do autoinforme de seguimento que se prepara dende a coordinación da dita titulación (con sede na USC). A maiores estaría o inconveniente de que estes datos non coinciden necesariamente cos parámetros que empregamos na nosa universidade, de acordo coas indicacións da Área de Calidade. Trátase dunha cuestión que, obviamente, debe ser obxecto de debate e valoración por parte da Comisión de Calidade da Facultade de cara ao futuro. Nos dous precedentes IRSD incorporouse o dito autoinforme de seguimento, e neste que nos ocupa tentamos continuar con dita dinámica; pero insistimos, é o profesorado vinculado á dita titulación o que deberá realizar a valoración previa destes datos se se pretende analizalos no IRSD. Por cuestións de tempo, basicamente relacionadas coa demora xa comentada no procesamento da información para a elaboración das nosas bases de datos, este debate non se puido levar a cabo, pero figura entre os nosos obxectivos de cara ao vindeiro informe.

I.2. Informe inicial

- ✓ Descrición de cambios organizativos que poden afectar o funcionamento do centro/titulacións/servizos no que atinxe á Calidade.

A diferenza do curso anterior, os cambios que aconteceron a nivel organizativo no noso Centro en 2022/2023 foron de menor calado ao non implicar cambios no equipo directivo. Os que se produciron afectaron, de feito, tan só a dúas coordinacións. O primeiro consistiu na incorporación de Luís Velasco Martínez ás tarefas de Divulgación e captación de estudantado, que ata o momento viña desenvolvendo persoalmente e en solitario o decano Julio Prada Rodríguez. O segundo, no cambio da coordinación das Relacións Exteriores da facultade que se produciu a mediados de curso, logo de que a ata entón coordinadora tivese que deixala por sobrecarga de traballo, accedendo á mesma Antonio Presedo Garazo como novo coordinador. Esta leve remodelación das coordinacións tivo escasa incidencia na composición da Comisión de Calidade, que seguiu mantendo a planta establecida no curso 2021/2022. O máis salientable en relación con este último aspecto sinalado consistiu na renovación da persoa representante do alumnado que está a cursar os seus estudos na nosa facultade, e a preparar a substitución do/a representante do estudantado egresado, que se habería de materializar a comezos do seguinte curso académico.

Polo demais, do mesmo xeito que en 2021/2022, continuouse coa dinámica de celebración de xuntanzas presenciais segundo a periodicidade indicada na axenda elaborada pola Área de Calidade da UVigo, mantendo igualmente a posibilidade da asistencia virtual a través do Campus remoto para facilitar unha maior participación dos seus membros.

- ✓ Descrición de cambios na oferta formativa/ou de servizos

Durante o curso 2022/2023 tampouco se produciron modificacións substanciais nas tres titulacións do noso centro (grao en Xeografía e Historia, máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural e máster interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, coordinado pola USC). A única cuestión a ter en conta neste senso é que o alumnado do PCEO en Turismo e Xeografía e Historia puido comezar a cursar algunhas materias básicas que se imparten na nosa facultade no mesmo curso nivel en que o fan os seus compañeiros/as do grao en Xeografía e Historia, logo dun proceso negociador coa Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo, en cursos pasados, que frutificou precisamente neste que nos ocupa.

- ✓ Descrición de modificacións ou cambios na documentación do Sistema de Calidade.

Tampouco se produciu ningunha modificación ou cambio nos procesos rexistros do Manual de Garantía de Calidade propostos pola Área de Calidade da Uvigo; así que, sen lugar a dúbidas, o cambio máis salientable que se produciu en 2022/2023 no que atinxe á documentación do Sistema, consistiu na elaboración do Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Historia para o vindeiro trienio 2023-2026 (R1 DE 01), de acordo co contido e liñas estratéxicas

institucionais establecidas no Programa de Desenvolvemento Estratéxico da UVigo. A súa elaboración segundo os prazos establecidos na axenda de Calidade foi asumida coma un reto por parte do actual equipo directivo, que, para levala a cabo, contou coa colaboración da Área de Calidade e o apoio de toda a comunidade do centro. Logo da constitución dunha comisión específica encargada da súa elaboración (validada pola Comisión de Calidade en 21/11/2022 e aprobada pola Xunta de facultade en 24/11/2022), o documento foi traballado colectivamente e debatido pola Comisión de Calidade e os diversos sectores que integran a nosa comunidade educativa (PDI, PAS e estudiantado) e representantes da sociedade, para ser aprobado finalmente, en tempo e forma, pola Xunta de Facultade con data de 21/07/2023.

Obviamente, seguindo coa dinámica de traballo consolidada en cursos precedentes, tamén se procedeu a actualizar todos os rexistros do Sistema intentando axustar o proceso aos prazos establecidos na mencionada Axenda elaborada pola Área de Calidade. Porén, nalgún caso foi preciso demorar a elaboración e posterior validación e aprobación dalgún deles, debido á gran carga de traballo que supuxo na práctica o deseño e redacción do referido Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Historia, xunto coa preparación da documentación para o proceso de renovación da certificación do Sistema por parte da ACSUG. Cremos que é preciso deixar constancia desta circunstancia porque a ninguén se lle escapa que a sobrecarga de traballo que necesariamente requiriron ambos os dous procesos (por outra banda, imprescindibles para o correcto desenvolvemento da cultura de Calidade, e así o recoñecemos dende esta comisión), tanto en esforzos coma en enerxías empregadas, pode conlevar –coma de feito sucedeu no noso caso– un detrimento no seguimento dos rexistros do Sistema puntualmente axustado á referida axenda. Non debemos perder de vista que o tempo sempre é certamente limitado e que a simplificación dos rexistros do Sistema –sempre que sexa posible– pode contribuír a obter un mellor rendemento neste senso, sobre todo de cara a evitar que se poida dar o paradoxo de que a “Calidade perda calidade”, froito dunha sobrecarga de traballo. En todo caso, todos os rexistros requiridos foron subidos á plataforma do SIGC con regularidade.

Finalizaremos precisamente estas consideracións iniciais facendo mención á preparación da documentación para a recertificación do Sistema por parte da ACSUG, que tamén se levou a cabo durante o curso 2022/2023. Para a súa consecución contouse coa imprescindible colaboración da Técnica Superior de Calidade Raquel Gandón Chapela –actualmente directora da Área de Calidade da UVigo–, a quen tamén lle queremos expresar o noso agradecemento dende estas páxinas introdutorias. O documento para a Renovación do SGIC da Facultade de Historia para a súa avaliación por parte da ACSUG foi aprobado na Xunta de Facultade celebrada o día 21/07/2023; se ben o proceso non se puido dar por plenamente rematado ata que se produciu a visita da comisión delegada a comezos do mes de novembro dese mesmo ano, e a posterior emisión do seu informe. Porén, é preciso reiterar que a referida preparación tivo lugar durante o curso que nos ocupa. No IRSD correspondente ao vindeiro curso comentaremos a culminación exitosa deste proceso de re-certificación do Sistema, pero non debemos perder de vista que o groso do esforzo que requiriu a súa preparación se concentrou precisamente neste curso 2022/2023.

II. DATOS E INDICADORES

II.1 Resultados acadados

Presentamos a continuación nas seguintes táboas os resultados acadados polo centro e as súas titulacións oficiais durante o curso 2022/2023. O rexistro de resultados do panel de indicadores do SGC relativos ao centro e ás dúas titulacións dependentes del aparece recollido na Táboa II.1.1, e, á súa vez, o rexistro de resultados dos indicadores específicos do seguimento establecido por ACSUG na Táboa II.1.2. Coma xa se mencionou na presentación, tampouco se incluíron neste novo curso os datos relativos ao Máster interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, cuxa coordinación corresponde á USC, polos motivos xa aducidos.

Táboa II.1.1. Rexistro de resultados do panel de Indicadores do SGIC

Centro			<u>Facultade/Escola de Historia</u>			
Panel de Indicadores			Existe Meta de Calidade asociada (obxectivo de calidade)	<u>Resultado Curso 2022/2023</u>	<u>Resultado Curso 2021/2022</u>	<u>Resultado Curso 2020/2021</u>
Codg SGC	Codg ACSUG	Descrición				
I01-MC	E14	Certificación da implantación dos sistemas de calidade	Si: 100 %	Neste curso preparouse a documentación para o proceso de recertificación do Sistema de Garantía Interno de Calidade da Facultade de Historia, que haberá de rematar no vindeiro curso	Non procede	Non procede
I05-MC	I4	Grao satisfacción PAS	4,25	3,57	Non hai datos (enquisas bianuais)	3,73

I01-DO	E2	Seguimento das titulacións	Non	Neste curso non se realizou seguimento dos títulos xa que ningún deles vai ser avaliado pola ACSUG. O seguimento realízase de xeito global no Informe de Revisión pola Dirección	Neste curso non se realizou seguimento dos títulos xa que ningún deles vai ser avaliado pola ACSUG. O seguimento realízase de xeito global no Informe de Revisión pola Dirección	Neste curso non se realizou seguimento dos títulos xa que ningún deles vai ser avaliado pola ACSUG. O seguimento realízase de xeito global no Informe de Revisión pola Dirección
02-DO	E2	Acreditación das titulacións	Si: Grao en Xeografía e Historia. Acreditado	Non procede	Non procede	Non procede
			Si: Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural. Acreditado	Non procede	Non procede	Non procede

Titulación

Grao en Xeografía e Historia

Panel de indicadores			¿Existe Meta de calidade asociada aos obxectivos de calidade do centro? Indicar valor establecido	<u>Resultado Curso 2022/2023</u>	<u>Resultado Curso 2021/2022</u>	<u>Resultado Curso 2020/2021</u>
Codg SGC	Codg ACSUG	Descrición				
I02-MC	I4	Grao satisfacción estudiantado	3,1	3,32	2,64	3,84
I03-MC	I4	Grao satisfacción profesorado	4,4	4,33	Non hai datos (enquisas bianuais)	4,38
I04-MC	I4	Grao satisfacción persoas tituladas	3,1	4,20	4,05	4,21
I06-MC	I4	Grao satisfacción empregadores	4,5	9,19 (escala 0 -10)	4,79	3,67

I01-AC		Nota media de acceso	5,85	Táboa 2	Táboa 2	Táboa 2
I01(2)-AC		Nota mínima de acceso		5,120	5,00	5,35
I02-AC		Ocupación	105 %	120,00 %	117,50%	152,50%
I03-AC		Preferencia	100%	97,50 %	100,00%	125,00%
I03(2)-AC		Adecuación	80%	68,75 %	63,83%	63,93%
I04-AC	II	Matrícula de novo ingreso por preinscripción (Evolución do estudiantado matriculado en cada curso académico)	40 + 5 PCEO	48 + 8 PCEO	47 + 10 PCEO	61 + 11 PCEO
I03-DO	I8	Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado (Enquisas de Avaliación docente)	Non	40,45%	32,65%	Pedido dato a Área de Calidade
I04-DO	I8	Grao de satisfacción do estudiantado coa actividade docente do profesorado (Enquisas de avaliación docente)	Non	4,20	4,40	4,13 (Resultado provisional)
I05-DO		Grao de satisfacción do estudiantado coa planificación e desenvolvemento do ensino	3,5	3,40	2,87	3,77
I06-DO		Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino	4,3	4,37	Non hai datos (enquisas bianuais)	4,34
I07-DO		Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento	3,1	3,88	3,60	4,09

		do ensino				
I08-DO		Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas	Non	9,07 (escala sobre 10)	4,75	4,53
I09-DO	I3	Estudantes que participan en programas de mobilidade internacionais	Non	7	8	1
I09(2)-DO		Estudantes estranxeiros	Non	4	3	1
I010-DO		Duración media dos estudos	4,7	4,69	4,94	Aínda non publicada
I011-DO		Taxa de rendemento	65%	70%	68%	76%
I012-DO		Taxa de abandono	24%	14,75%	25,58%	21,43%
I013-DO		Taxa de eficiencia	90%	89,98 %	86%	96%
I014-DO		Taxa de graduación	40%	39,53%	31,48%	27,27%
I015-DO		Taxa de éxito	87%	84%	87%	91%
I016-DO		Tempo medio para atopar emprego	Non	Non hai datos	Non hai datos	Non hai datos
I017-PE	I7	Porcentaxe de PAS en formación	66%	81,89%	40,10%	68,59%
I017(2)-PE	I6	Profesorado en programas de formación		7	6	6
I02-PE		Cualificación do PDI	77%	25 de 37 (67,56%)	15 de 33 (45,45%)	20 de 26 (76,92%)
I03-PE		Resultados de investigación de carácter Académico (Sexenios)	85%	74,47 %	91,67%	90,91%
I03(2)-PE	Profesorado por categoría	Catedrático/a		1	1	1
		Titular de Universidade		9	9	7
		Contratado/a Doutor/a		3	2	2
		Axudante Doutor/a		4	2	2

	Titular de Escola	-	-	-
	Asociado/a	3	4	6
	Contratado/a predoutoral Xunta	1	1	1
	Contratado/a FPU	-	-	-
	Contratado/a interino	8	9	6
	Fellowsea	-	-	-
	Investigador/a distinguido/a (Ramón y Cajal)	1	1	1
	Profesor/a substituto/a	-	-	-
	Postdoutoral Xunta de Galicia modalidade A	-	1	-
	Investigador/a doutor/a	-	1	-
	Axuda Predoutoral Xunta	-	1	-
	Postos non docentes /No curso 22/23 inclúe esta categoría a un investigador distinguido (Ramón y Cajal)	5		
	Investigador/a Programa Margarita Salas	2		
	Non aplicable	1	1	-

Táboa II.1.2. Rexistro de resultados dos indicadores específicos do seguimento establecido por ACSUG:

Indicadores de Seguimento			Resultado Curso 2022/2023	Resultado Curso 2021/2022	Resultado Curso 2020/2021
E3-I2	Perfil de ingreso do alumnado (grao)	Bacharelato FP Maiores 25 Anos Grao en....	Táboa 1 e 2	Táboa 1 e 2	Táboa 1 e 2
I9	% de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA (quinquenal)		https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/universidade/calidade/programas/docencia/Docentia_informe_quinquenal_2014-19.pdf	Dato pendente de enviar pola Área de Calidade	2,17%
I10	Nº e % de profesorado que participa en programas de mobilidade	Nº	4	1 (dato da Facultade non da titulación)	0
		%			-
I11	Distribución do alumnado por centro de prácticas	Nome da empresa Entidade	https://historia.uvigo.es/images/docs/docencia/pe/listado_practicas_ggh_2022-23.pdf	http://historia.uvigo.es/images/docs/docencia/pe/listado_practicas_ggh_2021-22.pdf	http://historia.uvigo.es/images/docs/docencia/pe/listado_practicas_ggh_2020-21.pdf
I14	Resultados de inserción laboral		Non hai datos	Non hai datos	Non hai datos

I15	Media de alumnos por grupo de docencia	Tamaño grupos A	-	-	-
		Tamaño grupos B	43,14	41,55	34,33
		Tamaño grupos C	25,37	26,38	22,88

Titulación			<u>Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural</u>			
Panel de indicadores			¿Existe Meta de calidade asociada aos obxectivos de calidade do centro? Indicar valor establecido	<u>Resultado Curso 2022/2023</u>	<u>Resultado Curso 2021/2022</u>	<u>Resultado Curso 2020/2021</u>
Codg SGC	Codg ACSUG	Descrición				
I02-MC	I4	Grao satisfacción estudantado	3,1	2,97	4,23	3,10
I03-MC	I4	Grao satisfacción profesorado	4,3	4,28	Non hai datos (enquisas bianuais)	4,27
I04-MC	I4	Grao satisfacción persoas tituladas	3,1	2,84	O02M143V01 (non houbo respostas) O02M143V03 2,79	O02M143V01 4,60 O02M143V03 3,38
I06-MC	I4	Grao satisfacción empregadores	4,4	9,09 (escala sobre 10)	4,42	3,75
I01-AC		Nota media de acceso	6,8	7,143 ^{**2} Táboa 12	6,735 ^{*1**2} Táboa 12	6,22 ^{*1**2} Táboa 12
I01(2)-AC		Nota mínima de acceso		---	---	---
I02-AC		Ocupación	100%	100%	105,00%	82,61%
I03-AC		Preferencia	Non	Non se aplica para os títulos de mestrado	Non se aplica para os títulos de mestrado	Non se aplica para os títulos de mestrado
I03(2)-AC		Adecuación	Non	Non se aplica para os títulos de mestrado	Non se aplica para os títulos de mestrado	Non se aplica para os títulos de mestrado
I04-AC	I1	Matrícula de novo ingreso por preinscripción (Evolución do estudantado matriculado en cada curso a académico)	20	20	21	19

^{*1} Dado que a información subministrada pola Unidade de estudos e programas da UVigo combina medias en base 10 e en base 4 resulta imposible realizar un estudo de conxunto.

^{**2} Non inclúe a totalidade das notas de acceso dos matriculados.

I03-DO	I8	Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado (Enquisas de avaliación docente)	Non	26,56%	Pendente de publicar este dato	Pedido dato á Área de Calidade
I04-DO	I8	Grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado (Enquisas de avaliación docente)	Non	4,07	4,07	4,17 (resultado provisional)
I05-DO		Grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino	3,1	2,86	4,14	2,93
I06-DO		Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino	4,2	4,40	Non hai datos (enquisas bianuais)	4,28
I07-DO		Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino	3,5	2,71	O02M143V01 (non houbo respostas) O02M143V03 2,55	O02M143V01 4,60 O02M143V03 3,38
I08-DO		Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas	Non	9,24 (escala sobre 10)	4,19	4,67
I09-DO	I3	Estudantes que participan en programas de mobilidade internacionais	Non	Non consta ningún estudante	Non consta ningún estudante	1
I09(2)-DO		Estudantes estranxeiros	Non	Non consta ningún estudante	Non consta ningún estudante	2

I010-DO		Duración media dos estudos	1,5	1,8	2,00	Aínda non hai datos
I011-DO		Taxa de rendemento	55%	60%	54%	52%
I012-DO		Taxa de abandono	20%	52,63%	28,57%	12,50%
I013-DO		Taxa de eficiencia	80%	80%	90%	70%
I014-DO		Taxa de gradación	35%	40%	26,32%	52,38%
I015-DO		Taxa de éxito	96%	98%	97%	98%
I016-DO		Tempo medio para atopar emprego	Non	Non hai datos	Non hai datos	Non hai datos
I017-PE	I7	Porcentaxe de PAS en formación	Non	81,89%	40,10%	68,59%
I017(2)-PE	I6	Profesorado en programas de formación	Non	4	4	5
I02-PE		Cualificación do PDI	70%	19 de 33 (57,57%)	14 de 33 (42,42%)	15 de 31 (73%)
I03-PE		Resultados de investigación de carácter académico (Sexenios)	85%	79,05%	86,21%	90,91%
I03(2)-PE		Profesorado por categoría	Catedrático/a	1	1	1
			Titular	9	9	5
			Contratado/a Doutor/a	5	5	5
			Axudante	2	0	0
			Asociado/a	0	1	1
			Axudante doutor/a	0	2	4
			Contratado/a FPU	0	0	0
			Fellowsea	0	0	0
			Investigador/a distinguido/a (Ramón y Cajal)	0	2	1
			Externo (Non aplicable)	13	13	14
			Prof./a contratado/a de substitución	1	0	0
Postos non docentes Curso 22/23 inclúe a un investigador Ramón y Cajal	2	0	0			

II.1.2 Rexistro de resultados dos indicadores específicos do seguimento establecido por ACSUG:						
Indicadores de Seguimento				<u>Resultado</u> <u>Curso</u> <u>2022/2023</u>	<u>Resultado Curso</u> <u>2021/2022</u>	<u>Resultado Curso</u> <u>2020/2021</u>
E3	I2	Alumnado por titulación de procedencia (mestrado)	Bacharelato	Táboa 11	Táboa 11	Táboa 11
			FP			
			Maiores 25 Anos			
			Grao en....			
I9		% de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA (quinquenal)		2,20%	Dato pendente de enviar pola Área de Calidade	2,17%
I10		Nº e % de profesorado que participa en programas de mobilidade	Nº	2		1
			%	6,06% (2 de 33 profesores)	1 (dato da Facultade, non da titulación)	3,22%
I11		Distribución do alumnado por centro de prácticas	Nome da empresa Entidade	http://historia.uvigo.es/images/docs/docencia/pe/listado_practicas_mhtco3_2022-23.pdf	http://historia.uvigo.es/images/docs/docencia/pe/listado_practicas_mhtco3_2021-22.pdf	http://historia.uvigo.es/images/docs/docencia/pe/listado_practicas_mhtco3_2020-21.pdf
I14		Resultados de inserción laboral			Non hai datos	Non hai datos
I15		Media de alumnos por grupo de docencia	Tamaño grupos A	18,05	13,5	17
			Tamaño grupos B	16,409	13,5	17
			Tamaño grupos C	18,05	13,5	17

A continuación, recóllense na Táboa II.1.3 os resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais (O sinalado liñas arriba en relación coas Táboas II.1.1 e II.1.2 tamén é igualmente nesta Táboa II.1.3).

Táboa II.1.3. Resultados (desagregados) das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais

Titulación <u>Grao en Xeografía e Historia</u>				
	Resultados de Participación	Satisfacción xeral curso 2022/2023	Ítems/ epígrafes mellor valorados	Ítems/ epígrafes peor valorados
PAS	Total: 40%	H: 4,10	–	–
		M: 3,89	–	–
		Total: 3,94	- A información dispoñible para o alumnado: 4,63 - A comunicación cos/as responsables académicos/as do centro, departamentos e titulacións: 4,50 - A xestión das titulacións: 4,30	- A dotación do PAS adscrito: 2,56 - A formación para facilitar o desempeño das súas funcións: 3,50 - A información dispoñible sobre a xestión da calidade: 3,67
Titulacións <u>Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural</u>				
	Resultados de Participación	Satisfacción xeral curso 2022/2023	Ítems/epígrafes mellor valorados	Ítems/epígrafes peor valorados
PAS	Total: 24,0%	H: 3,00	–	–
		M: 2,99	–	–
		Total: 2,99	- A comunicación co alumnado: 3,67 - A comunicación con outros servizos que traballan no ámbito académico: 3,67	- A dotación do PAS adscrito: 1,67 - As instalacións e o equipamento onde realiza o seu traballo: 1,67
			- A información dispoñible para o alumnado: 3,50 - A comunicación cos/as responsables académicos/as do centro, departamentos e titulacións: 3,50 - A comunicación co profesorado: 3,50 - As canles para realizar queixas, suxestións e parabéns: 3,50 - A xestión das titulacións: 3,50	- As instalacións e o equipamento onde se desenvolven as titulacións do centro: 2,00
	- A información dispoñible na páxina web do centro: 3,17 - As vías de participación para a mellora da calidade: 3,17	- A formación para facilitar o desempeño das súas funcións: 2,33		

Enquisa PAS	Información Xeral	Comunicación	Recursos humanos	Recursos materiais e servizos	Xestión da calidade	Xeral
Graos	4,08	4,21	3,05	4,00	3,86	4,30
Mestrados	3,22	3,58	2,00	1,83	3,22	3,50

Titulación		Grao en Xeografía e Historia			
	Resultados de Participación	Satisfacción xeral curso 2022/2023	Ítems/ epígrafes mellor valorados	Ítems/ epígrafes peor valorados	
Alumnado	Total: 20%	H: 3,48	-	-	
		M: 3,06	-	-	
		Total: 3,32	- A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...): 3,88	- A implicación da Facultade/Escola na resolución de problemas e na mellora da titulación: 2,50	
			- O calendario das probas de avaliación: 3,75 - Os horarios da titulación: 3,75	- A coordinación entre as materias do plan de estudos: 3,00 - As aulas e o seu equipamento: 3,00	
	- O calendario das probas de avaliación: 3,63	- A atención ás queixas, suxestións ou incidencias (respostas, resolucións e posta en marcha de accións): 3,13 - A utilidade das prácticas da titulación: 3,14 - O cumprimento das tías expectativas formativas: 3,14			
Profesorado	Total: 63%	H: 4,38	-	-	
		M: 4,34	-	-	
		Total: 4,36	- A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web: 4,80 - A atención do PAS do centro: 4,80	- A capacidade do estudantado para aplicar as habilidades e destrezas adquiridas: 3,61	
			- A utilidade da información sobre a titulación publicada na web: 4,72	- A formación adquirida polo estudantado (coñecementos e contidos): 3,80	
	- O calendario das probas de avaliación: 4,68	- Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento: 3,85			

Persoas tituladas	Total: 23%	H: 4,32	-	-
		M: 3,72	-	-
		Total: 4,20	- Os programas de mobilidade, de ser o caso: 5,00 - Espazos para o traballo autónomo (biblioteca., aulas TIC...): 5,00	- A orientación profesional e laboral recibida: 3,50
			- A atención ás queixas, suxestións ou incidencias (resposta, resolución e posta en marcha de accións): 4,50 - Formación adquirida na práctica: 4,50 - Adecuación das tarefas ao perfil profesional e formación: 4,50	- O grado de actualización dos contidos do plan de estudos: 3,60
- O desempeño do profesorado: 4,40 - A axuda recibida do PAS do centro: 4,40 - As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: 4,40	- A distribución das materias do plan de estudos: 3,80			
Empregadores				

Enquisa	Organización e Desenvolvemento	Información e transparencia	Sistema de garantía de calidade	Recursos humanos	Recursos materiais e servizos	Resultados de aprendizaxe
Alumnado	3,40	3,63	2,81	3,43	3,20	3,33
Profesorado	4,37	4,63	4,41	4,47	4,33	3,71
Persoas tituladas ¹	3,88	4,10	4,38	4,40	4,50	4,10

¹Prácticas externas: 4,42

Titulación		Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural		
	Resultados de Participación	Satisfacción xeral curso 2022/2023	Ítems/ epígrafes mellor valorados	Ítems/ epígrafes peor valorados
Alumnado	Total 25,00%	H: 3,62 M: 3,54 Total: 3,58	- Os laboratorios, obradoiros e espazos experimentais, e o seu equipamento: 5,00 - Os espazos para o traballo autónomo (biblioteca, aulas TIC, e o seu equipamento) : 5,00	- A coordinación entre as materias do plan de estudos: 2,40 - A implicación da Facultade/Escola na resolución de problemas e na mellora da titulación: 2,40
			- As aulas e o seu equipamento: 4,00	- A orientación académica recibida no plan de acción tutorial: 2,60 - A atención ás queixas, suxestións ou incidencias (respostas, resolucións e posta en marcha de accións): 2,60 - A axuda recibida do persoal de administración e servizos do centro: 2,60
			- As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: 3,60	- A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...): 2,75
Profesorado	Total 45,00%	H: 4,15 M: 4,42 Total: 4,28	- Os horarios da titulación: 4,73	- A oferta de formación permanente da Universidade de Vigo para o profesorado: 3,80
			- O calendario das probas de avaliación: 4,67	- As prácticas realizadas nas materias da titulación: 3,92
			- Os espazos auxiliares (biblioteca...) e o seu equipamento: 4,55	- As canles de participación na mellora da titulación (caixa de QSP, delegación de alumnos, participación nas comisións, comunicación cos responsables da titulación...): 4,00 - A atención do persoal de administración e servizos do centro: 4,00

Persoas tituladas	Total: 57%	H: ---- M: 2,84 Total: 2,84	- As aulas e laboratorios: 5,00	- A orientación profesional e laboral recibida: 1,25
			- Duración das prácticas: 4,33	- A atención ás queixas, suxestións ou incidencias (resposta, resolución e posta en marcha de accións): 2,00 - Os programas de mobilidade, de ser o caso: 2,00
			- O grao de actualización dos contidos do plan de estudos: 3,75	- A orientación académica recibida: 2,25
Empregadores				

Enquisa	Organización e Desenvolvemento	Información e transparencia	Sistema de garantía de calidade	Recursos humanos	Recursos materiais e servizos	Resultados de aprendizaxe
Alumnado	2,86	3,21	2,50	2,60	4,00	2,70
Profesorado	4,40	4,26	4,00	3,89	4,54	4,07
Persoas tituladas ¹	2,71	3,00	2,13	2,43	3,29	2,75

¹Prácticas externas: 3,67

Recóllese a continuación na Táboa II.1.4, os indicadores correspondentes ás materias das titulacións oficiais.

Táboa II.1.4 Indicadores por materia

Titulación		G251 Grao en Xeografía e Historia							
Panel de indicadores por materia									
Materia	% Taxa de éxito (IM01)			% Taxa de avaliación (IM02)			% Taxa de rendemento (IM03)		
	2022-23	2021-22	2020-21	2022-23	2021-22	2020-21	2022-23	2021-22	2020-21
G251101 Xeografía: Fundamentos de xeografía física	70,45	95,24	92,86	89,80	80,77	93,33	63,27	76,92	86,67
G251102 Historia: Introdución á etnoloxía	85,11	95,92	100,00	97,92	90,74	89,66	83,33	87,04	89,66
G251103 Arte: Linguaxes e técnicas artísticas	70,83	60,00	94,44	96,00	81,63	94,74	68,00	48,98	89,47
G251104 Idioma moderno: Inglés para humanidades	93,88	92,68	92,86	92,45	83,67	87,50	86,79	77,55	81,25
G251105 Historia de América precolombina e colonial	63,93	74,07	67,19	96,83	78,26	88,89	61,90	57,97	59,72
G251201 Xeografía: Fundamentos de xeografía humana	52,00	94,74	51,16	83,33	81,43	65,15	43,33	77,14	33,33
G251202 Historia: Introdución á historiografía	100,00	97,22	100,00	92,73	64,29	80,88	92,73	62,50	80,88
G251203 Arte: Arte clásica	100,00	81,08	95,83	85,11	78,72	80,00	85,11	63,83	76,67
G251204 Teoría e método da arqueoloxía	79,55	90,00	84,48	88,00	76,92	90,63	70,00	69,23	76,56
G251205 Prehistoria universal	96,15	81,08	98,18	94,55	75,51	83,33	90,91	61,22	81,82
G251301 Xeografía: Espazos e sociedades	91,67	83,67	100,00	85,71	90,74	88,57	78,57	75,93	88,57
G251302 Historia: Fontes de información en humanidades	86,11	91,11	94,44	80,00	77,59	83,72	68,89	70,69	79,07

G251303 Historia antiga universal	94,44	91,67	96,97	85,71	88,89	86,84	80,95	81,48	84,21
G251304 Historia medieval universal	100,00	82,50	100,00	91,30	85,11	84,62	91,30	70,21	84,62
G251305 Paleografía	71,43	71,70	86,49	75,00	75,71	66,07	53,57	54,29	57,14
G251401 Historia: Metodoloxía da historia	50,00	71,74	84,21	76,92	71,88	76,00	38,46	51,56	64,00
G251402 Historia moderna universal	48,65	77,08	72,22	75,51	78,69	78,26	36,73	60,66	56,52
G251403 Historia contemporánea universal	84,85	100,00	100,00	78,57	78,85	87,18	66,67	78,85	87,18
G251404 Historia da arte medieval	74,36	92,31	97,14	82,98	81,25	83,33	61,70	75,00	80,95
G251405 Arqueoloxía aplicada	97,22	97,87	95,00	94,74	88,68	93,02	92,11	86,79	88,37
G251501 Historia antiga da Península Ibérica	93,18	93,94	96,67	91,67	94,29	90,91	85,42	88,57	87,88
G251502 Historia da arte moderna	88,57	72,41	84,38	60,34	67,44	78,05	53,45	48,84	65,85
G251503 Historia medieval da Península Ibérica	97,50	90,91	100,00	81,63	94,29	90,63	79,59	85,71	90,63
G251504 Prehistoria da Península Ibérica	79,55	81,82	83,87	84,62	84,62	93,94	67,31	69,23	78,79
G251505 Xeografía aplicada. Territorio e paisaxe	92,98	53,33	61,11	73,08	52,63	54,55	67,95	28,07	33,33
G251601 Historia contemporánea de España	76,60	73,33	92,00	73,44	71,43	73,53	56,25	52,38	67,65
G251602 Historia da arte contemporánea	92,68	97,30	96,15	89,13	86,05	74,29	82,61	83,72	71,43
G251603 Historia moderna de España	52,27	72,73	86,96	72,13	70,21	63,89	37,70	51,06	55,56
G251604 Mundo actual	86,84	88,00	100,00	73,08	78,13	93,10	63,46	68,75	93,10
G251605 Sistemas de representación xeográfica	80,95	76,32	75,00	77,78	84,44	92,31	62,96	64,44	69,23
G251901 Historia de América contemporánea	100,00	100,00	100,00	89,29	72,22	82,61	89,29	72,22	82,61
G251903 Lingua clásica: Introducción á lingua e cultura latinas	–	–	100,00	–	–	100,00	–	–	100,00
G251904 Historia das relixións	100,00	94,44	93,33	97,06	66,67	100,00	97,06	62,96	93,33

G251905 Historia antiga do noroeste da Península Ibérica	84,21	100,00	100,00	90,48	73,33	85,00	76,19	73,33	85,00
G251906 Historia da arte de Galicia	90,00	100,00	96,15	62,50	78,57	92,86	56,25	78,57	89,29
G251907 Historia medieval de Galicia	95,83	95,00	86,21	96,00	90,91	93,55	92,00	86,36	80,65
G251908 Xeografía de Galicia	100,00	100,00	88,89	42,86	70,00	75,00	42,86	70,00	66,67
G251909 Historia do poder e das institucións	–	–	–	–	–	–	–	–	–
G251910 Mentalidade, identidade e cambio social	100,00	100,00	100,00	89,29	79,17	93,94	89,29	79,17	93,94
G251911 Historia contemporánea de Galicia	100,00	100,00	100,00	85,71	76,92	76,47	85,71	76,92	76,47
G251912 Historia moderna de Galicia	92,31	100,00	88,89	92,86	41,67	75,00	85,71	41,67	66,67
G251913 Prehistoria do noroeste da Península Ibérica	100,00	92,31	89,47	95,00	68,42	100,00	95,00	63,16	89,47
G251981 Prácticas externas	100,00	100,00	100,00	93,10	89,66	85,71	93,10	89,66	85,71
G251991 Traballo de Fin de Grao	100,00	100,00	100,00	44,90	44,90	43,59	44,90	44,90	43,59

Titulación <u>Mestrado en Valoración, protección e xestión do patrimonio cultural</u>									
Panel de indicadores por materia									
Materia	% Taxa de éxito (IM01)			% Taxa de avaliación (IM02)			% Taxa de rendemento (IM03)		
	2022-23	2021-22	2020-21	2022-23	2021-22	2020-21	2022-23	2021-22	2020-21
M143101 Concepto e Categorias do Patrimonio Cultural	100,00	100,00	100,00	100,00	85,71	84,21	100,00	85,71	84,21
M143102 Valor e Significado do Patrimonio Cultural	100,00	100,00	100,00	84,21	80,95	73,68	84,21	80,95	73,68

M143103 Protección Xurídica do Patrimonio Cultural	94,74	88,89	86,67	95,00	81,82	78,95	90,00	72,73	68,42
M143104 Figuras de Intervención e Xestión de Proxectos	100,00	100,00	100,00	78,26	65,22	63,64	78,26	65,22	63,64
M143105 Novos Modos de Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	100,00	93,33	100,00	76,00	65,22	60,87	76,00	60,87	60,87
M143107 Técnicas de Representación CAD do Patrimonio	94,12	94,44	100,00	85,00	85,71	77,78	80,00	80,95	77,78
M143108 Tecnoloxías SIG para o Inventario do Patrimonio Cultural	100,00	80,00	91,67	62,07	55,56	52,17	62,07	44,44	47,83
M143109 Técnicas de Documentación Cartográfica 2D e 3D do Patrimonio Cultural	100,00	100,00	100,00	75,00	54,17	57,14	75,00	54,17	57,14
M143110 Técnicas de Prospección do Subsolo Superficial	94,12	100,00	88,89	70,83	56,00	50,00	66,67	56,00	44,44
M143111 Introducción á topografía e produción cartográfica	100,00	100,00	100,00	59,09	63,64	68,42	59,09	63,64	68,42
M143207 Caracterización e Documentación Histórico-Artística	88,89	100,00	100,00	60,00	50,00	50,00	53,33	50,00	50,00
M143208 Territorios e Paisaxe Cultural	85,71	100,00	100,00	53,85	55,56	40,00	46,15	55,56	40,00

M143209 Historia, Memoria, Identidade e Patrimonio Cultural	81,82	100,00	100,00	64,71	44,44	57,14	52,94	44,44	57,14
M143210 Difusión e Socialización do Patrimonio Cultural	100,00	100,00	100,00	75,00	93,75	66,67	75,00	93,75	66,67
M143211 Deseño de Exposicións e Modelos Expositivos	100,00	100,00	100,00	46,15	66,67	38,46	46,15	66,67	38,46
M143212 Patrimonio Arquitectónico, Territorio e Paisaxe Urbana	100,00	100,00	100,00	46,15	66,67	46,67	46,15	66,67	46,67
M143213 Prácticas	100,00	100,00	100,00	75,00	42,86	50,00	75,00	42,86	50,00
M143214 Traballo Fin de Mestrado	100,00	100,00	100,00	30,56	24,24	28,57	30,56	24,24	28,57
M143215 Educación patrimonial e innovación social	100,00	80,00	100,00	75,00	68,75	60,00	75,00	68,75	60,00
M143216 Patrimonio cultural e turismo	100,00	100,00	100,00	50,00	100,0	66,67	50,00	100,00	66,67
M143217 Introducción á avaliación estrutural de construcións patrimoniais	–	100,00	100,00	–	22,22	33,33	–	22,22	33,33
M143218 Técnicas non destrutivas para a avaliación do patrimonio cultural inmovible	100,00	100,00	100,00	55,56	41,67	20,00	55,56	41,67	20,00

Informes de cualificación por materia: Grao en Xeografía e Historia

Materia	Non Presentado	Suspenseo	Aprobado	Notable	Sobresañte	Matrícula de Honra	Apto por compensación
G251101	Xeografía: Fundamentos de xeografía física	5	13	11	19	1	–
G251102	Historia: Introducción á etnoloxía	1	7	12	22	5	1
G251103	Arte: Linguaxes e técnicas artísticas	2	14	14	11	7	2
G251104	Idioma moderno: Inglés para humanidades	4	3	31	13	1	1
G251105	Historia de América precolombina e colonial	2	22	17	20	–	2
G251201	Xeografía: Fundamentos de xeografía humana	10	24	17	7	–	2
G251202	Historia: Introducción á historiografía	4	–	29	19	1	2
G251203	Arte: Arte clásica	7	–	17	10	11	2
G251204	Teoría e método da arqueoloxía	6	9	26	9	–	–
G251205	Prehistoria universal	3	2	18	31	1	–
G251301	Xeografía: Espazos e sociedades	6	3	14	12	5	2
G251302	Historia: Fontes de información en humanidades	9	5	22	9	–	–
G251303	Historia antiga universal	6	2	13	15	4	2
G251304	Historia medieval universal	4	–	15	20	6	1
G251305	Paleografía	14	12	21	8	–	1
G251401	Historia: Metodoloxía da historia	12	20	15	4	1	–
G251402	Historia moderna universal	12	19	14	3	–	1
G251403	Historia contemporánea universal	9	5	17	11	–	–
G251404	Historia da arte medieval	8	10	17	9	1	2
G251405	Arqueoloxía aplicada	2	1	8	20	6	1
G251501	Historia antiga da Península Ibérica	4	3	13	11	15	2
G251502	Historia da arte moderna	23	4	17	12	2	–

	Materia	Non Presentado	Suspenseo	Aprobado	Notable	Sobresaiñte	Matrícula de Honra	Apto por compensación
G251503	Historia medieval da Península Ibérica	9	1	18	16	3	2	–
G251504	Prehistoria da Península Ibérica	8	9	22	10	3	–	–
G251505	Xeografía aplicada. Territorio e paisaxe	21	4	45	3	5	–	–
G251601	Historia contemporánea de España	17	11	21	12	3	–	–
G251602	Historia da arte contemporánea	5	3	13	7	16	2	–
G251603	Historia moderna de España	17	21	17	4	2	–	–
G251604	Mundo actual	14	5	21	11	1	–	–
G251605	Sistemas de representación xeográfica	12	8	19	13	2	–	–
G251901	Historia de América contemporánea	3	–	10	12	2	1	–
G251904	Historia das relixións	1	–	14	12	6	1	–
G251905	Historia antiga do noroeste da Península Ibérica	2	3	5	7	3	1	–
G251906	Historia da arte de Galicia	6	1	1	2	6	–	–
G251907	Historia medieval de Galicia	1	1	15	1	6	1	–
G251908	Xeografía de Galicia	4	–	1	1	1	–	–
G251910	Mentalidade, identidade e cambio social	3	–	6	17	2	–	–
G251911	Historia contemporánea de Galicia	1	–	1	1	3	1	–
G251912	Historia moderna de Galicia	1	1	4	4	3	1	–
G251913	Prehistoria do noroeste da Península Ibérica	1	–	9	7	3	–	–
G251981	Prácticas externas	2	–	3	2	22	–	–
G251991	Traballo de Fin de Grao	25	–	–	6	12	4	–

Informes de cualificación por materia: Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Materia	Non Presentado	Suspenso	Aprobado	Notable	Sobresánte	Matrícula de Honra
M143101 Concepto e Categorías do Patrimonio Cultural	–	–	1	9	8	1
M143102 Valor e Significado do Patrimonio Cultural	3	–	–	12	3	1
M143103 Protección Xurídica do Patrimonio Cultural	1	1	5	10	3	–
M143104 Figuras de Intervención e Xestión de Proxectos	5	–	–	5	12	1
M143105 Novos Modos de Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	6	–	5	8	5	1
M143107 Técnicas de Representación CAD do Patrimonio	3	1	6	9	1	–
M143108 Tecnoloxías SIG para o Inventario do Patrimonio Cultural	11	–	1	7	9	1
M143109 Técnicas de Documentación Cartográfica 2D e 3D do Patrimonio Cultural	6	–	4	8	6	–
M143110 Técnicas de Prospección do Subsolo Superficial	7	1	6	9	1	–
M143111 Introducción á topografía e produción cartográfica	9	–	2	7	3	1
M143207 Caracterización e Documentación Histórico-Artística	6	1	2	2	3	1
M143208 Territorios e Paisaxe Cultural	6	1	1	5	–	–
M143209 Historia, Memoria, Identidade e Patrimonio Cultural	6	2	5	4	–	–
M143210 Difusión e Socialización do Patrimonio Cultural	4	–	–	6	5	1
M143211 Deseño de Exposicións e Modelos Expositivos	7	–	–	–	6	–
M143212 Patrimonio Arquitectónico, Territorio e Paisaxe Urbana	7	–	1	2	3	–
M143213 Prácticas	4	–	1	1	10	–
M143214 Traballo Fin de Mestrado	26	–	–	6	5	1
M143215 Educación patrimonial e innovación social	3	–	–	6	3	–
M143216 Patrimonio cultural e turismo	7	–	1	3	2	1

MI43217 Introducción á avaliación estrutural de construcións patrimoniais	5	-	-	-	-	-
MI43218 Técnicas non destrutivas para a avaliación do patrimonio cultural inmovible	4	-	1	2	1	1

II.1.5. Outros indicadores propios do centro/ título (validados pola UEP)

Na facultade de Historia non hai indicadores propios, tampouco nos títulos que se imparten.

II.1.6. Datos relativos a QSP recibidas

Queixas	Sinalar (se procede) á titulación á que corresponden	Resultado Curso 2022-23	Resultado Curso 2021-22	Resultado Curso 2020-21
Relativas á:	Docencia	2		1
Relativas á:	Infraestruturas			
Relativas á:	Servizos			
Relativas á:			
Suxestións				
Relativas á	Docencia			
Relativas á	Infraestruturas			
Relativas á	Servizos			
Relativas á	Equipo decanal			
Parabéns				
Relativas á	Docencia			1
Relativas á	Infraestruturas			
Relativas á	Servizos			
Relativas á	Actividade extra-académica			1

II.1.7. Estado de situación dos rexistros de calidade do sistema

*Neste epígrafe, bastará con incluír como anexo un resumo extraído da aplicación informática de xestión documental do SGC como o que se amosa no exemplo. (As datas que van entre paréntese son as fixadas na Axenda elaborada pola Área da Calidade da UVigo para facer público o correspondente rexistro; mentres que as que non van entre paréntese indican a data real na que se aprobou en Xunta de Facultade e se fixo público).

Rexistros de calidade de centro					
Rexistro	Procedemento	Estado do rexistro	Data límite de entrega	Observacións	Documentos Adxuntos
<u>R1-DE01 - Programa de estratéxico do centro</u>	DE-01 P1 - Planificación estratéxica	Completado	21/07/2023 (30/09/2023)	https://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DE-01.pdf	
<u>R1-DE02 P1 - Panel de indicadores</u>	DE-02 P1 - Seguimento e Medición	Completado	07/06/2023 (31/05/2023)	https://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DE-02_P1_2021-22.pdf	
<u>R1-DE03 P1 - Informe de revisión do sistema pola dirección</u>	DE-03 P1 - Revisión do sistema pola dirección	Completado	07/03/2023 (15/03/2023)	https://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DE-03_P1_2021-22.pdf	
<u>R1-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a modificación dunha titulación</u>	DO-0101 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	Non procede			
<u>R2-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a acreditación dunha titulación</u>	DO-0101 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	Non procede			
<u>R1-DO0201 P1 - PDA</u>	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado	20/07/2023 (31/07/2023)	https://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/actas_xf/Acta_XF_20230317.pdf	
<u>R4-DO0201 P1 - Procedemento para o seguimento e control da docencia</u>	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado	21/07/2023 (31/07/2023)	https://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R4_DO-0201_P1_2023-24.pdf	

Registros de calidade de centro

Registro	Procedemento	Estado do rexistro	Data límite de entrega	Observacións	Documentos Adxuntos
<u>R4-DO0201 P1 - Procedemento para o seguimento e control da docencia</u>	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado	21/07/2023 (31/07/2023)	https://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R4_DO-0201_P1_2023-24.pdf	
<u>R1- DO0202 P1 - Plan de Promoción do Centro</u>	DO-0202 P1 - Promoción das titulacións	Completado	15/11/2023 (31/10/2023)	https://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0202_P1_2023-24.pdf	
<u>R1- DO0301 P1 - Plan operativo de información pública</u>	DO-0301 P1 - Información pública e rendemento de contas	Completado	07/06/2023 (31/03/2023)	https://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0301_P1_2022-23.pdf	
<u>R2- PE01 P1 - Identificación das necesidades de formación do centro</u>	PE-01 P1 - Xestión do PAS	Completado	17/03/2023 (31/12/2022)	https://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_R2_PE-01_P1_2022-23.pdf	
<u>R1- PE01 P1 - Identificación das necesidades do PAS do centro</u>	PE-01 P1 - Xestión do PAS	Completado	17/03/2023 (31/12/2022)	https://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_R2_PE-01_P1_2022-23.pdf	
<u>R2- PE02 P1 - Informe de responsables académicos</u>	PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador- PDI	Non hai datos			
<u>R3- PE02 P1 - Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas</u>	PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador- PDI	Completado	17/03/2023 (31/12/2022)	https://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R3_PE-02_P1_2022-23.pdf	
<u>R4- PE02 P1 - Ficha Programa/actividade de formación</u>	PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador- PDI	Non se desenvolveu ningún programa/actividade de formación			

Rexistros de calidade de centro

<u>Rexistro</u>	<u>Procedemento</u>	<u>Estado do rexistro</u>	<u>Data límite de entrega</u>	<u>Observacións</u>	<u>Documentos Adxuntos</u>
<u>IT01-PA08 - Plan de actuación de servizos permanentes do centro</u>	PA08 - Xestións dos servizos	Completado	10/03/2023	https://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/IT02-PA08_2022-23.pdf	
<u>IT02-PA08 - Informe de resultado dos servizos contratados</u>	PA08 - Xestións dos servizos	Completado	10/03/2023	https://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/IT02-PA08_2022-23.pdf	
<u>IT01-PA07 - Criterios de selección de recursos materiais e provedores</u>	PA07 - Xestións dos recursos materiais	Completado	07/11/2022	https://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/IT02-PA07_2022-23.pdf	
<u>IT02-PA07 - Ficha de solicitude</u>	PA07 - Xestións dos recursos materiais	Completado	07/11/2022	https://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/IT02-PA07_2022-23.pdf	
<u>Acta da comisión de calidade - Acta da comisión de calidade</u>	Actas - Actas da comisión de calidade	Completado	Curso 2022/2023	https://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/actas_cc/Acta_CC_20221121.pdf https://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/actas_cc/Acta_CC_20221219.pdf https://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/actas_cc/Acta_CC_20230224.pdf https://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/actas_cc/Acta_CC_20230531.pdf https://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/actas_cc/Acta_CC_20230714.pdf	
<u>Doc - Documentación Complementaria</u>	Doc- Documentación Complementaria	Non houbo			
<u>R1-DO0102 P1 - Informe anual de seguimento da titulación</u>	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Non procede			

Registros de calidade de centro

<u>Registro</u>	<u>Procedemento</u>	<u>Estado do rexistro</u>	<u>Data límite de entrega</u>	<u>Observacións</u>	<u>Documentos Adxuntos</u>
<u>R2-DO0102 P1 - Informe anual de avaliación da titulación</u>	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Non procede			
<u>R3-DO0102 P1 - Informes de revisión interna</u>	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Non procede			
<u>R1-DO0103 P1 - Resolución de extinción dunha titulación</u>	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	Non procede			
<u>R2-DO0103 P1 - Orde de suspensión e de revogación dunha titulación publicada no DOG</u>	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	Non procede			
<u>R2- DO201 P1 - POD</u>	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado	31/07/2023 (31/07/2023)	https://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R4_DO-0201_P1_2023-24.pdf	
<u>R3- DO201 P1 - Informe de Coordinación</u>	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado	15/11/2022 (31/10/2023)	Grao: https://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0201_P1_2022-23.pdf Mestrado: https://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0201_P1_mhtco3_2022-23.pdf	
<u>R1- DO0203 P1 - Plan de acción tutorial</u>	DO-0203 P1 - Orientación ao alumnado	Completado	08/07/2022	https://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0203_P1_2022-23.pdf	
<u>R2- D00203 P1 - Informe final de avaliación do PAT</u>	DO-0203 P1 - Orientación ao alumnado	Completado	21/12/2023 (29/12/2023)	Grao: https://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R2_DO-0203_P1_2022-23.pdf Mestrado: https://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R2_DO-0203_P1_mhtco3_2022-23.pdf	

<u>R1- DO0204 P1 - Criterios de asignación das prácticas curriculares</u>	DO-0204 P1 - Xestión das prácticas académicas externas	Completado	08/07/2022	Aprobación e prórroga https://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0204_P1_2022-23.pdf
---	--	------------	------------	--

II.1.8. Outros datos (que queira resaltar o centro)

Inclúese no apartado *VIII. Anexos* do presente IRSD o autoinforme de seguimento que se realizou na USC do Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, no cal participa o noso Centro, referido ao curso académico 2022/2023. Para maior aclaración remitimos ao xa indicado nos Aspectos introdutorios do presente documento.

II. ANÁLISE DE RESULTADOS DAS TITULACIÓNS DO CENTRO -SEGUIMENTO DAS TITULACIÓNS

Seguimento da titulación: Grao en Xeografía e Historia e PCEO en Turismo e Xeografía e Historia

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

Valoración xenérica

Un curso máis, neste que nos ocupa –2022/2023–, os programas formativos do Grao e do PCEO desenvolvéronse con regularidade segundo os criterios que están fixados nas súas respectivas Memorias verificadas. A docencia foi impartida de xeito presencial¹ e, do mesmo xeito que nos dous cursos académicos precedentes, continuouse impartindo sincronamente na meirande parte das materias a través da plataforma de teledocencia da Uvigo (Campus remoto).

Tal como sinalamos na introdución, a diferenza dos dous cursos precedentes, debido á escasa participación do alumnado do PCEO nas enquisas de satisfacción, tomouse a decisión de eliminar do presente informe as gráficas relativas a dita titulación para o trienio que se toma de referencia. Polo tanto, os seus resultados serán igualmente comentados, posto que este alumnado comparte as mesmas materias, se ben o peso principal da nosa análise haberase de centrar nas notas a rodapé pola escasa representación que -polos motivos que xa sinalamos en páxinas precedentes- estes teñen para o curso 2022/2023.

Reflexión/Xustificación

Comezaremos por sinalar que no curso 2022/2023 volveuse a acadar, por sexta vez de xeito consecutivo, o número mínimo esixido pola Xunta de Galicia de alumnado matriculado en primeira matrícula nas titulacións universitarias de grao do SUG que, coma sucede co noso caso, se imparten nun campus periférico (45). Segundo se pode observar no Gráfico 1, o número de estudantes de primeira matrícula sitúase en 48, un máis que no curso precedente, polo que podemos comprobar que a súa tendencia é a se situar no nivel acadado no curso académico que coincidiu co confinamento (2019/2020).

Pola súa banda, no que se refire ao número de alumnado de primeira matrícula do PCEO en Turismo e Xeografía e Historia, este situouse en 8 sen lograr cubrir as 10 prazas ofertadas. No pasado IRSD correspondente ao curso 2021/2022 xa se sinalou que se estaba a constatar unha redución significativa do alumnado do Grao de Turismo e que era posible que esta situación se puidese trasladar á dita dobre titulación. É posible que nos atopemos no inicio dun cambio na tendencia positiva rexistrada ata o momento na primeira matrícula do PCEO, que, particularmente no noso caso, non tería repercusións negativas na evolución do alumnado de primeira matrícula².

¹ Lémbrese que dende o pasado curso 2021-2022 voltouse á docencia totalmente presencial nas aulas da UVigo, logo do sistema de quendas vixente en 2020-2021.

² Téñase en conta o xa sinalado en relación co alumnado de primeira matrícula do Grao en Xeografía e Historia para este curso 2022/2023 que nos ocupa: 48 estudantes, isto é 40 + 8; aos que lle debemos sumar os + 2 computables a partir do PCEO.

Gráfico 1. Estudantes de primeira matrícula no Grao en Xeografía e Historia (n.º)





Gráfico 2. Alumnado matriculado na modalidade semipresencial no Grao en Xeografía e Historia (%)



No que atinxe á evolución da porcentaxe do alumnado matriculado na modalidade semipresencial do Grao, representada no Gráfico 2, conséntase unha situación intermedia entre os valores máis elevados acadados nos cursos de 2016/2017, 2017/2018 e 2018/2019, cando chegou a representar unha quinta parte do total da primeira matrícula, e mesmo no precedente de 2021/2022 no que se acadou o máximo histórico da serie, chegando a superar lixeiramente a cuarta parte do total; e aqueles outros cursos nos que se situaron os valores máis baixos entre o 8 e o 10% (2014/2015, 2019/2020 e 2020/2021). O 16,66% resultante é indicativo, polo tanto, de que a alza notable constatada en 2021/2022 non tivo continuidade no curso seguinte e, así mesmo, que as oscilacións resultantes que se derivan da evolución desta variable nos animan a ser cautelosos coa súa valoración. Lémbrese senón o paradoxo que rexistramos en 2021/2022, cando o referido aumento porcentual do alumnado semipresencial coincidiu co retorno á docencia presencial. Deberemos agardar, pois, ao valor do vindeiro curso 2023/2024 para comprobar se se mantén a tendencia á baixa, ou ben se produce unha nova oscilación que inflúa positivamente no novo resultado.

Gráfico 3. Taxa de ocupación do Grao en Xeografía e Historia (%)





Gráfico 4. Taxa de preferencia do Grao en Xeografía e Historia (%)



A diferenza do curso 2021/2022, neste 2022/2023, o mantemento –cun lixeirísimo ascenso– da primeira matrícula deixou tras de si unha influencia diferenciada na evolución das taxas de ocupación e preferencia (Gráficos 3 e 4): mentres que no caso da primeira logrouse amortiguar a caída rexistrada entón, evidenciándose agora unha lixeirísima recuperación de 2,5 puntos porcentuais; porén, na segunda, produciuse á inversa unha nova baixada de 2,5 puntos porcentuais negativos. Deste xeito, lógrase superar a meta do 105% fixada para a taxa de ocupación, pero non a do 100% da de preferencia. Malia que nesta segunda o valor do diferencial negativo sobre a meta fixada é moi baixo, consideramos que non podemos valorar o dito resultado como positivo.

A Táboa 1 permítenos comprobar como, unha vez máis, a modalidade de ingreso predominante entre o noso alumnado de primeira matrícula é a de aqueles/as que teñen a súa orixe na Ensinanza Secundaria: se no pasado trienio de referencia (2019/2020 a 2021/2022) representaron o 89,33%, agora (2020/2021 a 2022/2023) volven a se situar nun valor parello tras acadar un 88,46%. Seguen a predominar, polo tanto, os/as que cursaron


previamente Bacharelato e accederon aos estudos superiores logo de aprobar o exame da ABAU, e confirmase a tendencia xa sinalada nos anteriores IRSD. Así mesmo, logo da lixeira subida do alumnado de primeira matrícula procedente de FP en 2021/2022 (8,51%), a baixada rexistrada para o curso que nos ocupa (7,05%), volve a situar a este colectivo estudantil no conxunto da primeira matrícula máis próximo ao nivel baixo de 2019/2020 (6,81%) e a afastarse do 15% acadado en 2018/2019. Ademais, do mesmo xeito que en 2021/2022, tamén en 2022/2023 contabilizouse un estudante de primeira matrícula do grupo de maiores de 25 anos.

Táboa 1. Modalidade de ingreso do Grao en Xeografía e Historia

Modalidade de ingreso				Total por modalidade	
	2022/2023	2021/2022	2020/2021	nº	%
Accreditación ou credencial de equivalencia ou homologación do título de bacharel	1	0	0	1	0,64
Procedentes de Ensinanza Secundaria - Con PAAU (Título de Bacharelato do Sistema Educativo Español)	43	41	54	138	88,46
Procedentes de Ensinanza Secundaria - Sen PAAU	0	0	0	0	0,00
Título de Grao	0	1	0	1	0,64
Título de Licenciado	0	0	1	1	0,64
Procedentes de Formación Profesional (Título Superior de Formación Profesional)	4	4	3	11	7,05
Título Superior de Artes Plásticas e Deseño	1	0	0	1	0,64
Título de Diplomado/Mestres	0	0	0	0	0,00
Acceso para maiores de 25 anos (Proba de acceso específica)	1	1	0	2	1,28
Acceso por validación de estudos estranxeiros	0	0	1	1	0,64
Total	50	47	59	156	100

Se nos fixamos na nota media de acceso ao grao, os datos de 2022/2023 permítenos confirmar a hipótese xa sinalada no anterior IRSD referido a 2020/2021, de que –tal como sospeitabamos– o valor acadado entón nesta variable (unha nota media de 8,02) non foi en absoluto alleo aos bos resultados que en xeral obtivo o alumnado de ensinanzas medias na proba da ABAU na nosa comunidade autónoma durante o segundo cuadrimestre do curso 2019/2020, coincidindo co confinamento sanitario. Así, logo da subida que se rexistrou na nota media de acceso entre 2017/2018 (cunha moi modesta 6,43) e o dito 2020/2021, agora volve a descender por segundo curso consecutivo para se situar nun 7,47. Do mesmo xeito que sucedeu en 2021/2022, tamén en 2022/2023 movémonos entre valores pre-pandémicos (inferiores ao máximo acadado en 2019/2020), pero cunha novidade que non pasa desapercibida no Gráfico 5 e que debemos ter en conta. Por primeira vez, dende que incluínos a valoración deste dato nos nosos informes a nota media de acceso do estudantado masculino supera ao do estudantado feminino. De feito, a deste segundo é mesmo inferior á dos cursos 2018/2019 a 2021/2022, rexistrando unha tendencia progresivamente á baixa entre 2020/2021 e 2022/2023. Trátase dun resultado certamente preocupante, posto que a nota media de acceso do noso estudantado feminino viña contribuindo a amortiguar os valores realmente baixos da nota media de acceso ao grao por parte do conxunto do noso estudantado. Así que posiblemente esteamos diante dun indicio de tendencias diferenciadas na elección de titulacións universitarias entre alumnado feminino e masculino. Pola contra, o modestísimo incremento da nota media de acceso do noso alumnado masculino, que supera nun cuarto de punto á do colectivo feminino, non permite recuperar as case que seis décimas de baixada que se rexistraron neste segundo. Reiteramos pois a nosa preocupación, habida conta dos valores tan alarmantemente baixos que acadou esta variable de xeito continuado entre os cursos 2016/2017 e 2019/2020; e agardamos que poida mellorar este dato no vindeiro 2023/2024.

Gráfico 5. Nota media de acceso ao Grao en Xeografía e Historia



Na Táboa 2, recóllense as notas medias de acceso desagregadas en función dos diferentes estudos que cursou previamente o noso estudiantado e que facilitaron o seu acceso á titulación. De novo, debemos constatar neste IRSD que a desagregación diferenciada dos datos nos tres cursos de referencia (2020/2021, 2021/2022 e 2022/2023) non permite levar a cabo unha análise comparativa dos mesmos, polo que sería de desexar que a Unidade de Análises e Programas da UVigo tivese en conta esta circunstancia de cara á realización dunha valoración completa desta cuestión e non parcial, para dispoñer de cifras que podan ser visualizadas dende unha perspectiva global para todo o alumnado de primeira matrícula, indistintamente dos estudos que realizaron previamente para acceder á titulación. Segundo os datos dispoñibles, podemos constatar que se entre 2019/2020 e 2021/2022 as notas máis elevadas tenderan a se concentrar no alumnado procedente do Bacharelato, en 2022/2023 este colectivo ocupa o segundo posto por detrás da nota media de acceso acadada polos/as que ingresaron no grao logo de acadar o Título Superior de Artes Plásticas e Deseño. Do mesmo xeito que en cursos anteriores, a nota mínima de acceso á titulación seguiu estando fixada en 5, e por terceiro curso consecutivo o número de estudantes de primeira matrícula cunha nota de acceso por debaixo do 6, que representa o nivel do aprobado, volveu a se situar sitúa en 4. Agora ben, se en 2020/2021 estes supuxeran o 6,55% de todo o estudiantado de primeira matrícula, porén, en 2022/2023 (8,33% do total) acadaron unha representatividade semellante á de 2021/2022 (8,51% do total). Isto é, por segundo curso consecutivo, moi preto de un de cada dez alumnos/as matriculados/as por vez primeira no noso Grao, accederon aos estudos superiores cunha cualificación inferior a un 6.

Táboa 2. Modalidade de ingreso e nota media de acceso do Grao en Xeografía e Historia

Curso	Modalidade de ingreso	Estudos de acceso	Nota media de acceso Home	Nota media de acceso Muller	Nota media de acceso Promedio
2020/2021	Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - con probas	Título de Bacharelato do Sistema Educativo Español	8,305	8,737	8,417
	Título de Licenciado/a	Título de licenciatura do sistema universitario español	—	9,193	9,193
	Por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudos estranxeiros	Acreditación ou credencial de homologación do título de bacharel	—	7,340	7,340
	Títulos Superiores de Formación Profesional, Artes Plásticas e Deseño e Ensinanzas Deportivas	Título Superior de Formación Profesional	6,480	8,420	7,127
2021/2022	Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - con probas	Título de Bacharelato do Sistema Educativo Español	7,887	7,855	7,880
	Maiores de 25 Anos	Proba de acceso específica	6,580	—	6,580
	Títulos de grao	Título de grao do sistema universitario español	7,830	—	7,830
	Títulos Superiores de Formación Profesional, Artes Plásticas e Deseño e Ensinanzas Deportivas	Título Superior de Formación Profesional	7,373	—	7,373
2022/2023		Proba de acceso específica	6,890	—	6,890
		Acreditación ou credencial de equivalencia ou homologación do título de bacharel	—	6,700	6,700
		Título Superior de Formación Profesional	6,840	7,795	7,318
		Título Superior de Artes Plásticas e Deseño	8,110	—	8,110
		Título de Bacharelato do Sistema Educativo Español	8,242	7,353	7,973

Táboa 3. Modalidade de ingreso e nota media do PCEO en Turismo e Xeografía e Historia

Curso	Modalidade de ingreso	Estudios de acceso	Nota media de acceso Home	Nota media de acceso Muller	Nota media de acceso Promedio
2022/2023	Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - con probas	Título de Bacharelato do Sistema Educativo Español	8,305	8,737	8,417
	Título de Licenciado/a	Título de licenciatura do sistema universitario español	—	9,193	9,193
	Por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudos estranxeiros	Acreditación ou credencial de homologación do título de bacharel	—	7,340	7,340
	Títulos Superiores de Formación Profesional, Artes Plásticas e Deseño e Ensinanzas Deportivas	Título Superior de Formación Profesional	6,480	8,420	7,127

En relación co PCEO en Turismo e Xeografía e Historia, a nota media de acceso do estudantado matriculado no seu primeiro curso reflicte só en parte a dinámica xa coñecida de cursos anteriores (Táboa 3). Así, esta segue a superar á do alumnado de primeira matrícula do Grao, cun 8,14, polo tanto case sete décimas superior á daqueles/as outros/as. Porén, ráchase a suba continua da mesma que se viña dando dende 2019/2020, cando dun 7,6 se pasou primeiro a un 8,12 en 2020/2021 e logo a un 8,26 en 2021/2022. O dato de 2022/2023 representa, como se pode observar, un retroceso ao nivel acadado dous cursos antes e é posible que vaia asociado á baixada da matrícula non só nesta titulación de dobre grao, senón tamén á do Grao en Turismo (ambas as dúas titulacións, noutra orde de cosas, dependentes doutro centro do noso campus universitario), e mesmo unha perda de interese por esa titulación. Os resultados dos cursos vindeiros serán decisivos para confirmar se o dito descenso na nota do alumnado de primeira matrícula pode gardar neste caso certa relación coa mencionada diminución no número de estudantes matriculados/as, posto que é posible que a redución da demanda estea a afectar ao nivel académico do posible alumnado matriculado. Haberá que agardar pois a futuros IRSRD para confirmar, ou –como así o desexamos– refutar esta hipótese. O que si se pode constatar á luz dos datos de que dispomos na actualidade é que, fronte ao diferencial dun 0,75 entre a nota media de acceso do estudantado do PCEO que previamente obtivo o Título de Bacharelato do Sistema Educativo Español, en relación co seu homónimo que accedeu ao grao en 2021/2022, neste curso que nos ocupa, a dita diferenza reduciuse a algo menos de medio punto. Semella que a converxencia entre ambas as dúas titulacións tan desexada e necesaria noutros criterios que son analizados neste mesmo documento (habida conta de que se trata de alumnado que comparte as mesmas materias impartidas polo mesmo profesorado), desgrazadamente se está a acadar neste ao nos referir a este dato en concreto.

Na procedencia xeográfica de todo o alumnado matriculado tanto no Grao coma no PCEO, pódese comprobar como se reforzan algunhas das tendencias que xa foron detectadas no informe correspondente a 2021/2022 (Táboa 4), cunha serie de matices que pasamos a comentar. En primeiro lugar, consolídase a tendencia cara o descenso do alumnado procedente da provincia de Ourense, superando mesmo á caída producida no curso anterior. Así, se entre 2020/2021 e 2021/2022 esta situouse en torno aos catro puntos e medio porcentuais, ao pasar do 45,87% ao 41,42% entre ambos os dous cursos, voltou a aumentar de novo en 2022/2023, ao representar o alumnado auriense o 34,6% sobre o total matriculado no Grao; isto é, na práctica representa só algo máis dun terzo do total, logo de producirse unha perda de 6,82 puntos porcentuais dun curso para outro. Esta caída non é allea á que tamén se observa entre o estudantado oriúndo do propio concello de Ourense: se en 2021/2022 supuxo o 25,23% do total matriculado, en 2022/2023 baixou ata o 18,69%, deixando tras de si unha perda de 6,54 puntos porcentuais, moi próxima pois á que ofrece o conxunto da provincia; e o dito descenso tamén se traslada ao peso deste mesmo alumnado sobre total do

estudiantado de orixe ourensá: se en 2021/2022 o procedente do concello capitalino representou o 60,91% do total provincial, en 2022/2023 baixou ata o 54% cunha baixada dun 6,9 porcentual entre os dous cursos. Se en 2021/2022 relacionabamos o referido descenso coa evolución demográfica de signo negativo que está a experimentar na actualidade a provincia de Ourense –que non é alleo ao que se rexistra no conxunto da Galicia interior–, sendo aínda daquela a provincia que maior número de alumnado aportaba á titulación, neste curso que nos ocupa é evidente que o dito descenso tamén debe ser posto en relación cunha baixada na demanda do posible estudiantado procedente do concello capitalino. En consecuencia, sen renunciar a manter e aínda incrementar os labores de captación nas restantes provincias galegas, coidamos que se deben desenvolver accións orientadas especificamente a captar alumnado na provincia de Ourense; accións que, ademais das específicas da Facultade, pasan pola potenciación das xornadas «Coñece o campus», nas que se leva insistindo dende a nosa Facultade dende a primavera de 2022, co fin de visibilizar o potencial conxunto do mesmo.

En segundo termo, coidamos que se ten consolidado entre unha parte do noso estudiantado a súa procedencia pontevedresa, con preferencia daqueles/as que son oriúndos/as da cidade de Vigo e concellos próximos. Así, por cuarto curso consecutivo, observamos que este representa en torno a un terzo do total, cunha porcentaxe idéntica ao alumnado de orixe auriense (34,6%) que pode estar indicando que é posible que teñamos acadado o nivel máximo de captación nesta provincia (2019/2020: 33,1%; 2020/2021: 29,38% e 2021/2022: 30,47%). Ao respecto desta cifra que valoramos satisfactoriamente, debemos sinalar que se trata da segunda das dúas provincias meridionais que soe aportar o maior número de estudantes ás titulacións da nosa universidade; e tamén o traballo de promoción da nosa facultade realizado nos centros de Ensino Secundario da mesma. E, en terceiro, consolídase o aumento progresivo da representatividade do estudiantado de orixe coruñesa e luguesa, repetindo, unha vez máis, os postos terceiro e cuarto respectivamente sobre o total matriculado no grao (2019/2020: 13% de Coruña e 5,9% de Lugo; 2020/2021: 15,46% de Coruña e 7,22% de Lugo; e 2021/2022: 17,61% de Coruña e 8,57% de Lugo). No caso da Coruña, que case chega a aportar unha quinta parte do total, cun 18,22%, a maior parte deles concéntrase –un terzo do total coruñés– na cidade herculina e concellos limítrofes; e, á súa vez, en Lugo, onde por vez primeira se logra superar o 10% no grao (cun 10,74%), na capital provincial e en concellos meridionais coma Chantada, Carballedo e mesmo Monforte de Lemos, vencellados á capital ourensá –respectivamente, con algo máis dun cuarto e moi próximo a un terzo do total lugues–.

Táboa 4. Procedencia xeográfica do alumnado matriculado no Grao e no PCEO no curso 2022/2023

Procedencia xeográfica	Grao en Xeografía e Historia (a)		PCEO Grao en Xeografía e Historia e Grao en Turismo (b)		Total	
	n.º	% sobre titulación (a)	n.º	% sobre titulación (b)	n.º	% sobre o total
Galicia						
Coruña, A	39	18,22	4	12,9	43	17,5
Lugo	23	10,74	0	0	23	9,4
Ourense	74	34,6	15	48,4	89	36,3
Pontevedra	74	34,6	12	38,7	86	35,1
Provincias doutras comunidades autónomas						
Barcelona	1	0,46	0	0	1	0,4
Madrid	1	0,46	0	0	1	0,4
Outros países						
Brasil	1	0,46	0	0	1	0,4
Colombia	1	0,46	0	0	1	0,4
Total	214	100	31	100	245	100

Reiteramos pois o xa sinalado no IRSD de 2021/2022 ao valorar positivamente o feito de que a meirande parte do noso estudantado non teña por que proceder necesariamente da provincia de Ourense; na medida en que se trata dun dato que poderíamos tomar como indicativo de que a demanda da formación que ofrece o noso centro é susceptible de ter superado o ámbito estritamente local e provincial. Lémbrese, sen ir máis lonxe, que foi xustamente a situación contraria rexistrada coincidindo cos primeiros cursos de impartición da nosa titulación, cando era evidente o predominio do alumnado ourensán na primeira matrícula, a que influíu de xeito negativo na tendencia que chegou a describir entón a dita primeira matrícula, levándonos mesmo a ter que redactar un plan de viabilidade. Así que o traballo realizado a partir de entón encamiñado cara a captación do novo alumnado doutras provincias –especialmente na de Pontevedra– contribuíu a que, seis cursos académicos despois –que é no que nos atopamos–, teñamos que nos referir a unha situación que é obxectivamente contraria.

Mesmo os resultados procedentes da ficha inicial do PAT que se lle pasou ao alumnado de primeira matrícula coincidindo co acto de benvida institucional, logo de realizar unha modificación da mesma que permitise dispoñer dunha información o máis completa posible sobre as súas verdadeiras motivacións á hora de escoller a nosa titulación para cursar os seus estudos superiores, e que aplicamos por vez primeira neste 2022/2023, tenden a reiterar esta nova situación por moi provisorios que sexan ao non ser cuberta a devandita enquisa pola totalidade do alumnado matriculado. Así, do alumnado de primeira matrícula que cubriu esta enquisa, o de orixe pontevedresa supón un terzo (33,33%) –polo tanto, coincide co que xa sinalamos para o total do estudantado–, seguido do oriúndo de A Coruña (30,56%) –que mesmo chega a escalar aquí un novo banzo ata se situar no segundo posto–, en terceiro lugar polo de Ourense (25%) –que, como se pode comprobar, baixa ata o terceiro posto– e, en cuarto e último, Lugo (11,11%) –coincidindo, unha vez máis, co xa indicado para o conxunto do noso alumnado– (datos procedentes do Informe de avaliación do PAT-ANEAE do curso 2022-2023, accesible en https://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R2_DO-0203_P1_2022-23.pdf).

Porén, coidamos que, malia a tratarse de bos datos, seguen a estar presentes dúas ameazas que xa detectamos o curso pasado e que fariamos mal en eludir. En primeiro lugar, cremos que é posible que se teña acadado o máximo de captación de alumnado de primeira matrícula no que debemos considerar na actualidade o noso primeiro –se nos fixamos no estudantado de primeira matrícula– ou segundo –se tomamos de referencia o total do noso alumando– foco xeográfico de atracción do noso posible estudantado: a provincia de Pontevedra, tal como parece deducirse do seu novo estancamento e que mesmo puidera apuntar a unha tendencia máis ou menos próxima ao descenso. E en segundo, e seguramente bastante máis preocupante na actual conxuntura, tal como vimos sinalando dende hai dous cursos seguidos, e reiterando literalmente o xa sinalado no IRSD de 2021/2022, é moi probable que entre o estudantado con residencia próxima a outros campus universitarios galegos nos que se imparten titulacións semellantes á nosa (referímonos en concreto a contidos teóricos e prácticos impartidos, pero non a plans formativos), se teñan decantado pola nosa titulación ante a imposibilidade de se poder matricular neses outros centros de ensinanza superior, ben pola súa nota media de acceso (o cal redundará na ameaza que para a nosa titulación supoñen as pretensións de determinadas facultades pertencentes a outras universidades do SUG de incrementar o número de prazas ofertadas), ben por condicionantes económicos. Calquera quebra –por mínima que sexa– no actual equilibrio derivado da estratexia desenvolvida por eses outros centros en relación coa primeira matrícula do seu respectivo estudantado, pode afectar moi seriamente á nosa titulación. Así que obviar esta preocupante circunstancia implicaría unha interpretación nesgada e non completa da evolución positiva que presenta por sexto curso consecutivo a primeira matrícula no noso grao, como tamén da progresiva e notable ampliación que ten experimentado a orixe xeográfica do noso novo alumnado. Engádase a isto o inicio doutras titulacións, como por exemplo, a de Relacións Internacionais, que xusto se comezou a impartir no noso campus no curso que nos ocupa, posto que, aínda que existe de notas medias de acceso altas, podería chegar a se converter nunha portencial ameaza.

Pode que os datos referidos a todo o alumnado matriculado en 2022/2023 nos seis cursos do PCEO en Turismo e Xeografía e Historia sexan ilustrativos, en certo sentido, dos posibles problemas que se poderían presentar no caso

de que se chegase a producir esa situación. De partida, cremos que é bastante probable que a baixada que se ten producido no alumnado interesado en cursar o Grao en Turismo nos últimos cursos no noso mesmo campus universitario, poda ter afectado á baixada que tamén se rexistra por segundo curso consecutivo na evolución da primeira matrícula na referida dobre titulación. Evidentemente, non é este o lugar para tratar as causas que poden estar detrás da mencionada baixada na matrícula do título en Turismo, posto que non está adscrito ao noso centro, como tampouco para valorar a posible incidencia que nesa tendencia poda chegar a ter a impartición dende 2019/2020 dun grao análogo nun campus universitario central galego, e non periférico como é o noso, onde se viña impartindo dende bastante antes, en concreto dende o curso 2003/2004. O que si podemos constatar para o conxunto do alumnado matriculado no PCEO é que os datos de 2022/2023 nos deberían de poñer en alerta. Primeiro, porque estes son negativos por segundo curso consecutivo no que atinxe á primeira matrícula. Segundo, porque a diferenza do que aconteceu en 2021/2022, cando os datos parecían suxerir a posibilidade da consolidación dunha dinámica análoga á do Grao en relación coa procedencia xeográfica do alumnado, no curso que nos ocupa se produciron certos cambios que tampouco podemos deixar pasar por alto. Se entón a provincia de Ourense cedera o primeiro posto a Pontevedra, agora o volve a recuperar (2020/2021: 53,54%; 2021/2022: 38,88%; e 2022/2023: 48,4%) localizándose na capital provincial algo máis da metade do alumnado de orixe ourensá. Isto é, atendendo á súa procedencia xeográfica, o alumnado con maior representación na dobre titulación procede da provincia galega na que o descenso demográfico resulta máis preocupante na actualidade. Pola súa banda, Pontevedra descende ata o segundo posto cun 38,7% por debaixo do máximo acadado en 2021/2022 (44,44%), se ben superior ao 25,19% de 2020/2021, pero tan só cun único alumno procedente da cidade do Lérez, polo que a meirande parte se concreta en núcleos semi-urbanos. Mentres que no estudantado de Coruña rexístrase un descenso –aínda lixeiro– ao pasar do 13,38% en 2021/2022 ao actual 12,9% en 2022/2023 (e con só un único estudante procedente dunha das tres cidades desta provincia), e no caso de Lugo sinxelamente non houbo ningún alumno matriculado no PCEO, logo de que en 2021/2022 xa houbera unicamente un.


Centrándonos na organización e desenvolvemento do plan formativo, este levouse a cabo no 2022/2023 de xeito presencial e con total normalidade nas aulas durante todo o curso académico –tal como xa acontecera no precedente 2021/2022–, pero nesta ocasión xa sen a recomendación sanitaria de empregar a máscara por parte de todos/as os/as usuarios/as; e así mesmo continuando coa opción individual –totalmente persoal e voluntaria– de que o docente puidese á vez conectarse ao Campus remoto para impartir de xeito síncrono a súa docencia. Neste sentido, a diferenza do curso anterior, a experiencia acumulada contribuíu a que se rexistrasen menos problemas á hora de respectar os horarios fixos de inicio e remate das clases, posto que foron menos os problemas técnicos e de conexión que afectaron á mencionada docencia síncrona. En boa medida, isto debeuse a que a comezos de curso se fixo unha revisión detallada de todos os equipos informáticos que se empregan nas aulas. Pero faremos ben en insistir, unha vez máis, en que a viabilidade da docencia síncrona, que no noso caso é voluntaria, pasa necesariamente por que os equipos estean perfectamente preparados e a conexión remota debidamente establecida cando o/a profesor/a entre na aula a desenvolver a súa labor docente, posto que nesta cada minuto conta para o correcto desenvolvemento do plan formativo das materias.

Para rematar con este criterio, pasamos a valorar a continuación os resultados obtidos tanto nas enquisas de satisfacción como nas enquisas de avaliación docente (EADs). Comezando polas primeiras, é evidente que no curso 2022/2023 se consolidou no noso centro a tendencia á baixa participación nas mesmas ao acadar un moi modesto 20%, mesmo cinco punto inferior ao 25% de 2021/2022 e tres veces e media menos do 71,43% de 2020/2021, cando por vez primeira detectamos síntomas desta tendencia á dita baixada, e que no pasado IRSD mesmo cualificamos de «desfeita» en toda regra. De feito, neste curso, a nosa porcentaxe de participación chegou a se situar exactamente no mesmo valor que se acadou globalmente por parte de todo o alumnado da UVigo. Trátase, polo tanto, un curso máis, dun mal resultado que no noso caso deberíamos considerar como unha continuación da nosa particular adecuación ao que semella ser un comportamento estandarizado entre o alumnado da nosa universidade. E poda que se trate dunha circunstancia que tenda a cronificarse co tempo, a non ser que se opte por estratexias que contemplan levar ex profeso en masa ao estudantado a cubrilas; unha opción que, no noso centro en particular, non se contempla como

posible alternativa por parte do actual equipo directivo, posto que consideramos que iría claramente en detrimento da liberdade do individuo para elixir por si mesmo se decide cubrir ou non unhas enquisas programadas para ser cubertas precisamente de xeito voluntario e, ademais, mesmo podería resultar contraproducente dende o punto de vista da fiabilidade das mesmas polo rexeitamento que accións deste tipo poderían provocar nun alumnado ao que deberíamos considerar o suficientemente maduro para decidir se participar ou non nas mesmas. É inxente –e mesmo nalgúns casos incomprendible– a enorme cantidade de enquisas en liña á que está permanentemente sometido na actualidade o noso estudantado e, en xeral, toda a comunidade educativa, non sempre relacionadas coa súa formación académica ou cos seus intereses, e cremos que esta sobreexposición pode ter contribuído a xerar certo comportamento de rexeitamento cara as enquisas en xeral, e máxime se este non comprende a súa implicación. Certamente, tanto de motu propio como seguindo as indicacións recibidas dende a Área de Calidade, se lle lembrou reiteradamente ao alumnado do curso 3.º, tanto na aula correspondente por parte do titor e dunha parte do profesorado coma a través do correo web, a importancia que teñen as mencionadas enquisas de satisfacción para a mellora continua da Calidade; pero é evidente que a baixa participación, por segundo curso consecutivo, está a indicar que este sinxelamente segue sen apreciar a súa referida importancia, ou ben simplemente considera que a non existencia de graves problemas ou disfuncións non require unha meirande implicación nun proceso de mellora continua que non acaban de percibir como algo que resulta beneficioso para o seu proceso de ensinanza-aprendizaxe. Neste sentido, gustaríanos facer un último comentario ao respecto sobre a valoración que fixemos no informe do curso 2021/2022, no que ademais de se producir a dita caída na participación, tamén se evidenciou unha baixada nos valores acadados nos diversos ítems que se contemplan nestas enquisas. Faciamos referencia entón a que a promoción a cuxos integrantes lles correspondeu enchelas puidera estar condicionada por toda unha serie de factores relacionados co confinamento e logo coa volta á nova realidade co sistema de quendas. Porén, é evidente que a recuperación neses mesmos valores, os cales analizamos no presente documento, conxugada coa nova baixada que se volve a producir un curso máis na participación nas enquisas de satisfacción, nos está a indicar que a sobrecarga de enquisas e a apuntada percepción seguramente foron os principais factores que interviñeron na baixa participación constatada daquela. Isto é, á vista dos datos de 2022/2023, non semella que a baixa participación que se produciu en 2021/2022 obedece a unha cuestión puntual.

Feita pois esta aclaración, tal como intuímos en 2021/2022, e a diferenza do exposto a propósito da porcentaxe de participación do estudantado nas enquisas de satisfacción, os resultados acadados nos diversos ítems deste criterio tenden a medrar en 2022/2023. A nivel global, o resultado medio das seis preguntas que este abrangue sitúase agora nun 3,4, o cal nos afasta do 2,89 de 2021/2022 para achegarnos ao 3,77 de 2020/2021; iso si, aínda medio punto por debaixo do 3,9 de 2019/2020. O máis salientable é que, agás no ítem relativo á coordinación entre as materias, que exactamente se sitúa no valor da mediana (3), nos cinco restantes se supera o dito valor. Entre estes atópase, tal como se pode comprobar no Gráfico 6, a valoración do PAT, que se volve a situar en niveis aceptables logo da caída xeneralizada que experimentaron todos os valores dos distintos criterios das enquisas de satisfacción en 2021/2022. Tal como sinalamos liñas arriba ao nos referir á evolución do número da primeira matrícula, neste curso que nos ocupa, implementouse a reforma da ficha de detección de primeiras necesidades que cubre o noso estudantado matriculado no curso 1.º durante o acto de benvida institucional; ademais, incorporáronse dous novos/as profesores/as tutores/as para atender ao alumnado que segue os seis cursos do programa formativo do PCEO. Con todo, se temos en conta que estas enquisas de satisfacción son cubertas polo alumnado de 3.º curso, é evidente que a súa alza garda máis relación cunha mellor valoración por parte dos integrantes da dita promoción que con estas novidades, posto que en puridade aínda deberemos agardar ata o curso 2024/2025 para comprobar se estas reformas implementadas no PAT no curso que nos ocupa son susceptibles de trasladarse ao valor acadado por este ítem (posto que será entón cando lle corresponda encher as enquisas de satisfacción ao alumnado que comezou os seus estudos do Grao en Xeografía e Historia en 2022/2023). Pero o que si podemos afirmar á vista dos resultados obtidos é que, cando menos en relación con este criterio, volven a ser de signo positivo, e esta é unha cuestión que valoramos satisfactoriamente.

Gráfico 6. Satisfacción do alumnado co criterio 1. Organización e desenvolvemento (Grao)



Tal como sinalamos ao inicio do presente documento, segundo se nos informou dende a Área de Calidade logo de realizar a correspondente consulta, a baixísima participación do alumnado do PCEO nas enquisas de satisfacción, cun único alumno, non pode ser representativa do colectivo ao que pertence. Por este motivo, a diferenza de anteriores IRSD, non incluímos neste un gráfico complementario ao anterior e limitámonos unicamente a indicar o valor acadado neste criterio pola única persoa que respostou, evitando na medida do posible realizar consideracións ao respecto, debido á súa nula representatividade. Se nos cursos pasados, este criterio sempre acadou unha valoración certamente baixa (2019/2020: 2,34; 2021/2022: 3,02; e 2021/2022: 2,38), neste presente, o resultado global deste criterio procedente desa única persoa foi de 2,17. Gustaríanos sinalar, iso si, que ao tratarse do primeiro curso no que este alumnado do PCEO tivo o seu profesorado-titor propio no noso Centro, aínda tratándose dun único resultado, pode que a medida incorporada ao PAT non teña contribuído aínda a mitigar a baixa valoración que este estudantado ven tendo do mesmo. Engádase a isto, o esforzo de adecuación dos horarios que tamén se realizou en 2022/2023 co obxecto de atenuar a baixa valoración que viña tendo este ítem nas mencionadas enquisas. Non nos estenderemos máis ao respecto, pero queremos deixar constancia de que é moi probable que estes datos recollidos nas enquisas de satisfacción para o estudantado que cursa o dobre grao, estean trasladando ao noso Centro valoracións propias da outra facultade coa que compartimos a titulación –que non conta cun PAT específico para atender as problemáticas específicas deste alumnado–, e viceversa. Trátase tan só dunha hipótese, pero a súa sinxela formulación ponnos en alerta sobre a idoneidade dunhas enquisas de satisfacción que é probable que, cando menos en certos elementos que son obxecto de valoración nelas, estean contribuíndo a ofrecer unha imaxe distorsionada de realidades concretas que logo lle corresponde analizar as comisións de Calidade. Adiantamos que esta non é a única reflexión que facemos ao respecto no presente informe.

Pola súa banda, a diferenza do curso 2021/2022, no que tan só unha única persoa egresada cubriu as enquisas de satisfacción, impedíndonos dispoñer de datos representativos, neste que nos ocupa o fixeron 5 sobre 22 (como se pode comprobar, tamén presenta unha porcentaxe de participación baixa). O valor obtido neste criterio referido á Organización e desenvolvemento foi de 3,88; polo tanto, algo superior ao xa comentado para o alumnado de 3.º curso da titulación neste actual 2022/2023, pero escasamente superior á media de 3,77 que este mesmo estudantado agora egresado presentou nas enquisas de satisfacción cando lle correspondeu a súa promoción cursar o 3.º curso do Grao no ano académico en 2020/2021. Podemos seguir afirmando que os/as nosos/as egresados/as teñen unha mellor valoración dos estudos cursados que o alumnado que aínda se atopa cursándoos; porén, á vista deste último dato sinalado, tamén podemos afirmar que a percepción que teñen as persoas egresadas enquisadas en 2022/2023 apenas mellorou da que tiñan cando cursaron o 3.º curso do Grao.

Se nos fixamos agora nos resultados procedentes das EAD, que si enche todo o alumnado da titulación, estas ofrécennos unha serie de datos que claramente contribúen a matizar algúns dos resultados derivados das enquisas de satisfacción. Comezaremos reiterando o xa sinalado en 2021/2022 respecto do método que se emprega na actualidade para levalas a cabo, o cal seguimos a considerar pouco idóneo. Estas se veñen realizando sistematicamente a través dunha plataforma telemática dende o curso 2019/2020 (isto é, dende o curso do confinamento sanitario), logo dunha previa experiencia piloto por parte da Área de Calidade coa que se pretendía, á vez, mellorar a representatividade e a obxectividade dos resultados obtidos nas ditas enquisas. Aínda que para cubrilas é preciso que o profesorado dea o seu permiso, unha parte do PDI segue sen comprender por que, logo de recuperarse totalmente a docencia presencial, non se ten recuperado igualmente o sistema que se viña empregando antes do mencionado curso para realizar as ditas enquisas de xeito presencial nas aulas. É evidente que a pretendida mellora da súa representatividade e obxectividade semella pouco compatible cun sistema de enquisa on-line que facilita a participación dunha parte do alumnado que –alén do seu absentismo da aula– non segue de xeito sistemático o plan formativo de todas e cada unha das materias da titulación. En consecuencia, máis que solucionar o problema de partida, está contribuíndo a aumentalo, posto que como é posible realizar unha valoración obxectiva da actividade desenvolvida polos/as docentes cando sinxelamente se descoñece –mesmo en certas ocasións absolutamente– esa actividade docente? É preciso pois que, cando menos, o profesorado conte coa posibilidade de poder fixar o día en que as ditas EAD se poden encher, tal como sucedía cando se realizaban de xeito presencial na propia aula. E téñase en conta que facemos esta reflexión a pesar de que valoramos positivamente os nosos resultados obtidos nestas enquisas en 2022/2023. Para empezar, a porcentaxe de participación situouse nun 40,45%, isto é, case oito puntos porcentuais maior á de 2021/2022 (cun 32,65%); pero ademais, esta duplica á participación rexistrada nas enquisas de satisfacción no curso que nos ocupa. Velaí un novo dato que nos debe facer reflexionar sobre as actuais enquisas de satisfacción. En segundo lugar, produciuse unha lixeira baixada na valoración global do Grao por parte do estudiantado ao pasar dun 4,4 en 2021/2022 ao actual 4,18 en 2022/2023, localizándose o valor máis baixo xusto no 3.º curso (cun 4), ao cal lle corresponde, por certo, cubrir as enquisas de satisfacción. Tamén o resultado global do noso Centro experimentou unha redución dunha décima, ao pasar dun 4,26 en 2021/2022 ao actual 4,16. Porén, un curso máis, os nosos valores seguen a ser superiores ao valor medio das titulacións de grao na UVigo (4,07) e ao global de todas as titulacións da institución (4,09).

Noutra orde de cousas, debemos indicar que se produciu un salientable incremento do alumnado incorporado aos programas de mobilidade, puidendo considerar o curso 2022/2023 como excepcional neste sentido. Se reparamos no programa de mobilidade internacional ERASMUS, foron 11 os/as estudantes seleccionados na nosa facultade, superando aos cursos precedentes (2019/2020: 5; 2020/2021: 2; e 2021/2022: 6). Destes, 6 realizaron a súa estada durante o curso completo –4 en universidades polacas e 2 en homólogas italianas– e outros/as 5 no transcurso do primeiro cuadrimestre –2 en universidades da República Checa, 2 de Polonia e 1 de Bulgaria–. Así mesmo, o noso Centro recibiu no marco deste mesmo programa a 4 estudantes procedentes doutros países europeos: 3 de Bosnia e Herzegovina e 1 de Italia. Porén, os resultados foron máis cativos se nos fixamos no programa de mobilidade nacional SICUE, no que participou tan só unha estudante nosa seguindo o curso completo nunha universidade andaluza, e outra foránea –procedente dunha universidade valenciana– que seguiu o curso completo na nosa facultade. Seguindo coa dinámica consolidada en cursos pasados, a coordinación de Relacións Exteriores do Centro (que, como indicamos no apartado do informe inicial, cambiou de responsable a mediados de curso) realizou un seguimento pormenorizado deste alumnado cun contacto permanente.

Finalizaremos a valoración deste criterio cos resultados obtidos nas enquisas de satisfacción cubertas polo PDI, as cales se realizan bianualmente. A súa participación baixou dun 73,08% en 2020/2021 ao 63% en 2022/2023, cunha redución de dez puntos porcentuais entre un curso e outro. En parte, esta baixada resposta novamente á problemática xa comentada sobre o exceso de enquisas a que está sometida no seu conxunto a comunidade que integrou noso Centro, e non sempre referidas á labor docente que se leva a cabo nel. Reiteramos: o exceso de enquisas só contribúe a xerar excecpticismo entre os posibles enquisados acerca da súa posible utilidade, e parece bastante probable que esta circunstancia teña desanimado aos diversos sectores a cubrir as enquisas de satisfacción. A maiores, se cadra cómpre

tamén valorar o feito de que se está a incrementar de xeito moi significativo a porcentaxe de profesorado interino de substitución ou que imparte docencia en simultaneidade, que en moitos casos descoñece tanto as dinámicas propias do centro como a importancia deste tipo de enquisas e mesmo non faltan os exemplos dos que, dada a natureza desa relación contractual, mesmo non se senten concernidos polas mesmas, o cal, de ser así, nos levaría a asumir a necesidade de desenvolver un labor de información específico nestes dous colectivos. Porén, malia á referida baixada, consideramos aceptable a participación do 63% que presenta o PDI. A valoración conxunta que lle merece a este colectivo o dito criterio segue a se situar case que no mesmo valor que en 2020/2021, posto que se daquela acadara 4,34, agora se sitúa en 4,37 (para a consulta dos valores desagregados acadados polos ítems deste criterio, véxase a Táboa II.1.3 deste mesmo informe). En definitiva, o PDI segue a amosar un grao de satisfacción coa titulación que o estudantado que a cursa.

<p>Puntos débiles detectados:</p> <ul style="list-style-type: none"> Mantense unha baixa participación nas enquisas de satisfacción xa detectada o pasado curso 2021/2022 	<p>Accións de mellora a implantar:</p> <ul style="list-style-type: none"> Incrementar por parte do equipo directivo do Centro a difusión entre o alumnado que cursa o Grao e o PCEO da importancia que teñen as enquisas de satisfacción para a mellora da Calidade Desenvolver un labor de información específico entre o profesorado interino de substitución e entre os que imparten docencia en simultaneidade
<p>Evidencias nas que basea a valoración:</p> <p>E1: Memoria vixente do título E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora E3: Perfil de ingreso do alumnado (grao) E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico) E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.). QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza</p>	
<p>Indicadores nos que se basea a valoración:</p> <p>I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...) I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza. I01-AC: Nota media de acceso I01(2)-AC: Nota mínima de acceso I02-AC: Ocupación I03-AC: Preferencia I03(2)- AC: Adecuación</p>	

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

Valoración xenérica

Toda a información de relevo do Grao en Xeografía e Historia e do PCEO en Turismo e en Xeografía e Historia está axeitada e suficientemente publicitada na web da Facultade de Historia. Esta é de fácil acceso para todos/as os/as usuarios/as interesados/as, e nela tamén se informa puntualmente das actividades que organiza e/ou se desenvolven no propio Centro. Así mesmo, a nosa web institucional complementábase coa difusión de parte desta información a través das redes sociais.

Reflexión/Xustificación


Tanto a accesibilidade á información como a transparencia ocupan un lugar certamente importante nas prioridades da Facultade de Historia, tal como acredita a valoración positiva que se fixo delas primeiro no proceso de certificación do Sistema en 2017, logo no posterior seguimento da certificación do Sistema en 2020 e recentemente no proceso de renovación da certificación do Sistema, cuxo documento base foi elaborado, tal como sinalamos na introdución do presente informe, no mes de xullo deste presente curso 2022/2023. Reiterando o xa indicado en anteriores informes, na actualidade a nosa web está adaptada –dende hai catro cursos– ao formato institucional da UVigo, servíndose do propio servidor desta para estar accesible a través da Internet. Porén, o seu mantemento é un servizo externalizado que se leva a cabo a través dunha empresa de multimedia que se ocupa igualmente do mantemento das webs doutros centros da nosa universidade. Neste curso que nos ocupa informámonos por parte da dita empresa do peso excesivo que empezaban a acumular os contidos da nosa páxina, polo que se tomou a decisión de tentar solucionar esta cuestión no vindeiro curso 2023/2024 a través dunha revisión en profundidade da mesma por parte do equipo directivo do Centro. Tamén neste mesmo 2022/2023 evidenciáronse reiterados erros na conexión á nosa páxina web, extensibles ás doutros centros, que estiveron motivados por fallos no referido servidor institucional. Queremos deixar constancia destas incidencias porque, para acadar un óptimo nivel de información e de transparencia, resulta fundamental garantir un bo acceso á web do Centro, como tamén resulta igualmente fundamental que os diversos axentes implicados nos órganos colexiados do mesmo podan acceder axilmente a ela no caso de ter que subir a debida información actualizada, a cal debe estar a disposición de todos os membros da nosa comunidade. De feito, dende o equipo decanal se puxo coñecemento desta cuestión na instancia correspondente. Se a información e a transparencia resultan fundamentais para o correcto desenvolvemento da cultura da Calidade, os posibles erros no servidor que facilita a accesibilidade da nosa web na Internet teñen un efecto negativo na cultura de Calidade que estamos a desenvolver e a fomentar dende o noso Centro.

Deixando á marxe esta cuestión, durante o curso 2022/2023 actualizáronse os contidos da referida páxina web, incorporando debidamente todas as novidades (basicamente referidas ás titulacións que dependen do Centro e as variadas actividades e eventos que se levan a cabo nel durante o curso académico, ou que ben son promovidas dende este), tanto nos dous idiomas oficiais da nosa Comunidade Autónoma (galego e castelán) coma en inglés. Segundo se establece na Axenda de Calidade, todos os contidos de interese da Facultade de Historia e que son publicitados a través da súa web, recóllense no rexistro asociado á Verificación/chequeo de información pública, que pode ser consultado en: https://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0301_P1_2022-23.pdf

Por outra banda, vimos empregando complementariamente dende o curso 2018/2019 as redes sociais de Facebook, Instagram e Twitter para informar dalgunhas destas novidades, como tamén para axilizar a transmisión de certos avisos aos membros da comunidade do Centro. Trátase ademais dunha canle que contribúe a

visibilizalo xunto coas súas titulacións, para o cal contamos cun bolseiro encargado de atender a estas canles. Neste mesmo senso, debemos referirnos ao grupo de WhatsApp composto polo decano e as delegadas e os delegados de curso e representantes da Delegación de alumnado, e aos catro grupos de WhatsApp –un por cada curso-nivel– que teñen como finalidade facilitar unha comunicación máis rápida e áxil entre os seus integrantes.

Gráfico 7. Satisfacción do alumnado co criterio 2. Información e transparencia (Grao)



Tamén neste criterio, os resultados procedentes das enquisas de satisfacción permiten comprobar que volvemos a recuperar os valores aceptables aos que normalmente estamos acostumados, logo do sobralto que supuxeron os tan baixos que en xeral obtivemos o pasado curso en todos os apartados destas enquisas (Gráfico 7). O valor medio acadado polos tres ítems que o integran situouse en 2022/2023 nun 3,63, polo tanto, máis preto do 3,93 de 2020/2021 que do 2,73 de 2021/2022. Temos que falar pois dun resultado novamente satisfactorio no que os tres ítems superan o valor da mediana, se ben a recuperación é de menor intensidade na valoración da facilidade da web, que asociamos aos problemas xa comentados en relación coas complicacións derivadas do servidor institucional. Así que se tiveramos que responder á pregunta que nos formulabamos no IRSD de 2021/2022 sobre se aqueles datos tan baixos podían obedecer a unha situación puntual da pouca satisfacción que amosou entón unha promoción en concreto, ou se se podía tratar dunha nova situación á que non estabamos acostumados e que temíamos que se puidese repetir en cursos vindeiros; á vista destes novos datos, estamos francamente satisfeitos de comprobar que se tratou da primeira de ambas as dúas hipóteses e nos alegamos de que non se volvesen repetir os ditos resultados en 2022/2023.

Porén, chegados a este punto, vémonos na obriga de facer unha nova consideración relativa á que cremos se trata dunha defectuosa metodoloxía imperante no deseño e temporalización das mencionadas enquisas de satisfacción. Referímonos, en concreto, ao desfase temporal que existe entre o momento no que estas son enchidas e o momento no que posteriormente se empregan para detectar posibles problemas que se intentará solucionar a través da implementación de accións de mellora, ao cal lle debemos engadir ademais o desfase temporal aínda maior co momento no que as ditas accións de mellora –deseñadas logo da análise que se fai no correspondente IRSD dos datos que ofrecen as enquisas– se desenvolven, coa finalidade de emendar os referidos problemas detectados cursos atrás. Isto é, trátase dunha ferramenta de análise que, malia a ser empregada para obter información obxectiva, na práctica acaba por ofrecer información en certo sentido só parcialmente representativa, posto que as accións de mellora previsiblemente implementables a partir delas non van contemplar, segundo o seu deseño actual, ao sector do alumnado implicado que especificamente as cubriu (só o de 3.º curso da titulación). Deste xeito, calquera valor obtido nunha enquisa cuberta, poñamos por exemplo, no

curso 2021/2022 (polo estudiantado de 3.º curso) é analizado no 2022/2023 (cando ese mesmo estudiantado está a cursar o segundo cuadrimestre de 4.º) e dá lugar a unha acción de mellora que no mellor dos casos se vai implementar no 2023/2024 (cando xa está en condicións de encher a enquisa correspondente ás persoas egresadas). Neste contexto, entendemos que os resultados obtidos nas enquisas de satisfacción por cada nova promoción, cando os seus integrantes están seguindo o 3.º curso, só poden ser interpretados como valores referenciais, pero de ningún xeito absolutos, para o conxunto do alumnado que cursa a titulación, aínda que se trate de datos numéricos. E téñase en conta que facemos esta reflexión logo de obter neste criterio en 2022/2023 uns valores que podemos considerar certamente positivos. Ao noso entender, tratándose de valores simplemente referenciais, só deberían ser tidos en conta parcialmente á hora de tomar a decisión de implementar unha nova acción de mellora.

Complementariamente, cómpre lembrar a nula representatividade que teñen en 2022/2023 os resultados da única persoa do PCEO que cubriu as ditas enquisas. Limitarémonos pois a sinalar que valorou cun 4 os tres ítems que comprende este criterio, mentres que nos dous cursos pasados a súa media por parte dos/as estudantes que as encheron situouse no 3,25 en 2020/2021 e no 3 en 2021/2022. Engadiremos, aclarando que non se trata dun dato numérico pero si moi fiable, que nos dous encontros que mantivo o decano co estudiantado do PCEO ao longo deste curso os/as asistentes non manifestaron ningún descontento en relación cos aspectos que se abordan neste criterio.

Aínda que tamén se trata dunha participación baixa, as persoas egresadas valoraron este criterio en 2022/2023 cun 4,10, inferior ao 5 da única persoa egresada que cubriu a enquisa de satisfacción en 2021/2022, pero lembramos que neste caso calquera valoración comparativa carece de validez. Si debemos destacar, pola contra, que supera ao 3,63 de media do alumnado de 3.º curso que encheu as enquisas de satisfacción en 2022/2023; e así mesmo que é apenas algo menos de dúas décimas superior ao 3,93 con que estes mesmos alumnos, agora egresados, valoraron de media este criterio cando cursaron 3.º do Grao en 2020/2021. Tamén aquí podemos comprobar como este colectivo tende a valorar máis alto este segundo criterio, independentemente de que se trate de promocións distintas no mesmo ano académico 2022/2023 (tanto alumnado de 3.º curso como estudiantado egresado) ou dunha mesma promoción en anos académicos distintos (alumnado de 3.º curso en 2020/2021 e ese mesmo estudiantado xa egresado en 2022/2023).

Para rematar, faremos alusión aos resultados procedentes do PDI e do PAS que, tal como xa sinalamos se realizan cada dous anos. Estes presentan dúas tendencias ben diferenciadas: mentres que no caso do primeiro colectivo, o valor tende a manterse en valores próximos ao anterior rexistro, tal como tamén se constata no primeiro criterio, ao perder apenas oito centésimas entre o 4,71 de 2020/2021 e o actual 4,63 de 2022/2023; porén, presenta un descenso de case que un punto no PAS ao pasar do 4,58 en 2020/2021 ao 2022/2023 en 3,67.

<p>Puntos febles detectados:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Problemas de funcionamento do servidor 	<p>Accións de mellora a implantar:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Trasladar aos responsables institucionais os problemas derivados destes fallos para que implementen as accións necesarias para corrixilos
<p>Evidencias nas que se baseou a valoración: E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II) R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública</p>	
<p>Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.</p>	

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

Valoración xenérica

A Facultade de Historia conta cun Sistema de Garantía de Calidade que se actualiza de permanentemente para mellorar de xeito continuo os seus títulos académicos, garantir a transparencia do acceso á información, e difundir a cultura da Calidade entre os diferentes sectores que integran a súa comunidade, co obxectivo de excelencia académica.

Reflexión/Xustificación

O Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Historia é obxecto de actualización continuada seguindo as directrices e o calendario fixados pola Área de Calidade da UVigo na súa “Axenda Básica”, que se renova a comezos de cada novo curso para que todos os centros desta institución desenvolvan dun xeito homoxéneo as diferentes accións asociadas ao desenvolvemento da Calidade. A diferenza dos dous cursos precedentes, neste que nos ocupa, non tivemos ocasión de que os/as técnicos/as da Área de Calidade puidesen realizar unha revisión interna do noso IRSD do curso 2021/2022, posto a mencionada área non publicou no presente curso unha convocatoria análoga á dos cursos precedentes para a elaboración de informes internos.


En 2022/2023, os cambios que se produciron no noso Centro a nivel organizativo tan só implicaron pequenos retoques puntuais no seu equipo directivo: Luís Velasco Martínez incorporouse ás tarefas de Divulgación e captación de estudantado, para dar apoio neste apartado ao decano; Antonio Presedo Garazo asumiu a coordinación Relacións Exteriores da facultade; e mantívose a planta da Comisión de Calidade establecida en 2021/2022, sen outra modificación que a renovación do/a representante do alumnado e a preparación da renovación do representante das persoas egresadas, prevista para o inicio do vindeiro ano académico.

Así mesmo, xa sinalamos na introdución do presente informe que a novidade máis salientable que se produciu na documentación do Sistema en 2022/2023, consistiu na elaboración do Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Historia para o período 2023-2026 (R1 DE 01), en consonancia coas súas liñas estratéxicas que foi preciso definir previamente. Para a súa preparación, constituíuse unha comisión específica encargada de elaborar de xeito colectivo este documento que, logo, de ser debatido pola Comisión de Calidade e incorporar as achegas procedentes dos sectores que integran a nosa comunidade xunto coas da representación da sociedade, foi aprobado pola Xunta de Facultade en tempo e forma na súa reunión ordinaria celebrada o día 21/07/2023. Tamén se preparou no dito curso a documentación para a tramitación da Renovación do SGIC da Facultade de Historia por parte da ACSUG, se ben o proceso non se deu por rematado definitivamente ata a visita que realizou a comisión delegada a comezos do mes de novembro de 2024, polo tanto, xa no seguinte curso 2023/2024. Foi precisamente a carga de traballo derivada da coincidencia na elaboración destes dous documentos -para o segundo dos cales precisamos ademais do apoio dunha técnica da Área de Calidade-, o que motivou que, ao noso pesar, fose inevitable retrasar a preparación e aprobación dalgún rexistro puntual do Sistema sobre os prazos estipulados na Axenda Básica. Reiteramos, polo tanto, a necesidade de simplificar, sempre que sexa posible, o número de accións asociadas aos diversos procedementos que contempla o Sistema e que logo deben ser evidenciadas a través dos seus correspondentes rexistros; posto que, en cursos como o 2022/2023, no que se produciu unha evidente sobrecarga de traballo para preparar eses dous documentos tan importantes, é posible que se acabe producindo un certo colapso nas tarefas relacionadas co mantemento do Sistema. A sobrecarga de traballo que este implica na actualidade, a consecuencia de certos procedementos e rexistros que nalgún caso poderían perfectamente ser simplificados, pode chegar a converterse nun obstáculo real para o correcto desenvolvemento da

cultura da Calidade, se os equipos directivos dos centros –por pequenos que sexan, como de feito sucede no noso caso– se ven desbordados ao ter que atender ademais a outros deberes non menos importantes, como a tarefa investigadora e a docencia universitaria, a base principal do Sistema. É necesaria, xa que logo, a súa simplificación para que este resulte obxectivamente operativo e non se transforme, na práctica, nunha estéril acumulación de rexistros e evidencias, cuxa elaboración resta cada novo curso máis tempo ao equipo directivo da facultade e á súa Comisión de Calidade. Precísase pois implementar melloras que contribúan a simplificar o Sistema, e non, en sentido inverso, a sobrecargalo.

De feito, se nos fixamos na mencionada redución na participación do noso alumnado nas enquisas de satisfacción –20%–, é posible que na práctica, xa por segundo curso consecutivo, este estea a manifestar o seu descoñecemento da relación que existe entre certas boas prácticas que se levan a cabo de xeito continuado no noso Centro e o desenvolvemento do Sistema. Unha visión realista obríganos a aceptar que a acción de mellora proposta a raíz do IRSD de 2021/2022, consistente nunha maior implicación do representante do alumnado na Comisión de Calidade para que opere como canle transmisora das accións aos representantes da Delegación de Alumnado e aos/as delegados/as de cada curso, non veu acompañada dunha mellora neste indicador. Pero se, en vez de centramos nos posibles motivos que se agochan tras esta baixa participación –á que xa nos referimos con anterioridade– e nos centramos agora nos resultados procedentes desa porcentaxe reducida do estudiantado de 3.º curso do Grao que si cubriu as referidas enquisas, coidamos que volvemos ter un novo elemento de reflexión sobre a necesidade de simplificar o Sistema. Referímonos ao feito de que, neste criterio, pasouse nas enquisas de satisfacción de ter que valorar un único ítem –tal como se viña facendo ata entón– a ter que responder a dúas novas preguntas en 2022/2023. De partida, esta circunstancia non nos permite en puridade realizar ningunha análise comparativa cos cursos precedentes, tal como viñamos facendo ata o momento (Gráfica 8); polo que, moi ao noso pesar, non poderemos comprobar se o 2,25 obtido en 2021/2022 no ítem “Participación da mellora da calidade: QSP”, tería sido obxecto de certa suba, tal como si se produciu na meirande parte os criterios.

Gráfico 8. Satisfacción do alumnado co criterio 3. Sistema de garantía de calidade (Grao)



Pero máis alá da imposibilidade de poder realizar unha análise comparativa cos resultados procedentes dos cursos anteriores, a cal poderemos comezar a paliar nos vindeiros IRSD cando dispoñamos de nova información sobre estes mesmos ítems nos seguintes cursos, preocúpanos que o noso estudiantado non teña na actualidade un verdadeiro coñecemento do Sistema –o cal é imprescindible para poder contestar os dous ítems incorporados a este criterio– cando, como acabamos de comentar, non se produciu a desexable mellor transmisión das accións que se desenvolven dende a Comisión de Calidade. Habendo un claro descoñecemento das mesmas,

como se pode opinar con certa obxectividade sobre estas? Engádasase a isto que poida que os dous ítems que se empregan na actualidade para medir a satisfacción do alumnado con este criterio, non sexan precisamente os máis axeitados, posto que o Sistema representa moito máis para o equipo directivo do noso Centro que a xestión das QSP e as incidencias, xunto coa implicación que pode ter a nosa facultade na resolución dos posibles problemas que podan xurdir. Deixaremos á marxe a referencia á implicación na mellora das súas titulacións, porque entendemos que é redundante á vista do contido dos sete criterios que deben ser analizados en documentos como o presente para as súas titulacións. Se a meirande parte das accións –por non dicir a totalidade– que se desenvolven por parte da Comisión de Calidade están encamiñadas xusto a mellorar as nosas titulacións, como se pode opinar sobre esta cuestión cando o descoñecemento que existe das mesmas é practicamente que total? Sendo isto así, o 2,5 resultante, ademais de contribuír a xerar desconcerto entre os membros desta comisión e o equipo directivo do Centro, sempre implicado na solución de posibles problemas, tamén pode resultar en non menor medida desmotivador para quen, como de feito acredita o noso caso, levamos hai xa tempo situando á Calidade como un dos nosos piares máis valiosos; se é que non somos capaces de comprender que o mencionado resultado procede dun colectivo da nosa comunidade que sinxelamente é descoñecedor do Sistema. Así mesmo, se nos fixamos no outro ítem deste criterio, preguntámonos que xuízo pode chegar a emitir un suxeito que nunca sentiu a necesidade de recorrer á caixa das QSP, sobre a hipotética atención que podería ter recibido nese caso? De feito, no pasado 2022/2023, só se recibiron dúas queixas que foron debidamente tramitadas por parte dos responsables da facultade designados para atendelas. Neste senso, consideramos que o 3,13 resultante deste ítem, que se sitúa apenas unhas décimas por riba da mediana, é pouco ou nada representativo da atención detallada e minuciosa que fixo o equipo directivo do Centro das QSP e das incidencias. Insistimos, polo tanto, unha vez máis nas posibles eivas que poden chegar a presentar as referidas enquisas de satisfacción: a metodoloxía de base para a súa formulación, que só lle corresponde encher ao estudiantado do 3.º curso da titulación, parte da premisa de converter a determinadas variables que teñen unha enorme carga de subxectividade en cuantificables, o cal pode que non sexa o máis correcto.

Sobre esta inestable base, que dicir dos resultados procedentes da única persoa que cubriu a dita enquisa procedente do alumnado que está a cursar o PCEO, que a propia Área de Calidade non considerou que puidese ser minimamente significativo? Limitarémonos tan só a sinalar que no primeiro ítem o resultado foi un 2 e no segundo un 3.

Pola contra, o estudiantado egresado, que conta coa experiencia de ter cursado e superado a totalidade dos cursos da titulación, presenta unha valoración deste criterio máis elevada. Deixando á marxe o xa sinalado ao nos referir ao feito de que non podemos comparar o valor acadado polo único ítem que se tivo en conta neste criterio anteriormente a este curso (2019/2020: 3,3 e 2020/2021: 4,6), cos respectivos resultados dos dous ítems que agora o integran, non debemos perder de vista un dato que seguramente teña influído na súa valoración: estes proceden da promoción que lle correspondeu vivir o confinamento sanitario durante o segundo cuadrimestre do curso 2019/2020, cando os seus integrantes estaban a cursar o 2.º curso da titulación, e que a maiores participaron, tanto antes como despois, activamente nos órganos colexiados do noso Centro, incluída a súa Comisión de Calidade. Por bloque, o resultado sitúase nun 4,38, e por ítems –na mesma orde que para o estudiantado do 3.º curso– nun 4,5 e 4,25 respectivamente. Isto é, unha maior implicación do alumnado coa realidade cotiá do Centro, tradúcese nunha mellor valoración do seu SGC.

Remataremos con este criterio presentando os resultados das mencionadas enquisas cubertas tanto polo PDI como polo PAS. No primeiro de ambos os dous sectores, percíbese un lixeiro aumento do 4,3 de 2020/2021 ao 4,41 de 2022/2023, incluíndo tan só neste caso un único ítem (as canles de participación na mellora das titulacións). Trátase dun valor que consideramos positivo e que seguramente se estea a facer eco dunha realidade que temos asumida no noso Centro: na medida en que este é de reducidas dimensións, dun xeito ou doutro, unha parte considerable do PDI vese na obriga de participar nos seus órganos colexiados, entre os cales se atopa a Comisión de Calidade. Pola contra, entre o PAS obsérvase unha tendencia inversa, segundo se deduce do lixeiro descenso do 4 en 2021/2022 ao 3,86 de 2022/2023. Con todo, trátase dun dato que tamén podemos valorar positivamente, sobre todo se temos en conta que dos tres ítems que se contemplan neste criterio para este


sector, o máis valorado son as canles que se empregan para as QSP cun 4,10.	
Puntos febles detectados: <ul style="list-style-type: none"> • Continúa a percibirse un coñecemento baixo por parte do alumnado do Sistema, o cal dificulta a súa implicación coa cultura de Calidade 	Accións de mellora a implantar: <ul style="list-style-type: none"> • Insistir nunha maior implicación do representante do alumnado na Comisión de Calidade que opere como canle transmisora das accións desenvolvidas por esta aos representantes da Delegación de Alumnado e aos/ás delegados/as de cada curso
Evidencias nas que se baseou a valoración: E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/ <u>Comisión de Garantía de Calidade</u> E10: Documentación do SGC (Política, obxectivos de calidade , manual e procedementos) E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública) E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)	
Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade <u>I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro</u>	

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

Valoración xenérica <p>Tanto o PDI como o PAS da Facultade de Historia son axeitados para o desenvolvemento da titulación e o número de estudantes que a cursan (Grao e PCEO). Porén, volvemos insistir un curso máis no proceso de envellecemento que afecta a ambos os dous colectivos da súa comunidade, o cal non é alleo a un proceso análogo que se está a evidenciar no conxunto da UVigo. Toda a información referida a estes foi actualizada e se fixo pública a través da web do Centro.</p>
Reflexión/Xustificación <p>No que atinxe ao PDI, comezaremos por sinalar que, do mesmo xeito que en 2021/2022, tampouco en 2022/2023 se produciron xubilacións no seu cadro. Así mesmo, foi preciso contratar profesorado a través da activación das respectivas listas de agarda nas seguintes seis áreas con exceso de docencia (un número de áreas idéntico ao do curso pasado): Análise Xeográfica Rexional, Xeografía Física, Arqueoloxía, Prehistoria, Historia da Arte e Historia Contemporánea. Polo que, atendendo tan só ás cifras, por terceiro curso consecutivo, o número de PDI volve medrar logo da caída acontecida en 2020/2021 polo efecto derivado das xubilacións producidas en 2019/2020; de tal xeito que dos 26 docentes de 2020/2021 pasouse aos 32 de 2021/2022 e agora aos 38 de 2022/2023. É evidente pois que, no noso caso particular, o curso 2019/2020 marcou un punto de inflexión na súa evolución por entón á baixa, permitindo consolidar a súa recuperación nos dous últimos cursos, incluído este que nos ocupa no presente informe. Porén, esta cifra de 38 ten implícitas unha serie de matices que pasamos a comentar.</p>

En primeiro lugar, na súa composición figura só unha catedrática, mantense en nove o número de profesores/as titulares, aumentou a tres o das contratadas doutoras (dous en 2021/2022) e a catro o dos/as axudantes doutores (dous en 2021/2022), e descendeu ata tres o dos/as asociados/as (catro en 2021/2022) e a oito o dos/as contratados/as interinos (nove en 2021/2022). Segundo, xunto a estes/as, seguen a aumentar as novas figuras contractuais vinculadas ás labores de investigación (a través de bolsas e programas de captación de talento) que tamén poden asumir carga docente: mantéñense un contratado/a predoutoral Xunta e un investigador do programa Ramón y Cajal e incorporáronse cinco postos non docentes (figurando entre eles/as o citado investigador do programa Ramón y Cajal en 2022/2023) e dous investigadores/as do programa Margarita Salas. Terceiro, como se pode comprobar, dos 38 suxeitos que integran o PDI, realmente só 18 (46,36% do total) –incluído o investigador Ramón y Cajal– son figuras consolidadas ou que se atopan en vía de consolidación; polo que a meirande parte segue a estar composto por profesorado contratado interino (á vez que é manifesto o descenso do profesorado asociado) e das referidas novas figuras contractuais cuxa dedicación principal é a investigación e non a docencia. Non reiteraremos o xa sinalado en anteriores informes en relación co perigo que coidamos supón a medio prazo esta situación, á vez que aumenta cada novo curso o envellecemento deste colectivo da comunidade do noso Centro: sen unha previsión de re-emprazo xeracional que teña en conta algunhas das características singulares das áreas científicas que imparten docencia na nosa facultade (como por exemplo o reducido tamaño destas), e que permita levala a cabo con figuras consolidables con experiencia acumulada na labor docente, córrese o risco de que o proceso se desenvolva finalmente cunha parte do PDI vinculado contractualmente aos labores de investigación e non de docencia. Obviamente, a posible inversión desta dinámica, que consideramos negativa, non depende desta Comisión de Calidade, que o único que pode facer é limitarse a darlle eco a esta problemática circunstancia nos IRSD que debe elaborar cada curso, e á vez deixar constancia do feito de que –en cuarto lugar– este limitado número de PDI fixo tamén trae aparellada unha sobrecarga do traballo de xestión que recae nel. Velaí un novo argumento a favor da simplificación, na medida dos posible, das accións que se deben implementar en relación cos procedementos vinculados ao Sistema.

Gráfico 9. Sexenios e quinquenios do profesorado con docencia no Grao en Xeografía e Historia (n.º)




As novas prazas de PDI de 2021/2022 xunto coas consolidables que se crearon en 2022/2023, tiveron unha influencia positiva na evolución do total de sexenios e quinquenios acumulados polos seus integrantes, tal como se pode observar no Gráfico 9. Con todo, o número de quinquenios, malia a superar o valor acadado nos dous cursos precedentes polo efecto negativo que entón tiveron as xubilacións de 2018/2019 e 2019/2020, dando

lugar ao mínimo de 2020/2021, segue a ser inferior aos resultados do curso 2017/2018 e anteriores. Polo que é nos sexenios onde a tendencia positiva tivo un efecto máis claramente visible, posto en 2022/2023 obtivéronse os valores máis elevados dende 2014/2015, seguramente relacionable co feito de que foron 17 suxeitos os que estiveron en condicións de acceder ao recoñecemento académico da súa actividade investigadora, incluídos os Profesores Axudantes Doutores, para os cales a Universidade de Vigo volveu sacar unha convocatoria especial neste senso. Sen embargo, o indicador I03-PE que recolle os resultados de investigación de carácter académico (sexenios), situouse en 74,47%. Este dato non ten en conta ao total de 38 membros do PDI que impartiron docencia no curso 2022/2023, senón tan só aos citados 17 que si estiveron en condicións de facelo; polo que é evidente que se produciu un retroceso en relación con 2021/2022, cando este se situou en 91,67%, sendo entón 14 sobre un total de 32 PDI os que estiveron en condicións de solicitar o recoñecemento da súa actividade investigadora. Polo tanto, malia a tendencia positiva que describe o número de sexenios, neste indicador estamos a dez décimas da meta fixada para este curso en 85%.

O PAS do Centro seguiu composto polo mesmo cadro que en 2021/2022: os bedeis da conserxería do Edificio Facultades, a secretaría administrativa de alumnado, a secretaría do decanato e o persoal da área de apoio a centros e decanato. Todos/as eles/as permaneceron fixos nos seus respectivos postos en 2022/2023, pero o concurso de traslados que se produciu vinculado á nova RPT fai previsible que se podan producir cambios de cara ao vindeiro curso académico. Queremos deixar constancia desta circunstancia porque a actual secretaria do decanato, ademais de desempeñar un dos dous vicedecanatos do Centro, forma parte desta Comisión de Calidade e está moi implicada na actualización de certos contidos da nosa páxina web así como noutras actividades relacionadas co desenvolvemento da Calidade. E, por outra banda, a persoa da área de apoio a centros e decanato –quen debe atender á Facultade de Historia e á Facultade de Educación de Traballo Social, esta segunda cunha carga de traballo maior–, ademais de formar parte da mencionada comisión, é a encargada de actualizar minuciosamente cada ano os datos que logo son analizados nos IRSD. Trátase pois de dúas pezas moi valiosas para un Centro de pequenas dimensións como o noso, no que a súa contribución resulta fundamental na actualidade para a aplicación da cultura de Calidade.


Gráfico 11. Participación do PAS vinculado á Facultade de Historia en cursos de formación (%)



A diferenza do rexistrado para os cursos 2020/2021 e 2021/2022, a participación do PAS en accións formativas recuperouse notablemente en 2022/2023 cun 81,89% equiparable aos valores de 2019/2020 e cursos anteriores (Gráfico 11), evidenciando con iso o interese elevado que amosa este sector da nosa comunidade pola súa formación continuada.

Seguindo unha exposición análoga á dos outros criterios analizados neste informe, remataremos facendo igualmente unha valoración dos resultados procedentes das enquisas de satisfacción. Para comezar, unha vez máis, os cambios que se realizaron na estrutura destas enquisas en 2022/2023 tamén afectaron a este criterio, de tal xeito que para o alumnado que está a cursar a titulación de Grao desaparece o ítem referido á Satisfacción coa labor docente do profesorado (Gráfico 12) sen sequera ser substituído por outro/s como vimos que si sucedeu co criterio 3. En consecuencia, non podemos comprobar se o resultado de 2021/2022 obtido no Grao obedeceu a factores puntuais nin tampouco se a converxencia que, por fin, se produciu entón neste ítem das enquisas entre o estudantado do Grao e o do PCEO foi un feito circunstancial ou non. Preguntámonos pois, que sentido ten formular posibles accións de mellora en base a certos datos cando non existe a posibilidade de contemplalos polo menos dende unha perspectiva temporal mínima dun trienio, e cando tampouco existe ademais a posibilidade de comprobar que as ditas accións poden contribuír a mitígalos, porque sinxelamente xa non se pode dispoñer da evolución deses mesmos datos logo de que se decidise prescindir da medición do ítem que os xerou? No noso caso particular, isto implica que non poderemos comprobar se ambos os dous sectores do noso estudantado puideron converxer un curso máis na súa satisfacción coa labor docente, algo que para o noso Centro resulta fundamental porque os seus resultados tenden a diverxer entre eles na maioría dos ítems valorados en todos os criterios, agás precisamente neste. Sen ánimo de querer resultar excesivamente críticos, parece que as enquisas de satisfacción volven contribuír a ofrecer información incompleta neste criterio, o cal as afasta da aparente obxectividade que pretenden transmitir os datos numéricos que estas aportan.

Gráfico 12. Satisfacción do alumnado co criterio 4. Recursos humanos (Grao).



Sen ir máis lonxe, nas enquisas que cubriron as persoas egresadas si se contempla este ítem, polo que resulta imposible establecer ningunha comparativa entre estas e as que encheu o alumnado que seguiu o 3.º curso da titulación neste mesmo 2022/2023. Limitarémonos pois a sinalar que o resultado foi un 4,4, unha cifra algo superior ao 4,13 co que esta mesma promoción valorou a satisfacción coa labor docente do profesorado cando cursou 3.º en 2020/2021.

Pola súa banda, o resultado da satisfacción do PDI no ítem que contempla neste criterio “A oferta de formación permanente da UVigo para o profesorado” sitúase nun 4,11; malia que foron tan só 7 quen seguiron os programas de formación que ofrece a institución.

As enquisas si ofrecen información continuada neste criterio sobre o nivel de satisfacción co PAS que teñen todos os sectores que integran a nosa comunidade. Así, no alumnado do curso 3.º percíbese, de novo, unha

recuperación no resultado acadado en comparación co anterior curso 2021/2022, se ben segue tres cuartos de punto por debaixo de 2020/2021. O 3,43 resultante sitúase case que medio punto por riba da mediana, polo que –aínda tendo en conta as claras limitacións que presentan estas enquisas– o valoramos positivamente. No caso do estudantado egresado incluso resulta máis elevado, chegando ata 4,4 a satisfacción coa axuda recibida do PAS (15 centésimas por riba da puntuación coa que esta mesma promoción valorou ao PAS en 2020/2021 cando os seus integrantes seguiron o 3.º curso da titulación). Pola súa banda, o dato máis elevado sobre a atención e os servizos do Centro en 2022/2023 procede do PDI, que recoñeceu cun 4,8 sobre 5 a labor que realiza o PAS. Fronte a estes datos, os valores máis baixos obtidos neste criterio proceden precisamente do propio PAS, posto que os dous ítems que o integran nas súas enquisas ofrecen unha media dun 3,05. Iso si, cun par de matices que non debemos perder de vista. A valoración que estes/as fan da formación para facilitar o desempeño das súas funcións acada o 3,5, superando por medio punto a mediana (téñase en conta que, como vimos, case que o 82% do seu cadro seguiu cursos de formación), mentres que a da dotación do PAS adscrito reduciuse ata o 2,56. Cremos que esta cifra tan baixa se está a facer eco dun sector que precisa de máis persoal para atender as abundantes tarefas administrativas que nos últimos cursos académicos se veñen incrementando de xeito continuado, contribuíndo non só á sobrecarga de traballo deste sector, senón tamén a que se traslade cara o PDI unha sobrecarga en tarefas administrativas.

<p>Puntos febles detectados:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Aumento do problema de envellecemento da planta de PDI • Aumento considerable de figuras contractuais do PDI non consolidables 	<p>Accións de mellora a implantar:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Insistir diante do vicerreitorado con competencias nesta materia na necesidade de adoptar criterios máis flexibles á hora de computar as horas necesarias para a saída a concurso das prazas consolidables (ter en conta desgravacións non estruturais por cargos, coordinacións, etc.; aplicar reducións na carga lectiva do profesorado de máis idade que poidan repercutir nesa cualificación, etc.; aplicar políticas de contratacións a medio prazo por áreas, atendendo á docencia e non só en función de criterios de investigación)
---	---

Evidencias nas que se baseou valoración:
 E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve
 E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)
 R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:
 I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI
 I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas
 I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.
 I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución
 I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)
 I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...) I02-PE: Cualificación do PDI
 I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio) I03(2)-PE: Profesorado por categoría

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

Valoración xenérica

Os recursos materiais e os servizos de que dispón a Facultade de Historia para o correcto desenvolvemento da titulación son os axeitados en función da súa natureza, a súa modalidade, o número de alumnado matriculado e as competencias que os/as discentes deben adquirir a través do seguimento do seu programa formativo.

Reflexión/Xustificación:

Para a impartición da docencia de xeito totalmente presencial no curso 2022/2023, continuouse co novo reparto de aulas por cada grupo-nivel efectuado en 2021/2022 coincidindo entón co regreso á presencialidade total nas aulas da nosa universidade. Continuando co mesmo criterio de optimizar do mellor xeito o tamaño das aulas dispoñibles, as actividades docentes do curso 1.º continuaron impartíndose na aula 0.9, as de 2.º na 0.5, as de 3.º na 0.7 e as de 4.º na 0.6. Engadiremos como novidade en relación co curso anterior que xa non foi preciso o uso obrigatorio da máscara sanitaria nas mesmas nin tampouco manter a súa ventilación permanentemente, evitando con iso, en parte, as temperaturas baixas que se rexistraron daquela nas nosas aulas. Porén, o problema xeotérmico que ven arrastrando o Edificio Facultades tamén se volveu manifestar neste curso que nos ocupa, malia que foi nel cando se acometeron as obras relacionadas co proxecto de xeotermia previstas para este inmovible. Segue sendo unha constante nos nosos IRSD a referencia ás malas condicións térmicas da aula 0.7, na cal –non o perdamos de vista– se desenvolven as actividades docentes correspondentes ao curso 3.º da titulación, a cuxos integrantes lles corresponde cubrir as enquisas de satisfacción. Mesmo nos momentos nos que está funcionando a calefacción, que non é durante toda a mañá, a temperatura aquí resulta sensiblemente máis baixa que no resto de aulas; e semella que esta problemática ten difícil, senón imposible solución, dada a dificultade ou imposibilidade que suporía realizar unha obra que contribuíse a mitigar esta situación, e non só polo elevado custo do mesma, senón polo feito engadido de que o dito edificio conta con protección de carácter patrimonial, o cal implica que calquera obra que se realice nel, aínda que esta non implique necesariamente intervencións estruturais de calado, debe contar cunha serie de permisos de intervención que dependen da Comisión Provincial de Patrimonio. Só por poñer un exemplo da dita dificultade administrativa, mencionaremos os atrancos derivados da necesidade de abrir unha fiestra no piso cuarto para facilitar a ventilación, cuxas xestións se iniciaron precisamente neste curso. Non engadiremos, polo tanto, nada novo ao que xa é unha cuestión sobradamente coñecida, e limitarémonos a deixar constancia un curso máis das baixas temperaturas que, moi ao noso pesar, se ven obrigados a soportar os/as usuarios/as da aula 0.7.

Aínda que en bastante menor medida, as temperaturas baixas tamén estiveron presentes nas outras aulas malia as obras de acondicionamento xeotérmico que se realizaron no edificio. O motivo foi ben sinxelo: a calefacción séguese a acender e apagar de xeito centralizado para todo o inmovible en función dun horario específico fixo, polo que a unha hora determinada deixa de funcionar e comezan a arrefriarse de seguido as aulas nas que continúa a actividade docente. Realmente o problema é maior se reparamos no desfase que existe entre o uso horario español actual e o que verdadeiramente nos debería corresponder –segundo criterios xeográficos e físicos obxectivos–, cun desfase dunha hora adiantada con respecto ao horario solar durante o inverno que se convirte en dúas no horario de verán. O dito sistema non ten en conta esta circunstancia nin tampouco as posibles baixadas de temperatura externa que se poden producir ao longo do día, independentemente da franxa horaria na que se imparte a docencia. Nun edificio de formigón e ferro e con grandes ventás coma o noso, que se pode arrefriar con facilidade por falta dunha fonte de calor, un mellor axuste entre o frío no exterior e o horario en que está acesa a calefacción, a través dun sistema baseado nun termóstato que teña en conta a súa temperatura interior, ben podería contribuír a mellorar, que non a corrixir completamente, este aspecto.

Un curso máis, continuouse facendo uso das aulas do Campus remoto da UVigo para impartir a docencia de xeito síncrono. No noso caso, empregáronse por vez primeira por parte do profesorado que impartiu docencia no segundo cuadrimestre do curso 2019/2020 con motivo do confinamento sanitario, do mesmo xeito que no resto de centros da nosa universidade; continuando co seu uso no seguinte 2020/2021 coincidindo co retorno ás aulas a través dun sistema de quendas, facilitando con iso o seguimento das actividades docentes por parte do alumnado que, por motivos sanitarios, non podía asistir todos os días ao centro por non lle corresponder a súa quenda. Co retorno á docencia totalmente presencial en 2021/2022, o profesorado puido elixir libremente seguir empregando as ditas aulas virtuais para continuar impartindo a docencia síncrona, e mesmo gravalas para que puidesen ser seguidas asincronamente, sen que se tomase ningunha decisión neste sentido por parte do equipo directivo do Centro. En 2022/2023 continuouse pois con esta mesma dinámica, respectando a liberdade do profesorado neste senso, evidenciándose curiosamente un aumento da asistencia por parte do alumnado presencial ás aulas e con iso a compatibilidade entre a presencialidade nas aulas e o posible seguimento da docencia, á vez, dun xeito síncrono. Así que, contrariamente ao fío do que sinalamos no IRSD de 2021/2022, neste curso que nos ocupa, o absentismo estudiantil non se viu especialmente influído pola docencia impartida de xeito síncrono.


Tal como adiantamos no criterio 1, a opción individual e voluntaria que ten o noso PDI de conectarse ao Campus remoto para impartir de xeito síncrono a súa docencia, implica, claro está, unha serie de necesidades tecnolóxicas para evitar na medida do posible os problemas derivados da conectabilidade á rede ou mesmo do estado de conservación no que se atopan os aparatos tecnolóxicos que se precisan para o seu correcto desenvolvemento. Para evitar que se repetisen problemas análogos aos rexistrados a comezos de 2021/2022, relacionados con estes mesmos motivos, decidiuse dende a dirección do Centro realizar unha revisión minuciosa de todos os equipos informáticos das aulas nos días previos ao inicio da docencia no curso 2022/2023, a cal estivo a cargo do persoal do SAUM do Campus de Ourense. Reiteramos o xa sinalado: para o correcto desenvolvemento do plan formativo das materias cada minuto conta, e iso implica que os equipos das nosas aulas deben estar a punto para o seu óptimo aproveitamento. Este esforzo na mellora dos aparatos tecnolóxicos de que se vale o noso PDI para levar a cabo as súas funcións –neste caso, a docencia síncrona–, tamén se trasladou á adquisición de ordenadores de mesa destinados ao profesorado de listas de agarda e de nova incorporación que, como vimos no criterio 4, representa na actualidade unha parte considerable deste sector da nosa comunidade.

Noutra orde de cousas, o estudiantado puido facer un uso regular da biblioteca do campus, tamén sen facer uso obrigatorio da máscara sanitaria, e así mesmo puido realizar as súas prácticas con total normalidade nas empresas e institucións coas que o Centro ten asinados os correspondentes convenios. Isto é, volveuse ao contexto previo á etapa pandémica.

Remataremos cunha valoración dos resultados sobre este criterio procedentes das enquisas de satisfacción, que recollemos no Gráfico 13. Como se pode comprobar, tamén aquí se produciu unha recuperación nos valores tan baixos que se rexistraron en 2021/2022. Sintetizando, se nese curso os catro ítems que o integran se situaron nun 2,72 fronte ao 3,92 obtido en 2020/2021, agora acadan conxuntamente o 3,18, unhas sesenta e cinco centésimas por debaixo da cifra do primeiro curso do trienio contemplado, pero algo máis de medio punto superior ao do curso pasado e tamén unhas décimas superior ao valor da mediana. A mellora afecta a tres dos catro ítems, agás a satisfacción cos espazos de traballo autónomo, o cal, aínda sendo o que presenta o resultado máis elevado, repite o acadado en 2021/2022. Resulta difícil atopar unha explicación medianamente razoable ao mantemento da dita cifra, sobre todo se temos en conta o edificio que alberga a biblioteca do noso campus: unha edificación integrada harmonicamente no seu entorno natural, cunha boísima luminosidade, abundantes prazas de estudo e uns bos fondos bibliográficos, parte deles accesibles directamente para o estudiantado a través das propias salas de estudo, que están en constante renovación por parte do PDI das diversas áreas que imparten docencia na nosa titulación, e cun persoal moi eficiente. Pola súa banda, a recuperación de maior envergadura produciuse na satisfacción coa plataforma de teledocencia MooVi, onde a melloría foi case dun punto.

Manténdonos na liña de sermos sumamente cautelosos cunhas enquisas que empregan un sistema de medición numérico para se achegar ao grao de satisfacción dos/as usuarios/as en relación con determinadas cuestións, e que *per se* o termo satisfacción leva implícita cunha carga moi considerable de subxectividade por parte dos/as enquisados/as, podemos concluír que os resultados deste criterio para 2022/2023 son presumiblemente positivos, pero tamén mellorables.

Gráfico 13. Satisfacción do alumnado co criterio 5. Recursos materiais e servizos (Grao)



Igual que fixemos nos anteriores criterios, limitarémonos a indicar que a única persoa do PCEO que encheu as ditas enquisas valorou cun 4 os catro ítems deste. Pola súa banda, no que atinxe aos egresados, o resultado conxunto para os tres ítems que se contemplan nas enquisas de satisfacción (repárese na diferenza cos catro que debe valorar o alumnado do 3.º curso da titulación) foi dun 4,55. Trátase dun resultado moi superior ao procedente do estudantado do 3.º curso, pero tamén superior ao 3,92 con que esta mesma promoción estimou este criterio cando cursou 3.º en 2020/2021. Se xa daquela, para estes/as o ítem mellor valorado eran xustamente os espazos de traballo autónomo cun 4,15, tamén o volven a ser agora coa cifra máxima posible dun 5. Máis alá de reiterar o xa sinalado anteriormente ao respecto de que os/as nosos/as egresados/as tenden a mostrar un grao de satisfacción maior coa nosa titulación que cando estiveron a seguir o programa formativo do 3.º curso, queda probado -de novo, unha vez máis- a enorme carga subxectiva destas enquisas.

Tamén consideramos aceptable o resultado do PDI, tal como acredita o 4,33 resultante da media dos catro ítems, situándose no primeiro posto a mencionada plataforma de teledocencia MooVi cun 4,65 e no segundo -con tan só dúas centésimas menos- os referidos espazos auxiliares. E, para concluír, nos dous ítems que engloba este ítem nas enquisas de satisfacción que pode encher o PAS, o resultado conxunto é dun 4. Se temos en conta que ás persoas deste colectivo da nosa comunidade se lles pide que valoren as instalacións e o equipamento onde realizan o seu traballo, percíbese polo tanto un claro desfase coa baixa valoración que no criterio 4 ofrece o ítem relativo á dotación de PAS adscrito. Parece que o noso PAS considera que dispón dunhas instalacións óptimas para realizar as súas funcións, porén recoñece que o seu cadro non está suficientemente dotado. Así mesmo, cremos que non procede que se lles pregunte nas mencionadas enquisas sobre as instalacións e o equipamento onde se desenvolven as titulacións do Centro, posto que, ao non ser usuarios/as das aulas, como si acontece co estudantado e o PDI, o xiúzo que poden facer ao respecto non conta cun verdadeiro fundamento.

<p>Puntos febles detectados:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Baixas temperaturas que persisten na aula 0.7 	<p>Accións de mellora a implantar:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Establecer conversas coa vicerreitoría e a administradora do Campus de Ourense para estudar as posibles medidas que se poderían tomar para tentar subsanar esta cuestión
<p>Evidencias nas que se baseou a valoración:</p> <p>E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título</p> <p>E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT</p> <p>E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares.</p> <p>E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título</p> <p>E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia</p> <p>E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas</p>	
<p>Indicadores nos que se baseou a valoración:</p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos</p> <p>I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas</p> <p>I11: N° de alumnado por centro de prácticas.</p> <p>I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)</p>	

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Valoración Xenérica

Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egresado e se corresponden co nivel do MECES da titulación.

Reflexión/Xustificación:

Comezaremos a análise dos resultados de aprendizaxe atendendo, en primeiro lugar, ás taxas de éxito das materias cursadas polo estudiantado que seguiu o programa formativo do Grao en Xeografía e Historia no curso 2022/2023, así mesmo extensible a aqueles/as outros/as que se matricularon no PCEO. Segundo o *Catálogo de indicadores de Centros e titulacións* que elabora a Unidade de Análise e Programas da UVigo, este indicador ten en conta a “Relación porcentual entre o número de créditos superados polas persoas matriculadas nun curso e o número total de créditos presentados a exame en dito curso académico (os créditos recoñecidos e transferidos non están incluídos dentro dos créditos superados nin nos créditos matriculados)”. Os datos están desagregados e se poden consultar por materias na *Táboa II.1.4. Indicadores por materia* deste mesmo documento, no apartado *II. Datos e indicadores* (pp. 20-22). Estes deixan ben claro que, segundo temíamos en 2021/2022, por segundo curso consecutivo estamos asistindo a unha clara baixada obxectiva do nivel académico do noso estudiantado: se en 2019/2020 e 2020/2021 este indicador situouse para toda a titulación no 92-91%, baixando ata o 87% en 2021/2022, agora volve baixar case que outros tres puntos máis ata se situar en 84,33%. Así que, por segundo curso consecutivo non acadamos a meta fixada para este indicador (87%). Detrás deste resultado que non consideramos nada satisfactorio hai unha serie de cuestións que debemos ter en conta. Aínda que se produciu un lixeiro repunte na porcentaxe de materias que acadan unha taxa do 100% neste indicador, ao representar un 26,19% fronte ao 23,8% de 2021/2022; rexistrouse unha clara diminución daquelas outras que se sitúan na franxa do 90 ao 99,99%: se en 2021/2022 estas materias supuxeron o 38,1% do total (e nos cursos anteriores o 33,33% de 2019/2020 e o 32,56% en 2020/2021), agora atópanse nesta franxa o 28,57%. Isto é, se en cursos pasados, a progresiva diminución das materias cunha taxa de éxito do 100% viuse mitigada polo aumento daquelas outras que se situaban entre o 90 e o

99,99%, ao representar un terzo das mesmas; esta situación estivo condicionada en 2022/2023 xusto polo menor peso porcentual destas. En definitiva, se en 2021/2022, as materias cunha taxa de éxito superior ao 90% estiveron preto de supoñer dúas terceiras partes do total (cun 61,9%), en 2022/2023 representan pouco máis da súa metade (cun 54,76%). Engádase a isto: 1. que se consolida a porcentaxe das mesmas que oscila entre o 80 e o 89,99%, cun 16,66% fronte ao 14,3% de 2021/2022 e o 0% de 2020/2021; 2. que se mantén a porcentaxe daquelas outras que oscilan entre o 70 e o 79,99%, cun 16,66% idéntico ao acadado en 2021/2022, o cal case triplica o 4,65% de 2020/2021; 3. que igualmente se segue manter o 2,38% de materias cunha taxa entre o 60 e o 69,99% acadado en 2021/2022; e 4. que se cuaduplicou a porcentaxe daquelas cunha taxa de éxito entre o 50 e o 59,99% (unha destas mesmo cun punto e medio porcentual por debaixo deste tramo), cun 9,52% fronte ao 2,32% de 2021/2022. Por segundo curso consecutivo, os datos procedentes deste indicador parecen conformar a mencionada baixada de nivel académico do noso estudiantado.

En segundo lugar, os datos referidos á taxa de avaliación tamén están dispoñibles e desagregados na referida Táboa II.1.4. do presente documento, e segundo o *Catálogo de indicadores de Centros e titulacións*, este indicador ten por obxecto medir a “Relación porcentual entre o número de créditos presentados a exame polos/as estudantes nun curso académico e o número total de créditos matriculados en dito curso académico (os créditos recoñecidos e transferidos non están incluídos dentro dos créditos matriculados)”. Esta sitúase para o conxunto da titulación en 2022/2023 no 82,33%, pero a diferenza do anterior indicador experimenta un lixeiro aumento en relación con 2021/2022 (78%) para se aproxima ao valor acadado nos cursos 2019/2020 e 2020/2021 (85%). Isto é, presentouse ás probas de avaliación unha porcentaxe maior do noso estudiantado, se ben estes obtiveron finalmente peores resultados. A desagregación por tramos permite observar perfectamente esta tendencia. Para comezar, por segundo curso consecutivo, tamén en 2022/2023 en ningunha das materias cursadas polo alumnado do Grao se acada unha taxa de avaliación do 100%, ao igual que en 2021/2022 (fronte ao 6,75% de 2020/2021 e o 16,6% de 2019/2020). Porén, volve aumentar a porcentaxe de materias cunha taxa de avaliación entre o 90 e o 99,99%: o 35,71% de 2022/2023 supera con creces o 11,9% de 2021/2022 e o 16,6% de 2019/2020, e tamén –aínda que en menor medida– o 27,9% de 2020/2021; e esta recuperación pódese facer extensible a aquelas outras que se sitúan na franxa de entre o 80 e o 89,99%: o 38,95% resultante supera ao 28,6% de 2021/2022 e o 34,88% de 2020/2021, malia seguir lonxe do 47,6% de 2019/2020; mentres que baixan as materias cunha taxa de avaliación entre o 70 e o 79,99%: logo do importante aumento que presentou en 2021/2022 (42,8%), descende en 2022/2023 ata o 21,42% para se achegar ao 18,6% de 2020/2021 e, en menor medida, ao 16,6% de 2019/2020. Isto é, en dúas terceiras partes do total de materias cursadas, o alumnado presentou a exame entre o 80 e o 99,99% dos seus créditos matriculados, o cal non é un mal resultado se non tivéssemos en conta, claro está, os datos relacionados coa taxa de éxito. De feito, nos tramos inferiores ao 70% tenden a diminuír: entre 60 e 69,99% representan un modesto 4,76%, inferior ao 9,5% de 2021/2022 e o 6,97% de 2020/2021; non hai ningunha materia entre o 50 e o 59,99% fronte ao 2,4% de 2021/2022 e o 2,32% de 2020/2021; e entre o 40 e o 49,99%, o 4,76% resultante é case idéntico ao 4,7% de 2021/2022, superando o 2,32% en 2020/2021. Velai un novo argumento que contribúe a reforzar a hipótese sinalada en relación coa mencionada baixada do nivel académico: o noso estudiantado examinouse proporcionalmente máis en 2022/2023 que en 2021/2022, pero superou menos créditos que no curso anterior.

En relación coa evolución de ambas as dúas taxas, fariamos ben en non perder de vista o xa sinalado no criterio 1 ao valorar a progresiva redución que –aínda que dun xeito lixeiro– está a experimentar a nota media de acceso á titulación por parte do noso estudiantado. Deixando á marxe o incremento considerable que experimentaron as notas da ABAU na nosa comunidade autónoma en 2020, e que influíron na nota media de acceso da promoción que comezou os seus estudos no curso 2020/2021 –á que, por certo, lle correspondeu cubrir no 3.º curso as enquisas de satisfacción en 2022/2023– cun 8,02; o certo é que estas se foron reducindo de xeito continuado por cada nova promoción. Así, o noso estudiantado que seguiu o plan formativo do 4.º curso da titulación en 2022/2023, accedeu en 2019/2020 ao Grao cunha nota media de 7,65; o que cursou 2.º neste mesmo 2022/2023, accedeu en 2021/2022 cun 7,51 de media; e o que accedeu en 2022/2023 a 1.º, o fixo cun 7,47. Como se pode comprobar, as notas medias de acceso destas dúas últimas promocións están próximas, polo que na práctica

se produciu un descenso de en torno a quince centésimas entre a promoción á que lle correspondeu pasar o confinamento no segundo cuatrimestre durante o seu 1.º curso da titulación e as seguintes. Pero á marxe deste progresivo descenso, que, con todo, tampouco debemos considerar alarmante (pénsese, p. ex., nas notas medias de acceso en 2017/2018 [6,43] ou en 2016/2017 [6,15]), o máis preocupante é que está a coincidir no tempo, polo menos durante os dous últimos cursos, incluído este 2022/2023, cunha redución manifesta da taxa de éxito nas materias cursadas.

Por segunda vez consecutiva dende que vimos elaborando cada curso o correspondente IRSD, a materia do TFG non volve presentar a taxa de avaliación máis baixa do total, correspondéndolle de novo esta situación a unha materia optativa de 4.º. De feito, mantense un curso máis unha taxa do 44,9% xa acadada con anterioridade en 2021/2022, logo de superar o 43,79% de 2020/2021. Pola contra, percíbese unha redución na porcentaxe de TFGs defendidos en relación con 2021/2022, de tal xeito que se naquel se producira un aumento de algo máis dun punto sobre 2020/2021, agora descendeu catro décimas (Táboa 6.a). Un dato que non podemos considerar satisfactorio, máxime se de novo se volveron matricular 49 TFGs, mantendo polo tanto o mesmo número de traballos matriculados no curso precedente, cando se acadou un dos puntos máis elevados da súa serie histórica. Así que, cun idéntico número de traballos matriculados, evidenciouse un descenso na porcentaxe daqueles que finalmente foron defendidos polo noso estudiantado, seguindo, un curso máis, sen conseguir que se defendese cando menos a metade do total. Moi ao noso pesar, debemos reiterar que de novo en 2022/2023 a posta en funcionamento dos tribunais unipersoais no curso 2019/2020, xunto coa ampliación posterior do número das convocatorias en 2020/2021, seguiron sen ter o efecto esperado.

Táboa 6.a. TFG no Grao matriculados e defendidos

CURSO ACADÉMICO	TFG MATRICULADOS	TFG DEFENDIDOS	
	nº	nº	%
2020/2021	39	17	43,59
2021/2022	49	22	44,90
2022/2023	49	20	40,82
TOTAL	137	59	43,07

Táboa 6.b. Cualificacións do TFG no Grao


CURSO ACADÉMICO	CUALIFICACIÓNS				TFG TOTAIS
	MH	Sobresánte	Notable	Aprobado	
2020/2021	1	9	4	3	17
2021/2022	3	8	9	2	22
2022/2023	3	11	6	--	20
Total					59

Aínda que en 2022/2023 se teña defendido un número lixeiramente inferior de TFGs ao dos outros dous cursos do trienio contemplado, as cualificacións obtidas polo noso alumnado nesta materia foron por termo medio superiores (Táboa 6.b). De feito, se en 2019/2020 e 2020/2021, os que obtiveron unha cualificación dun sobresánte ou maior chegaron a supoñer máis da metade, baixando en 2021/2022 ata equivaler exactamente á metade; agora representaron case que catro quintas partes do total. Posiblemente a defensa destes traballos ante tribunais unipersoais contribúa a explicar en certa medida este aumento das cualificacións nesta materia, se ben, tal como sinalamos no parágrafo anterior, esta opción non trouxo aparelada un aumento porcentual dos TFGs defendidos.

Agora ben, é evidente que o mantemento da taxa de avaliación da materia TFG nun 44,9% por segundo curso consecutivo, tivo un claro efecto positivo na evolución da taxa de graduación, que volve medrar logo do descenso que se producira entre 2018/2019 (42,42%) e 2019/2020 (33,24%) e 2020/2021 (27,27%). Tal como se

pode apreciar no Gráfico 14, en 2021/2022 fréase a dita caída (31,48%) e en 2022/2023 medra ata situarse no 39,53%.

Gráfico 14. Taxa de graduación no Grao en Xeografía e Historia (en %)




A “Porcentaxe de estudantes que finalizan a ensinanza no tempo teórico previsto no plan de estudos ou un curso máis” (definición da taxa de graduación segundo o *Catálogo de indicadores de Centros e titulacións*) volve presentar unha tendencia alcista, cuxo valor se situou tres puntos porcentuais por debaixo do resultado obtido en 2018/2019, cando se iniciou o mencionado descenso. Así mesmo, a corrección á baixa que fixemos o curso pasado da meta fixada para este indicador, situándoa nun 35% para este 2022/2023, permitiunos acadala e mesmo superala en catro puntos e medio. Certamente, a mencionada adecuación á baixa da dita meta implicou asumir finalmente por parte do equipo directivo do Centro a realidade, xa consolidada hai tempo, de que o groso do noso estudantado non logra graduarse en tempo e forma na súa promoción. Os datos falan por si mesmos: dos 49 estudantes que se matricularon no curso 1.º da titulación en 2019/2020 –que integran a promoción que lle corresponde graduarse en 2022/2023–, con tan só un 9,3% do total que se acolleu á modalidade semipresencial, cunha nota media razoable dun 7,65 que superou á dos cursos precedentes, 26 deles rexistraron os seus respectivos TFGs no listado que elabora a Comisión de TFG da Facultade de Historia, aos que deberíamos sumar os outros 29 que, procedentes de cursos anteriores, tamén volveron rexistrar novamente os seus traballos. Pois ben, deses 57 traballos rexistrados pola dita comisión, en cuxo listado –como se pode comprobar– predominaron os correspondentes a cursos anteriores, só se defenderon diante dos correspondentes trinunais unipersoais –acadando todos eles como mínimo unha cualificación dun notable– os referidos 20, que na práctica representaron pouco máis dun terzo (datos achegados pola Comisión de TFG da Facultade de Historia). En definitiva, deixando á marxe o feito de que a taxa de graduación só ten en conta a porcentaxe de estudantado que, procedente dunha promoción, se gradúa no curso que lle corresponde, ou ben ao curso seguinte, e que os TFGs defendidos nun curso académico determinado non só contemplan estes mesmos, senón todos aqueles que se defenden nun curso dado; cremos que unha parte do noso alumnado que decide matricularse nesta materia (sen contar a todos/as aqueles/as que sen matricularse nela, solicitan a incorporación da súa proposta de traballo á referida listaxe), segue sen ser plenamente consciente do que implica a súa elaboración e defensa en tempo e forma, máxime tendo en conta que se trata dunha materia cunha carga de traballo moi superior á das outras que conforman o plan formativo da titulación (exactamente, 12 créditos ECTS fronte ao resto –agás as Prácticas–). Coa finalidade de paliar en parte esta circunstancia, e coa intención engadida de facilitar unha información detallada do que implica a realización do TFG, o coordinador da dita materia ven organizando dende hai xa varios anos unha xornada de información a comezos de cada novo curso, que se publicita con debida antelación para que o posible alumnado interesado teña coñecemento dela e poda asistir.

No que atinxe á duración media dos estudos, en 2022/2023 produciuse un achegamento deste indicador á meta fixada, de tal xeito que se esta foi establecida en 4,7, o resultado obtido situouse no 4,69. Trátase dun dato que non é alleo á tendencia á alza da taxa de graduación e que se afasta do 4,94 –polo tanto, moi próximo aos cinco anos– de 2021/2022. Porén, non sería correcto que valorásemos este resultado dun xeito totalmente positivo: primeiro, porque os malos datos acumulados en cursos pasados nos obrigaron a reaxustar entón esta meta para axustala máis realistamente ao perfil do noso alumnado, e segundo, porque segue a evidenciar que unha parte deste non é capaz de completar o programa formativo da titulación nos catro anos que se recollen na memoria. Agardamos, por tanto, poder seguir diminuíndo en cursos vindeiros o resultado deste indicador, sendo conscientes, iso si, que unha parte deste obxectivo vai depender directamente do seu nivel académico.

Tamén neste criterio, os resultados procedentes das enquisas de satisfacción volven a ofrecer unha visión claramente diverxente dos resultados de 2021/2022 e nos achegan ao nivel rexistrado en 2020/2021 (Gráfico 15). A recuperación afecta a ambos os dous ítems que o integran, de tal xeito que no referido á satisfacción coa formación adquirida permite igualar o dato de hai dous cursos, mentres que no relacionado co cumprimento das expectativas formativas do estudantado esta igualación non se consegue por vinte e catro centésimas. En todo caso, se nos atemos en exclusiva ás cifras o máis relevante é que desaparece a tendencia descendente tras o bo resultado do curso 2019/2020, situando o dato de 2022/2023 medio punto por riba do valor da mediana.

Gráfico 15. Satisfacción do alumnado co criterio 6. Resultado de aprendizaxe (Grao)



Sen embargo, seguimos compartindo a crítica que fixemos o curso pasado en relación cos resultados procedentes das enquisas de satisfacción referidos a este criterio –xunto coa metodoloxía que se emprega para o seu deseño–, e que neste IRSD correspondente a 2022/2023 decidimos ampliar a outros polos argumentos xa expostos nos apartados precedentes. Malia que tamén aquí asistimos á recuperación puntual do valor tan baixo co que unha parte dos integrantes dunha promoción concreta estimou en 2021/2022 os resultados da aprendizaxe da titulación, insistimos unha vez máis en que os valores que ofrecen estas enquisas deben ser tomados con moita cautela, posto que buscan cualificar numericamente cuestións cunha notable carga subxectiva. Engádate a isto, a hipótese de que é posible que unha parte máis ou menos extensa dos/as enquisados/as continúen emitindo a súa valoración dende o parcial coñecemento, cando non dende o total descoñecemento, sobre aquilo polo cal se lles pregunta. Pénse senón nas tres preguntas que entón nos fixemos e que agora reformulamos para sintetizalas nunha soa: como é posible emitir unha valoración numérica sobre os resultados de aprendizaxe desde o descoñecemento sobre os contidos, obxectivos de aprendizaxe, habilidades e destrezas a desenvolver en todas e cada unha das materias que

se cursan, se non se coñecen nin revisan as súas respectivas guías docentes nas que, por certo, se indica cal é a formación que se vai transmitir a través do proceso de ensinanza-aprendizaxe?

Pola súa banda, a única persoa que seguiu o programa formativo do PCEO e que cubriu as ditas enquisas ignorou un dos dous ítems deste criterio, así que á nula representatividade que poden ter os resultados procedentes dunha mostra composta por un único suxeito, se ven engadir agora esta circunstancia. E de novo, o colectivo dos/as titulados/as amosa unha percepción máis positiva da aprendizaxe recibida durante os catro cursos da titulación que a dos/as seus compañeiros que aínda están a seguir o 3.º curso. Con todas as dificultades engadidas que conleva a avaliación numérica da satisfacción (véxase senón as dúas entradas da voz *satisfacción* no Dicionario da RAG: 1. Pracer ou sentimento de benestar que resulta da realización de algo que se desexa ou é preciso; 2. Acción de satisfacer un desexo, unha necesidade, unha demanda etc.), o 4,1 resultante da media dos dous ítems (onde, por certo, figura outro distinto aos dous anteriores: A utilidade da formación recibida para a carreira profesional) supera ademais o 3,47 con que esta mesma promoción valorou este mesmo criterio cando lle correspondeu cursar 3.º do Grao en 2020/2021, confirmando unha norma entre o noso estudiantado: a mellor valoración (cuantificable) –a non confundir con satisfacción (dificilmente medible cun modelo de enquisa coma esta)– que ten o noso estudiantado da titulación unha vez consegue pasar á nova condición de egresado.

Os resultados procedentes do PDI, que, lembremos, a diferenza do estudiantado enche as mencionadas enquisas indistintamente do curso no que imparte a súa docencia, é posible que estean a denotar unha certa preocupación polos resultados do proceso de ensinanza-aprendizaxe entre o noso estudiantado. A media resultante dos dous ítems contemplados sitúase nun aceptable 3,7 que, obxectivamente, representa algo máis que superar o valor da mediana; pero tamén é moi probable que se poda estar facendo eco dunha inqueda pola capacidade do noso alumnado para aplicar as habilidades e destrezas adquiridas nas materias que integran o plan formativo da titulación (estámonos a referir ao segundo dos dous ítems aquí contemplados), relacionado coa baixada de nivel académico xa comentada en criterios anteriores deste mesmo informe.

<p>Puntos febles detectados:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Mantemento na tendencia ao descenso da taxa de éxito • Persistencia da taxa de graduación en valores baixos 	<p>Accións de mellora a implantar:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Informar ao alumnado, tanto do Grao coma do PCEO, nas reunións mantidas cos/as seus profesores/as tutores/as fixadas no PAT, da importancia que ten o coñecemento das guías docentes das materias cursadas para a preparación correcta das mesmas • Insistir polo coordinador do TFG na xuntanza inicial co alumnado na implicación que ten a matriculación do TFG, facendo especial énfase na importancia de se ter matriculado e superado as materias pendentes
--	--

Evidencias nas que se se baseou a valoración:
 E4: Guías docentes das materias
 E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título, titor/a e cualificación)
 E25/: Informes de cualificación por materia
 EA11: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:
 I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción
 I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO


Valoración xenérica

De novo en 2022/2023, os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos que son postos a disposición do título, e satisfán en termos xerais as demandas sociais da súa contorna. Así mesmo, tal como se indicou no Criterio 1, por sexto curso consecutivo se logrou superar na matrícula do 1.º curso da titulación o número das prazas ofertadas, manténdose no número de estudantes respecto de 2021/2022.

Reflexión/Xustificación

Logo de analizar os resultados relativos ás taxas de éxito e avaliación no Criterio 6, comezaremos a análise deste Criterio 7 centrándonos nos referidos á eficiencia, os cales aparecen recollidos conxuntamente coas outras dúas taxas no Gráfico 16 pola estreita relación que manteñen estes tres indicadores. Segundo o *Catálogo de indicadores de Centros e titulacións* que elabora a Unidade de Análise e Programas da UVigo, este representa *Taxa de rendemento de egresados/as universitarios/as*, polo que ten en conta a “Relación porcentual entre o número total de créditos que superou un/unha estudante ao longo da titulación na que foi egresado/a e o número total de créditos nos que se matriculou”.

Gráfico 16. Taxas de éxito, eficiencia e avaliación (en %)



Do mesmo xeito que acontece coa avaliación, a eficiencia tamén experimenta un lixeiro repunte en 2022/2023 fronte á notable redución de 2021/2022, se ben aínda non se logra recuperar o valor de 2020/2021. A meta asociada a este indicador está fixada nunha taxa do 80%, así que os case que dez puntos porcentuais por riba da mesma acadados neste curso son valorados positivamente por esta comisión. Agora ben, compre non perder de vista que novamente se trata dun resultado que non se refire ao total do noso alumnado matriculado, senón só aos egresados, polo que na práctica debemos asocialo cunha promoción concreta: aquela que ingresou en 1.º en 2018/2019 cunha nota media de acceso que superou por vez primeira o aprobado, que lle tocou pasar o

confinamento sanitario no segundo cuadrimestre de 2.º e cuxos membros se integraron nos órganos colexiados do Centro para implicarse activamente nas actividades programadas e desenvolvidas nel, tal como xa se indicou en páxinas anteriores. Isto é, estamos a nos referir a un dato que non pode ser extrapolable a todo o noso estudiantado, e que seguramente non sexa alleo as características específicas dun grupo clase, algo que, por certo, lle correspondeu cubri as enquisas de satisfacción dous cursos atrás.

O resultado procedente da taxa de rendemento parece indicar que por fin se supera a tendencia decrecente que viña experimentando dende 2019/2020 (77%), 2020/2021 (76%) e 2021/2022 (68%). Segundo consta no mencionado *Catálogo de indicadores de Centros e titulacións*, esta taxa –realmente moi próxima á de éxito–, contempla a “Relación porcentual entre o número de créditos superados polas persoas matriculadas nun curso académico e o número total de créditos matriculados en dito curso académico (os créditos recoñecidos e transferidos non están incluídos dentro dos créditos superados nin nos créditos matriculados)”. O resultado do 70% permítenos obter non só unha lixeira recuperación logo da notable caída que se produciu no curso pasado, senón tamén superar a meta fixada para esta taxa en 2022/2023 (65%). Porén, debemos perder de vista que, do mesmo xeito que acontece coa taxa de graduación, tamén aquí se fixo un reaxuste na meta asociada a esta taxa para adaptala dun xeito máis realista ao perfil do noso estudiantado.

Táboa 7. Materias do Grao en Xeografía e Historia agrupadas segundo a súa taxa de rendemento (n.º)

Taxa de rendemento	Curso 2020/2021	Curso 2021/2022	Curso 2022/2023
100%	1	0	0
90% ao 99,99%	4	0	8
80% ao 89,99%	19	8	10
70% ao 79,99%	6	14	4
60% ao 69,99%	6	10	10
50% ao 59,99%	4	5	4
Inferior ao 50%	3	5	6

O agrupamento das materias da titulación segundo os diversos tramos do valor acadado pola taxa de rendemento, ofrécenos información complementaria acerca das claves que se atopan detrás desta lixeira mellora (Táboa 7). En primeiro lugar, se atendemos aos valores máis elevados, malia que por segundo curso consecutivo non hai ningunha materia que chegue ao 100%, si se percibe unha clara recuperación nos dous niveis inmediatamente inferiores: fronte a ningunha do tramo 90-99,99% en 2021/2022, agora debemos falar de 8, que mesmo chega a duplicar o resultado de 2020/2021; e tamén no tramo seguinte, o de 80-89,99%, percíbese un lixeiro aumento sobre 2021/2022, sen acadar neste caso o resultado de 2020/2021. Segundo, produciuse polo tanto un incremento do número de materias cunha taxa de rendemento que supera o 80% fronte ao curso pasado, se ben aínda se segue a situar nun nivel inferior a 2020/2021. En terceiro lugar, a importante diminución que se observa no número de materias cun rendemento de 70-79,99% é a que realmente está a influír no aumento que protagonizan con aquelas que superan o 80%. Porque, cuarto, o número daquelas outras cun rendemento inferior a 60-69,99% non varía por segundo curso consecutivo, dentro das cales se atopan as que non chegan a un rendemento 50%. Amortíguase pois, en termos xerais, o descenso rexistrado o curso pasado. Porén, estas últimas –as materias cunha taxa de rendemento que non chega ao 50%–, en quinto lugar, volven a medrar por terceiro curso consecutivo, polo que o incremento das materias que superan unha taxa de rendemento superior ao 80%, vese condicionado por aquelas outras que presentan os valores máis baixos, as cales representan en 2022/2023 o 14,3% do conxunto que integra o plan formativo da titulación.

Nas Táboas 8.a e 8.b recóllense as materias que acadaron a taxa máxima de rendemento nos últimos tres cursos, xunto aquelas outras que presentan os valores máis baixos, cuxos resultados se situaron por debaixo da metade do valor máximo en cada un deles. Se nos fixamos nas primeiras, pódese comprobar que a taxa de rendemento máis elevada acádase nunha materia optativa do 4.º curso, que supera en oito puntos porcentuais á da taxa máis elevada en 2020/2021, se ben encaixa no que ven sendo norma: as materias con maior taxa de rendemento sitúanse no último curso da titulación. Así mesmo, no que atinxe a aquelas outras cunha taxa inferior ao 48,5% (a metade da taxa de rendemento máxima acada neste curso), estas distribúense nos catro cursos do Grao: unha en 1.º, dúas en 2.º, unha en 3.º e dúas máis en 4.º É evidente que malia a terse producido unha recuperación que afecta á taxa de rendemento conxunto para a titulación, o aumento destas últimas parece que vai na liña de que se está a manter a reiterada baixada do nivel académico do noso estudiantado; á marxe das dúas que tamén formaron parte deste grupo de materias nos outros dous cursos que integran o trienio de referencia. Teremos que agardar ao vindeiro curso para comprobar se este aumento das materias coa taxa de rendimento inferior á metade do valor máximo que se rexistrou neste 2022/2023 se estanca, descende ou ben aumenta; pero á vista do analizado neste documento, é evidente que o seu referido aumento é acorde con outros indicadores que remiten á dita baixada do nivel académico do noso estudiantado (p. ex.: o descenso na nota media de acceso á titulación ou o novo descenso que por terceiro curso consecutivo volve experimentar a taxa de éxito).

Táboa 8.a. Materias con maior taxa de rendimento no Grao en Xeografía e Historia

Materia/s con maior taxa de rendimento	Curso 2020/2021	Curso 2021/2022	Curso 2022/2023
G251903 Lingua clásica: Introduccion á lingua e cultura latinas	100%		
G251981 Prácticas externas		89,66%	
G251904 Historia das relixións			97,06%


Táboa 8.b. Materias con menor taxa de rendimento (inferior ao 50%) no Grao en Xeografía e Historia

Materia/s con menor taxa de rendimento (inferior ao 50% do valor máximo acadado por esta taxa)	Curso 2020/2021	Curso 2021/2022	Curso 2022/2023
G251201 Xeografía: Fundamentos de xeografía humana	33,33%		
G251505 Xeografía aplicada. Territorio e paisaxe			
G251991 Traballo de Fin de Grao	43,59%		
G251912 Historia moderna de Galicia		41,67%	
G251505 Xeografía aplicada. Territorio e paisaxe		28,07%	
G251991 Traballo de Fin de Grao			44,90%
G251201 Xeografía: Fundamentos de xeografía humana			43,33%
G251908 Xeografía de Galicia			42,86%
G251401 Historia: Metodoloxía da historia			38,46%
G251603 Historia moderna de España			37,70%
G251402 Historia moderna universal			36,73%

En canto á taxa de abandono, atopámonos diante dun resultado certamente moi positivo. Lembremos que de acordo co devandito *Catálogo de indicadores de Centros e titulacións*, esta permite medir a “Porcentaxe de estudantes dunha cohorte de novo ingreso no curso X, matriculados no título T, na Universidade U, que sen terse graduado nese título non se matricularon nos dous cursos seguintes ao de ingreso”. O 14,75% de 2022/2023 non só é manifestamente mellor que os datos de 2021/2022 e 2020/2021, tal como se pode apreciar no Gráfico

17, senón que se trata do mellor resultado deste indicador dende o curso 2011/2012 ata o presente. Así, este sitúase por debaixo da metade do valor acadado nos peores cursos nos que incluso se chegou a exceder o 30%. Trátase pois dun dos mellores resultados obtidos neste que nos ocupa –e moi probablemente o mellor–, e non só polo feito de que se atopa dez puntos por debaixo da meta fixada nun 24%, senón porque na práctica nos remite a dúas cuestións que esta comisión considera moi positivas. Primeira, a pesar da baixada do nivel académico do noso estudiantado, este non tende a abandonar a titulación nunha proporción análoga á que si o facía cando os mesmos indicadores apuntaban cara a un nivel mellor, ao contrario, este amosa un maior arraigo. E segundo, e poida que máis importante, é posible que se estea producindo un descenso no abandono por parte do estudiantado que sen seleccionar como primeira opción a nosa titulación para realizar os seus estudos universitarios, ten capacidade de adaptarse e continuar cursándoa porque esta acaba por lle suscitar interese de cara á súa formación académica. Precisamente en relación con esta cuestión, tamén debemos comentar que neste curso 2022/2023, logo de modificar un dos protocolos de actuación do PAT en 2021/2022, procedeuse a pasarlle ao alumnado de primeira matrícula a nova ficha de detección de primeiras necesidades na que tamén se lles preguntou polos motivos que os animaron a se matricular no noso grao. Os resultados obtidos indican que un terzo do total (32,43%) matriculouse nel porque non logrou entrar noutra universidade e desexaba cursar estudos nunha titulación de Historia, así que o vindeiro IRSD correspondente a 2023/2024 nos axudará a corroborar ou refutar a dita hipótese.

Gráfico 17. Taxa de abandono no Grao en Xeografía e Historia (%)




Para finalizar, valoraremos tamén neste último criterio os resultados procedentes das enquisas de satisfacción. Comezaremos reiterando o xa exposto no Criterio 1 ao referir que en 2022/2023 se consolidou a tendencia ao descenso na participación do noso estudiantado nas enquisas de satisfacción, xa detectado en 2021/2022. Creemos bastante probable que, tal como adiantamos no informe precedente, se estea a producir un proceso de converxencia cos valores que no seu conxunto presenta o alumnado da institución universitaria que nos acolle. Só engadiremos que o 20% de 2022/2023 equivale tan só a unha quinta parte do total de posibles enquisados polo que, máis alá de facerse eco dun evidente cansazo ante o exceso de enquisas ás que está sometida cotiamente a nosa comunidade, nos debe facer reflexionar sobre a representatividade dos seus resultados de cara á detección de posibles puntos febles e fixar as correspondentes accións de mellora. Non nos estenderemos moito máis sobre o xa exposto en páxinas previas deste documento en relación coas eivas que, ao noso entender, presenta na actualidade a metodoloxía empregada na elaboración das ditas enquisas de satisfacción; porén non podemos agochar a nosa preocupación por ter que utilizar coma ferramenta de medición un instrumento que pretende

valorar numericamente un concepto cunha enorme carga de subxectividade, como de feito o é a “satisfacción”. Coidamos que é posible que teña chegado o momento de reflexionar seriamente sobre a súa utilidade tal como están deseñadas na actualidade, se ben recoñecemos que o seu redeseño non é unha tarefa fácil a cal, obviamente, excede as competencias da presente comisión. E repárese no feito de que expoñemos esta argumentación logo de que, novamente, os nosos resultados procedentes destas enquisas tamén foran positivos neste criterio, e de que o equipo directivo do Centro lle lembrase reiteradamente ao alumnado implicado (isto é, ao curso 3.º da titulación) a importancia destas enquisas.

Tal como se pode observar no Gráfico 18, o nivel de satisfacción que presenta o noso alumnado aumentou en 2022/2023, situándose nun 3,32 que supera en case sete décimas o mal resultado de 2021/2022. É certo que non se logrou recuperar os valores máximos de 2019/2020 (cando tivo lugar o confinamento sanitario durante o segundo cuatrimestre) e 2020/2021 (coincidindo coa nova realidade e o complexo sistema de quendas), pero o resultado obtido supera o valor da mediana, tamén a meta fixada en 3,1 e permite recuperar os niveis máis altos que se acadaron nos cursos previos a 2019/2020. Con todas as observacións sinaladas ao respecto destas enquisas, trátase dun resultado que valoramos positivamente.

Gráfico 18. Satisfacción xeral do alumnado nas enquisas de satisfacción



Así mesmo, no que atinxe ao único estudante do PCEO que cumprimentou estas enquisas, limitarémonos tan só a indicar o resultado do seu nivel de satisfacción coa titulación sen máis, que se sitúa en 3,06. Pola súa banda, no referido ás persoas egresadas acadouse o 4,2 (un punto e unha décima por riba da meta), cumpríndose unha vez máis a norma de que estas tenden a manifestar unha mellor satisfacción que cando están a cursar os seus estudos. Algo máis baixo é o 3,94 do PAS (tres décimas por debaixo da meta), mentres que no PDI chégase ao 4,36 (só escasas catro centésimas por debaixo da meta).

A continuación, recóllense na seguinte táboa –a xeito de síntese– cales foron os ítems mellor e peor valorados nas enquisas de satisfacción que cubriron tanto o estudantado do Grao como as persoas tituladas ao longo do trienio de referencia.

	Curso	Participación	Satisfacción xeral	Ítems mellor valorados	Ítems peor valorados
Alumnado de Grao	2022/2023	20%	3,32	-A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais): 3,88	- A implicación da Facultade/Escola na resolución de problemas e na mellora da titulación: 2,50
				- O calendario das probas de avaliación: 3,75 Os horarios da titulación: 3,75	- A coordinación entre as materias do plan de estudos: 3,00 As aulas e o seu equipamento: 3,00
				- A utilidade da páxina web da titulación: 3,63	- A atención ás queixas, suxestións ou incidencias (respostas, resolucións e posta en marcha de accións): 3,13 - A atención ás queixas, suxestións ou incidencias (respostas, resolucións e posta en marcha de accións): 3,13 - A utilidade das prácticas da titulación: 3,14 - O cumprimento das túas expectativas formativas: 3,14
	2021/2022	25%	2,64	-Os horarios da titulación: 4,13	-A utilidade das prácticas da titulación: 2,11
				-Os espazos para o traballo autónomo (biblioteca, aulas TIC, e o seu equipamento): 3,33	-A implicación da Facultade na resolución de problemas e na mellora da titulación: 2,13
				-A distribución e orde das materias no plan de estudos: 3,00 -O calendario das probas de avaliación: 3,00	-As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: 2,22 -O cumprimento das túas expectativas formativas: 2,22
	2020/2021	71,43%	3,87	-A atención do PAS do centro: 4,25	-O cumprimento das túas expectativas formativas: 3,40
				-Os horarios da titulación: 4,21	-A coordinación entre as materias do plan de estudos: 3,47
				-As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: 4,15	-A formación adquirida: 3,55
Persoas tituladas	2022/2023	23%	4,20	-Os programas de mobilidade, de ser o caso: 5,00 -Espazos para o traballo autónomo (biblioteca, aulas TIC...): 5,00	-A orientación profesional e laboral recibida: 3,50
				-A atención ás queixas, suxestións ou incidencias (resposta, resolución e posta en marcha de accións): 4,50 -Formación adquirida na práctica: 4,50 -Adecuación das tarefas ao perfil profesional e formación: 4,50	-O grao de actualización dos contidos do plan de estudos: 3,60

Persoas tituladas	2021/2022	6%	4,05	-O desempeño do profesorado: 4,40 -A axuda recibida do PAS do centro: 4,40 As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: 4,40	-A distribución das materias do plan de estudos: 3,80
				- A facilidade para atopar contidos na páxina web: 5,00 - A utilidade da páxina web da titulación: 5,00 - As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: 5,00 -Formación adquirida na práctica: 5,00 -Adecuación das tarefas ao perfil profesional e formación: 5,00	-O grao de actualización dos contidos do plan de estudos: 3,00
				-A distribución das materias do plan de estudos: 4,00 -A orientación académica recibida: 4,00 -A orientación profesional e laboral recibida: 4,00 -A atención ás queixas, suxestións ou incidencias (resposta, resolución e posta en marcha de accións) : 4,00 -A implicación do Centro na resolución de problemas e na mellora da titulación: 4,00 -O desempeño do profesorado: 4,00 -A axuda recibida do persoal de administración e servizos do centro: 4,00 -A formación adquirida: 4,00 -A utilidade da formación recibida para a carreira profesional: 4,00 -Duración das prácticas: 4,00	-As metodoloxías empregadas para o desenvolvemento do ensino: 3,00
	2020/2021	18%	3,38	-Formación adquirida na práctica: 5,00 -Adecuación das tarefas ao perfil profesional e formación: 5,00 -Duración das prácticas: 5,00	-A orientación profesional e laboral recibida: 2,00 -O desempeño do profesorado: 2,00
				-A atención do persoal de administración e servizos: 4,00	-A orientación académica recibida: 2,50 -As vías para participar na mellora da titulación (Caixa QSP (queixas, suxestións e parabéns), participación en comisións, comunicación cos responsables académicos etc.. : 2,50
				-A facilidade para atopar contidos na páxina web: 3,50 -As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: 3,50 -A utilidade da formación recibida para a carreira profesional: 3,50	-A utilidade da páxina web da titulación: 3,00 -As aulas e laboratorios: 3,00 A formación adquirida: 3,00

<p>Puntos febles detectados:</p> <ul style="list-style-type: none"> Mantense unha baixa participación nas enquisas de satisfacción xa detectada no pasado curso 2021/2022 	<p>Accións de mellora a implantar:</p> <ul style="list-style-type: none"> Incrementar por parte do equipo directivo do Centro a difusión entre o alumnado que cursa o Grao e o PCEO da importancia que teñen as enquisas de satisfacción para a mellora da Calidade
<p>Evidencias nas que se baseou a valoración: E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC</p>	
<p>Indicadores: I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico I12: Evolución dos indicadores de resultados ☐ Taxa de gradación ☐ Taxa de abandono ☐ Taxa de eficiencia ☐ Taxa de rendemento ☐ Taxa de éxito ☐ Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial) I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego I010-DO: Duración media dos estudos</p>	

Seguimento da titulación: Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO


Valoración xenérica

O programa formativo desta titulación de post-grao está actualizado e impartiuse se incidencias no curso académico 2022/2023 seguindo a súa memoria verificada, desenvolvéndose o seu plan de estudos de acordo cos criterios establecidos nela. Un curso máis consecutivo –cuarto–, esta titulación estivo adscrita en exclusiva á nosa Facultade de Historia.

Reflexión/Xustificación

Durante o curso 2022/2023 o número de novas matrículas apenas variou respecto de 2021/2022, experimentado tan só un lixeiro descenso dende os 21 estudantes aos 20 actuais, os cales permiten seguir superando a baixada de matrícula que se produciu en 2018/2019 e 2020/2021 (Gráfico 19).

Gráfico 19. Estudantes de primeira matrícula no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural



Na liña do que ven sendo corrente neste máster, seguiu a predominar entre o alumnado de primeira matrícula un perfil claramente multidisciplinario (Táboa 9). Así, neste 2022/2023, aqueles/as que accederon a el tras cursar unha titulación universitaria do ámbito humanístico representaron o 50%; unha porcentaxe aínda moi próxima á de 2021/2022 (52,36%) e de 2020/2021 (52,62%), pero distante do 66% que estes/as mesmos/as supuxeron en 2019/2020. Mantense polo tanto, por terceiro curso consecutivo, un descenso gradual neste sector. En segundo termo, o estudantado procedente de titulacións cun perfil tecnolóxico ou vinculadas á conservación e restauración situouse no 25%, diminuindo pois a súa presenza en relación co 28,56% acadado en 2021/2022 e mesmo co 26,36% de 2020/2021. A maiores, en terceiro lugar, debemos mencionar un reducido 15% que cursou previamente unha titulación universitaria do ámbito das Ciencias Sociais. Trátase neste senso dunha novidade

que quixeramos salientar, posto que o dato pode estar a indicar a consolidación dun novo nicho de captación de alumnado para esta titulación de post-grao. Os resultados de vindeiros IRSD confirmarán ou refutarán esta hipótese.

Táboa 9. Perfil do alumnado matriculado no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural segundo os seus estudos cursados previamente

2022/2023	Estudo Acceso	Nº	%
		Título de Conservación e Restauración de Bens Culturais e os seus homologados no RD 490/94 e OM de 05/04/1942	2
	Estudios realizados no estranxeiro	2	10%
	Graduado/a en Belas Artes	1	5%
	Graduado/a en Traballo Social	1	5%
	Graduado/a en Xeografía e Historia	4	20%
	Graduado/a en Historia da Arte e Patrimonio Histórico-Artístico	1	5%
	Graduado/a en Historia	1	5%
	Graduado/a en Historia da Arte	1	5%
	Graduado/a en Humanidades	1	5%
	Titulado/a Superior Conservación e Restauración de Bens Culturais	2	10%
	Graduado/a en Antropoloxía Social e Cultural	1	5%
	Graduado/a en Xeografía e Historia	1	5%
	Máster Universitario en Dirección e Planificación do Turismo	1	5%
	Graduado/a universitario no Espazo Europeo de Educación Superior	1	5%
	Total	20	100%

Se nos fixamos na orixe xeográfica do total de alumnos/as matriculados/as na titulación, séguese a constatar o predominio daqueles/as de orixe galega, se ben detéctase un cambio na tendencia ascendente que se rexistrou nos pasados cursos posto que neste o seu peso tende a diminuír porcentualmente (Táboa 10). Así, se estes/as viñan representando o 66,6% en 2109/2020, o 69,69% en 2020/2021 e o 77,14% en 2021/2022, superando polo tanto sempre as dúas terceiras partes, agora sitúanse por debaixo deste nivel cun 63,98% equivalente a máis de dez décimas porcentuais sobre o curso inmediatamente precedente. Entre estes, segue a predominar o estudantado procedente da provincia de Pontevedra cun 37,84%, o cal dá continuidade ao seu ascenso nos dous cursos precedentes (33,22% de 2020/2021 e 34,28% en 2021/2022), seguido do de Ourense, que tamén tende a descender nesta titulación de post-grao: fronte ao 24,24% de 2020/2021 e o 25,71% de 2021/2022, volve a baixar en 2022/2023 ata o 21,62 %. Directamente relacionado con isto, gañou peso o alumnado do resto da península Ibérica: se o doutras comunidades autónomas de España e Portugal supuxera o 18,18% do total en 2020/2021 e o 17,14% en 2021/2022, en 2022/2023 ascende ata o 21,61%; mentres que o doutros países segue coa mesma tendencia descendente rexistrada no trienio de referencia, cunha perda de tres décimas por curso, logo de pasar do 6% en 2020/2021 ao 5,71% en 2021/2022, e agora ao 5,4%. A diferenza de cursos anteriores, entre este estudantado internacional non só figura o de América latina, senón que tamén debemos referirnos a alumnos de orixe europea, se ben reiteramos que todos estes representan claramente unha minoría.

Especialmente en relación con estes dous últimos grupos, cómpre lembrar que a docencia desta titulación se imparte na modalidade semipresencial, polo que non é necesario o traslado ata o Centro para poder realizar o seguimento das actividades académicas vinculadas ao seu programa formativo. Como novidade, a diferenza dos cursos anteriores, empregouse por vez primeira en 2022/2023 unha aula do Campus remoto da UVigo para a emisión e gravación das clases –en lugar da plataforma de teledocencia e-meeting–, as cales logo foron subidas á

plataforma Moovi, onde o alumnado pode acceder a todo o material docente das materias.

Taboa 10. Procedencia xeográfica do alumnado matriculado no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Procedencia xeográfica		
Galicia	n.º	% sobre titulación
Couña, A	4	10,82
Lugo	1	2,7
Ourense	8	21,62
Pontevedra	14	37,84
Provincias doutras comunidades autónomas	n.º	% sobre titulación
Asturias	1	2,7
Badajoz	1	2,7
Barcelona	3	8,11
Cádiz	1	2,7
Tarragona	1	2,7
Outros países	n.º	% sobre titulación
Francia	1	2,7
Ecuador	1	2,7
Portugal	1	2,7
Total	37	100

Na páxina seguinte, recóllese en primeiro termo na Táboa 11 a nota media de acceso do estudiantado de primeira matrícula, sendo preciso ter en conta a salvedade de que os datos nos son proporcionados pola Unidade de Estudos e Programas da UVigo sen facer distinción das notas de acceso. Tomando en consideración que unicamente podemos tomar de referencia aqueles/as nos/as que a mencionada nota media se calcula sobre 10, o 7,226 resultante permite constatar que en 2022/2023 se produciu unha recuperación que non só supera o 6,735 de 2021/2022, cando se rexistrou un descenso da mesma, senón tamén o 7,05 de 2019/2020. Valoramos positivamente este aumento da citada nota media e esperamos poder comprobar que esta se mantén, ou mesmo mellora, no vindeiro curso.

Así mesmo, tal como se pode comprobar na Táboa 12, por segundo curso consecutivo neste post-grao ningún alumno participou en programas oficiais de mobilidade.

Táboa 11. Nota de acceso ao Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Curso	Estudo acceso	Nota media Home	Nota media Muller	Nota media total
2022/2023	Título de Conservación e Restauración de Bens Culturais e os seus homologados no RD 490/94 e OM de 05/04/1942			
	Estudos realizados no estranxeiro			
	Graduado en Belas Artes			
	Graduado en Traballo Social		7,148	7,148
	Graduado en Xeografía e Historia	7,730	7,730	7,730
	Graduado en Historia da Arte e Patrimonio Histórico-Artístico			
	Graduado en Historia		6,760	6,760
	Graduado en Historia da Arte		7,200	7,200
	Graduado en Humanidades			
	Titulado Superior Conservación e Restauración de Bens Culturais			
	Graduado en Antropoloxía Social e Cultural			
	Graduado en Xeografía e Historia		7,680	7,680
	Máster Universitario en Dirección e Planificación do Turismo		6,337	6,337
	Graduado universitario no Espazo Europeo de Educación Superior			
	Nota media			7,226


Táboa 12. Alumnado participante en programas de mobilidade internacional no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Curso	a. Estudantes saíntes	b. Estudantes entrantes	c. Total (a+b)	d. Estudantes matriculados	% de c. sobre d.
2020/2021	1	0	1	29	3,4
2021/2022	Non constan	Non constan	Non constan	33	—
2022/2023	Non constan	Non constan	Non constan	37	—
TOTAL	—	—	—	—	—

De novo temos que falar para esta titulación dun descenso manifesto na participación do estudantado nas enquisas de satisfacción en 2022/2023. O 25% apenas supón dous puntos porcentuais máis que o 23% de 2021/2022, así que un curso máis segue a contrastar cos valores máis elevados de 2019/2020 (62%) e 2020/2021 (55%), e tamén achega a este mestrado aos datos de participación baixa que se produciron entre o estudantado da UVigo no curso que nos ocupa. Porén, debemos reiterar que tanto dende o equipo directivo do Centro coma dende a coordinación da titulación se informou en varias ocasións da importancia que teñen as referidas enquisas para valorar as posibles melloras que se poden implementar. Entendemos que resulta máis preocupante o descenso que se produciu na puntuación global deste Criterio 1 en relación cos cursos precedentes (Gráfico 20).

Fronte ao 3,32 de 2019/2020, o 2,93 de 2020/2021 e o salientable 4,15 de 2021/2022, en 2022/2023 situouse en 2,86. Non imos repetir o xa argumentado por extenso na parte deste informe referida ao Grao e o PCEO en relación coa metodoloxía que rexe nestas enquisas, así que aténdonos en exclusiva aos seus resultados é evidente que dos seis ítems que o integran, tres acadan o valor da mediana, dos cales só un é capaz de superala en contraste coa totalidade deles que si o lograron en 2021/2022, e que destes o PAT segue a formar parte dos peor considerados, correspondéndolle o penúltimo posto fronte ao último que ocupou nos outros dous cursos do trienio de referencia.

Gráfico 20. Satisfacción do alumnado co criterio 1. Organización e desenvolvemento (Mestrado)



Pola súa banda, a diferenza da baixa participación das persoas egresadas nestas enquisas en 2021/2022 (25%), a porcentaxe de participación foi do 57% en 2022/2023. Como se pode comprobar, trátase dunha participación tamén moi superior á do estudiantado que seguiu o seu programa formativo neste curso. Sen embargo, esta maior representatividade do grupo enquisado contrasta coa baixísima valoración que as persoas egresadas mostran deste criterio, cunha media de 2,62 referida aos seis ítems. Supera á media escasamente representativa do 2,41 de 2021/2022, cando tan só encheron estas enquisas unicamente dous titulados, pero queda realmente lonxe do 3,67 de 2019/2020 e máis aínda do 4,36 de 2021/2022. De novo, só tres deles acadan e superan o valor da mediana, sendo o ítem peor valorado “A orientación profesional e laboral recibida” cun 1,25, o cal é coherente coa reducida valoración que ten o PAT entre o estudiantado deste post-grao. Pero quizá o máis preocupante, sobre todo se temos en conta a outra titulación analizada neste informe, é que aquí as persoas egresadas non só teñen unha peor valoración da titulación que os/as seus compañeiros/as que a están a cursar no ano académico contemplado, senón que a súa valoración tamén é moito peor que cando eles/as mesmos/as a cursaron, posto que entón valoraron cun 4,36 de media este criterio en 2021/2022. Isto é, tende a diminuír cando valoran a titulación con perspectiva. Consideramos pois pouco favorable esta cuestión que confiamos mellore en cursos vindeiros.

En canto a participación do PDI nas enquisas de satisfacción foi do 45%, polo tanto maior que a do alumnado da titulación, pero menor que a das persoas egresadas. En todo caso, a media resultante dos seis ítems deste criterio por parte daqueles/as que encheron, cun 4,38, supera con creces a dos outros dous colectivos referidos.

<p>Puntos débiles detectados:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Mantense unha baixa participación nas enquisas de satisfacción xa detectada o pasado curso 2021/2022 • Descenso considerable na valoración deste criterio nas enquisas de satisfacción por parte do alumnado que cursa esta titulación e tamén das persoas egresadas 	<p>Accións de mellora a implantar:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Incrementar por parte do equipo directivo do Centro a difusión entre o alumnado que cursa o Mestrado da importancia que teñen as enquisas de satisfacción para a mellora da Calidade • Indagar por parte do/a titor/a designado/a no PAT do Centro para esta titulación, a través das reunións que debe manter ao longo do curso segundo a planificación do referido PAT, a qué se pode deber o dito descenso
<p>Evidencias nas que basea a valoración:</p> <p>E1: Memoria vixente do título E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora E3: Perfil de ingreso do alumnado(graio) E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico) E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.). QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza</p>	
<p>Indicadores nos que se basea a valoración:</p> <p>I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...) I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza. I01-AC: Nota media de acceso I01(2)-AC: Nota mínima de acceso I02-AC: Ocupación I03-AC: Preferencia I03(2)-AC: Adecuación</p>	

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

Valoración xenérica

O mestrado dispón dos medios axeitados que facilitan a comunicación aos seus diferentes grupos de interese tanto do programa formativo como de todos os procesos que garanten a súa calidade. Toda a información relevante é pública e está dispoñible para todos os axentes que se atopan implicados no seu desenvolvemento.

Reflexión/ Xustificación

Consonte a dinámica de publicitación das titulacións de post-grao da UVigo, toda a información sobre este mestrado está dispoñible a través dunha web propia (<http://masterhtco3.webs.uvigo.es/gl/>) sendo o seu Coordinador a persoa responsable de subministrarlle á empresa externa encargada do seu mantemento, todas as novidades que deben ser publicitadas a través da referida web, e tamén de atender á actualización dos seus contidos de xeito continuado. Por este motivo, na web da Facultade de Historia só se oferta a información básica desta titulación de post-grao, cunha descrición xenérica e dous enlaces, un dos cales remite á súa memoria e o segundo á súa propia páxina web (<http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-patrimonio/>).

Complementariamente, emprégase a plataforma docente MooVi da UVigo para fornecer de información ao alumnado; a súa Coordinación tamén ten ao seu cargo informar puntualmente aos sectores implicados no desenvolvemento da titulación de todas aquelas novidades que se producen en relación co seu programa formativo; e se conta cunha aula virtual no Campus remoto da UVigo onde se leva a cabo a sesión de acollida ao estudantado e se expón tanto a oferta de liñas de investigación propostas polo profesorado de cara á elaboración e dirección de TFMs, como a presentación dos aspectos fundamentais das Prácticas Externas. Así mesmo, tamén se divulga dende as redes sociais da Facultade de Historia máis información que pode resultar de interese para o alumnado que cursa esta titulación, basicamente referida a convocatorias oficiais, cursos e seminarios de especialización formativa e ofertas de traballo.

Os resultados procedentes das enquisas de satisfacción sobre este criterio fanse eco igualmente, para o estudantado, do descenso xa sinalado no apartado anterior, se ben aquí a caída presenta un perfil máis amortecido. Así, fronte ao valor global dos tres ítems que compoñen este criterio en 2021/2022 (4,22), este experimentou un descenso dun punto en 2022/2023 para se situar en 3,18, sendo polo tanto inferior ademais ao 3,36 de 2019/2020, pero superior ao 3,03 de 2020/2021. Como se pode comprobar, en conxunto supérase o valor da mediana, pero non debemos perder de vista que o ítem referido á “utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...)” acadou o 2,75.

Se nos fixamos nas persoas egresadas, a diferenza do que sucede co Criterio 1, neste o valor medio acadado polos dous ítems que comprende sitúase nun 4,1, un punto superior pois ao dos seus compañeiros que cursaron esta titulación no mesmo ano académico. Tamén supera ao dato escasamente representativo de 2021/2022, cando se situou en 3 (para os motivos da dita escasa representatividade deste, véxase o xa exposto no Criterio 1 do presente documento), pero é inferior ao máximo de 5 que se logrou en 2020/2021.

Concluiremos con este criterio indicando que, tamén aquí, o valor conxunto para os catro ítems que inclúen as mencionadas enquisas para o PDI foi superior ao do estudantado e persoas egresadas, tal como evidencia o seu 4,62.

Puntos febles detectados: <ul style="list-style-type: none"> • 	Accións de mellora a implantar: <ul style="list-style-type: none"> •
Evidencias nas que se baseou a valoración: E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II) R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública	
Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.	

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

Valoración xenérica

A Facultade de Historia conta cun Sistema Interno de Garantía da Calidade que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua das súa titulacións, incluída titulación de post-grao á que está dedicada esta segunda parte do presente IRSD. Para os aspectos xenéricos deste Criterio 3, remitimos ao lector ao xa exposto no apartado homólogo da parte primeira relativa ao Grao e o PCEO.

Reflexión/ Xustificación

Xa tivemos ocasión de comentar no Criterio 1 que a participación do estudiantado do máster nas enquisas de satisfacción foi, por segundo curso consecutivo, certamente bastante baixo, posto que só o fixo o 25% do total. Seguimos, por tanto, a máis da metade do 55% de 2020/2021, xusto antes de que se producise a caída na porcentaxe de participación no conxunto do alumnado ao que lle corresponde cubrir estas enquisas nas titulacións que se imparten na Facultade de Historia. Na práctica, tal como xa adiantamos, esta baixada que se estendeu ao longo destes dous últimos cursos contribuíu a que se producise, neste aspecto concreto, unha converxencia coa participación estudiantil realmente baixa que se ven rexistrando nos últimos cursos na nosa institución. No noso caso concreto, é certo que se supera en cinco puntos porcentuais os valores globais da UVigo, pero do mesmo xeito que fixemos en 2021/2022, malia esta circunstancia, tampouco podemos consideralo un bo dato, e incluso engadimos agora que esta comisión alberga certo grao de escepticismo de cara a poder melloralo en cursos vindeiros.

Seguindo coa tónica do descenso que se evidencia nos resultados das enquisas de satisfacción enchidas polo alumno desta titulación, debemos de nos referir a unha nova baixada do valor global dos dous ítems que comprende o Criterio 3. Este sitúase en 2,5 en 2022/2023, polo tanto non só algo máis dun punto por debaixo do dato de 2021/2022 (3,87) senón tamén medio punto por debaixo do valor da mediana, e repite a mesma situación que xa referimos no Criterio 2: supera o 2,25 de 2020/2021 pero é inferior ao 2,92 de 2019/2020. Coas consabidas cautelas que debemos ter ao contemplar os valores destas enquisas, xa postas suficientemente de manifesto neste informe, é evidente que o dato apunta a que se produciu un retroceso na valoración que ten este estudiantado da canle institucional das QSP e da implicación da Facultade na resolución de problemas e na mellora da titulación.

Porén, as persoas egresadas volven a presentar un valor máis elevado neste criterio, posto que o seu 4,37 supera case que en dous puntos o resultado do anterior sector estudiantil. Con todo, podemos ter aquí un exemplo axeitado do sumo coidado que compre ter con estas cifras de cara a detectar posibles puntos febles, tal como parece deducirse da súa evolución durante os últimos catro cursos académicos: 2,33 en 2019/2020 seguido dun considerable incremento cun 4,5 en 2020/2021, para rexistrar un novo descenso ao 2,5 en 2021/2022 (que tomamos no seu momento como escasamente representativo) e agora volve a subir en 2022/2023 ata 4,37. A sucesión continuada de valores extremos permítenos comprobar como unha acción de mellora deseñada nun ano x en base aos resultados procedentes dunha promoción concreta y , podería ter influído positivamente na valoración do mesmo criterio por parte da seguinte promoción $y + 1$ no seguinte curso ($x + 1$), coincidindo coa súa implementación, pero que xa tería perdida a dita consideración positiva –á marxe do sinalado para 2021/2022– dous cursos despois ($x + 2$) cunha nova promoción ($y + 2$). Se así visto parece complexo manter unha dinámica de detección de puntos febles e aplicación de accións de mellora, a cuestión se pode complicar aínda máis se lle engadimos o factor da diacronía derivado do feito de que os resultados da promoción y son valorados durante o

curso $x + 1$, para a implementación de reformas que haberán de afectar á promoción y + 2. Non engadiremos máis ao respecto.

Finalizaremos facendo unha breve mención á valoración deste criterio por parte do profesorado, que se situou en 4,39, polo tanto, moi próxima á das persoas egresadas.

Puntos febles detectados:

- Unha valoración baixa deste criterio nas enquisas de satisfacción por parte do alumnado que cursa esta titulación

Accións de mellora a implantar:

- Indagar por parte do titor designado no PAT do Centro para esta titulación, a través das reunións que debe manter ao longo do curso segundo a planificación do referido PAT, a que se pode deber o dito descenso

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade
E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)
E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública) E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC
EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade
I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

Valoración Xenérica

O PDI e o PAS son suficientes e axeitados de acordo coas características do título e o número de estudantes. Na web do máster actualízanse cada curso os datos do profesorado, os cales se poden consultar no seguinte enlace <http://masterhtco3.webs.uvigo.es/gl/docencia/profesorado>

Reflexión/Xustificación:

Comezando polo PDI, no curso 2022/2023 mantívose o seu número en 33, logo de aumentar de 31 a esta cantidade en 2021/2022. Tamén se mantivo o seu perfil multidisciplinario de acordo coa memoria do título, como así mesmo o reforzamento do profesorado pertencente á UVigo –cuxo número quedou fixado en 20 o curso pasado– fronte ao externo, recaendo o custe das horas de docencia deste segundo no orzamento asignado á titulación. Logo da corrección que se aplicou en 2021/2022 ao cálculo do indicador I02-PE referido á cualificación do PDI, o cal reflicte a porcentaxe real de docentes doutores que imparten docencia no máster, en 2022/2023 este acadou o 57% (19 docentes sobre 33), superando en quince puntos porcentuais o 42,42% de 2021/2022 (14 docentes sobre 33), pero non a meta fixada en 70%, da que ficou polo tanto bastante lonxe. Na práctica, esta porcentaxe nos está a indicar que pouco máis da metade do PDI que imparte docencia nesta titulación de post-grao posúe o título académico de doutor, do cal se infire que, incluídos os dous axudantes que carecen del, a meirande parte do profesorado externo non dispón da mencionada cualificación académica nin, por tanto, tampouco da formación especializada que esta conleva.

Un curso máis, vólvese reproducir o erro no cálculo respecto dos sexenios do PDI que xa sinalamos nos dous IRSD precedentes. De partida, comezaremos dicindo que o resultado do indicador I03-PE sobre os resultados de investigación de carácter académico en 2022/2023 foi 70,05%, isto é, bastante por debaixo do 86,21% de 2021/2022 e do 90,91% de 2020/2021; evidenciándose, ademais, unha clara tendencia ao seu progresivo descenso. Se temos en conta que a meta deste indicador para este curso foi fixada en 85%, é evidente que debemos falar dun mal resultado. Pero realmente o problema é maior porque –tal como sinalamos nos dous cursos pasados– esta porcentaxe non se calcula sobre o conxunto dos 33 docentes da titulación, nin tampouco sobre os 20 integrados na planta da UVigo, senón só sobre aqueles/as que formando parte destes/as teñen a posibilidade de poder acceder ao recoñecemento académico da súa actividade investigadora. Así, se en 2021/2022, o 86,21% tivo en conta a 17 suxeitos (contabilizando incluso aos Axudantes doutores que se beneficiaron no dito curso do plan especial da UVigo para a solicitude de sexenios), en 2022/2023, o cálculo do 70,05% fíxose a partir dos 15 docentes que formando parte do PDI da universidade reuniron as condicións de ter sexenios recoñecidos. En definitiva, non só o cálculo deste dato é erróneo e á vez enganoso, posto que non contempla a totalidade dos/as docentes da titulación (30); senón que, a maiores, e tendo presente esta corrección de interpretación do mesmo, indica que os resultados de investigación de carácter académico volven descender de xeito notable por segundo curso consecutivo.

Como xa se sinalou ao nos referir ao Grao, nas enquisas de satisfacción de 2022/2023 cubertas polo estudiantado non se contempla ningún ítem neste criterio que atenda á súa satisfacción co PDI. Pero no único que o integra, referido á axuda recibida do persoal de administración e servizos do centro, de novo se volve apreciar unha diminución do valor obtido en relación co curso anterior. O 2,6 resultante é inferior ao 3 de 2021/2022 e o 3,92 de 2019/2020, e só supera cunha décima ao 2,5 de 2020/2021. En todo caso, sitúase por debaixo do valor da mediana.

Fronte a estes, de novo os resultados procedentes das persoas egresadas volven acadar un nivel superior cun 4,4 tanto neste mesmo ítem relativo ao PAS como noutro máis relacionado co desempeño do PDI. Trátase dun resultado que valoramos positivamente, sen perder de vista que as enquisas só permiten realizar a comparativa no que atinxe ao PAS pero non ao PDI. Velaí outra eiva que presentan.

E, pola súa banda, o resultado medio dos dous ítems que tamén se contemplan neste mesmo criterio para o PDI sitúase en 3,9, lixeiramente inferior ao das persoas tituladas pero claramente superior ao do alumnado. Destes dous, o dato máis elevado refírese á atención recibida do persoal de administración e servizos do centro.

<p>Puntos febles detectados:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Unha valoración baixa deste criterio nas enquisas de satisfacción por parte do alumnado que cursa esta titulación 	<p>Accións de mellora a implantar:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Indagar por parte do titor designado no PAT do Centro para esta titulación, a través das reunións que debe manter ao longo do curso segundo a planificación do referido PAT, a que se pode deber o dito descenso
<p>Evidencias nas que se baseou valoración: E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.) R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)</p>	
<p>Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente o PAS e fundamentalmente <u>resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI</u> I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas</p>	

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.
I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución
I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)
I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)
I02-PE: Cualificación do PDI
I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico (Sexenio)
I03(2)-PE: Profesorado por categoría

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

Valoración Xenérica

A titulación dispón dos recursos materiais e servizos axeitados para o desenvolvemento correcto do seu programa formativo e acordes coas súas características, permitindo que o estudantado adquira as competencias recollidas na súa Memoria.

Reflexión/Xustificación

Ao tratarse dunha titulación adscrita á Facultade de Historia, o alumnado que segue o programa formativo do Mestrado ten á súa disposición todos os recursos materiais e servizos do Centro. Tal como indicamos no Criterio 1, toda a docencia impártese na modalidade semipresencial a través do Campus remoto da UVigo, polo que non é preciso que o estudantado se desprace ata a facultade. A través da plataforma de teledocencia Moovi da UVigo, este ten acceso a todos os materiais das distintas materias e ás clases previamente gravadas durante a súa impartición. Así mesmo, no que atinxe ás instalacións onde se realizan as Prácticas Externas, estas dependen tanto das institucións como das empresas coas que teñen asinado os oportunos convenios, e reúnen os requisitos precisos para que se podan desenvolver correctamente.

Se nos fixamos nas enquisas de satisfacción que cubriu o estudantado, debemos comentar en primeiro termo que en dous dos catro ítems que contempla este Criterio 5 só contestou unha única persoa, o cal nos sitúa diante dunha nova evidencia da discutible fiabilidade que estas poden chegar a ter. Trátase dunha situación que non rexistramos nos catro criterios anteriores, pero si nestes dous referidos ítems deste. Como xa se comentou en páxinas anteriores neste mesmo documento, a propia Unidade de Análise e Programas da UVigo optou acoidadamente por considerar non representativos os valores que ofrecen estas enquisas cando só as cubriu unha única persoa dun colectivo contemplado. Realmente, aquí atopámonos con algo diferente: un criterio no que só unha única posible persoa enquisada opta por responder a dous dos seus ítems. Tendo en conta esta cuestión e que si houbo máis respostas para os outros dous ítems, a media dos mesmos sitúase en 4,4. Un novo curso, estamos diante do dato máis elevado dos sete apartados que integran a análise desta titulación, se ben experimenta un pequeno descenso fronte a 2021/2022 (4,8) cando protagonizou un incremento considerable en relación con 2020/2021 (3,93). Tamén repiten en conxunto estes catro ítems o panorama xa descrito en 2021/2022, con algún pequeno matiz: dous deles acadan a máxima puntuación dun 5 –un menos, correspondéndose cos dous ítems só respondidos por un único estudante (laboratorios, obradoiros e espazos experimentais; e espazos para o traballo autónomo)–, e o peor deles segue a ser a plataforma de teledocencia e ferramentas multimedia, cun 3,6 inferior ao 4,2 de 2021/2022 e case idéntico ao

3,67 de 2020/2021. Polo tanto, debemos reiterar a nosa preocupación por que este ítem acade a peor puntuación, xa por cuarto curso consecutivo con este que nos ocupa, na medida en que –como sinalamos– se trata dunha titulación impartida na súa totalidade a través dunha plataforma de teledocencia.

En canto ás persoas tituladas, tamén aquí o resultado é un pouco máis alto que no anterior grupo, cun 4,55 referido a só tres ítems. Unha nova diferenza no deseño das enquisas de satisfacción entre ambos os dous sectores estrudantís que dificulta a comparación da totalidade de cuestións que conforman este criterio. Iso si, o 4,4 referido á plataforma de teledocencia e ferramentas multimedia ponnos diante dun novo exemplo de que o noso alumnado tende a valorar mellor os recursos que poñen á súa disposición as nosas titulacións unha vez rematados os seus estudos.

Así mesmo, o PDI presenta un resultado deste criterio moi próximo ao destes últimos cunha media de 4,52, na que se recollen os datos parciais procedentes dos catro ítems valorados. Destes, correspóndelle a mellor valoración precisamente á plataforma de teledocencia e ferramentas multimedia, cun 4,62 que, como se pode comprobar, supera á valoración feita polo alumnado egresado.

Puntos febles detectados:

- Reiteración da peor puntuación acadada pola satisfacción coa plataforma de teledocencia por parte do alumnado

Accións de mellora a implantar:

- Indagar por parte do titor designado no PAT do Centro para esta titulación, a través das reunións que debe manter ao longo do curso segundo a planificación do referido PAT, a qué motivos se pode deber a dita baixa valoración deste ítem, para co coñecemento do/s mesmo/s aplicar as melloras que proceda

Evidencias nas que se baseou a valoración:

- E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título
 E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT
 E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares.
 E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
 E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia
 E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

- I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos
 I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas
 I11: N° de alumnado por centro de prácticas.
 I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE


Valoración Xenérica

No curso 2022/2023, os resultados de aprendizaxe foron de novo coherentes co programa formativo desta titulación de post-grao e co seu perfil de egreso.

Reflexión/Xustificación

Comezando en primeiro lugar coa taxa de éxito (Gráfico 21), esta volve a moverse no nivel común ao trienio de referencia logo de acadar o 98% en 2022/2023, superándose así un curso máis –por terceira vez de xeito consecutivo– a meta proposta, que decidiuse elevar á alza ata o 96% á vista da súa evolución positiva. Na práctica trátase dun bo resultado, posto que nos está a indicar que a meirande parte do estudantado que decide presentarse ás probas de avaliación das materias cursadas é capaz de superalas, se ben medra ata seis o número destas nas que esta taxa non chega ao 100% (fronte as catro de 2021/2022).

Gráfico 21. Taxa de éxito do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural




Se nos fixamos na taxa de avaliación, esta tamén volve experimentar un novo crecemento, de certa consideración, que dá continuidade ao que se ven rexistrando dende hai dous cursos, de tal xeito que se do 53% de 2020/2021 se pasou ao 56% en 2021/2022, agora volve subir máis claramente en 2022/2023 ata o 67,5%, para superar incluso o 64% de 2019/2020. Por tramos, das 21 materias que integran o programa formativo da titulación para as cales dispomos de datos, de novo só unha presenta unha taxa de avaliación do 100% (4,76% do total) e outra máis se move no nivel que vai do 90 ao 99,99% (4,76%). É polo tanto nos outros niveis onde se concentran os cambios producidos. Así, en relación con 2021/2022, no que vai do 80 ao 89,99% o número de materias reduciuse ata dúas (9,52%); fai acto de presenza o que vai de 70 a 79,99% con sete delas que supoñen o grupo máis abundante (33,33%); diminúe ata tres o de 60 e o 69,99% (14,28%), e máis tenuemente ata catro o de 50 e o 59,99% (19,04%) e ata dúas o de 40 e o 49,99% (9,52%); só unha sitúase na franxa de 30 a 39,99% (4,76%); e non houbo ningunha entre o 20 e o 29,99%. En resumidas contas, algo máis da metade de todas as materias do programa formativo teñen unha taxa de avaliación superior ao 70%. Porén, o TFM é a materia que presenta a menor taxa de avaliación. Certamente, a diferenza de 2021/2022, no que se moveu no nivel de 20 a 29,99%, neste situouse en solitario no de 30 a 39,99%, pero debemos reiterar un curso máis que non se trata de bos resultados, se ben non podemos perder de vista que nalgúns casos é probable que esta a facer eco das circunstancias específicas do estudantado que cursa esta titulación, posto que é habitual que os seus integrantes intenen combinala cunha actividade profesional.

Pola súa banda, en terceiro lugar, a taxa de graduación amortece a tendencia descendente identificada en 2020/2021 e que chegara a acadar un perfil máis pronunciado en 2021/2022. Como se pode observar no Gráfico 26, o resultado do 40% de 2022/2023 supera amplamente ao do curso precedente e tamén por cinco puntos porcentuais a meta fixada en 35%, logo do reaxuste desta tras o IRSD precedente de 2021/2022. A

diferenza de entón, xa non nos atopamos pois diante dun dos peores resultados da titulación, senón máis diante dun posible cambio de tendencia que esperamos poder consolidar en cursos vindeiros.

Gráfico 22. Taxa de graduación no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural



A diferenza dos dous cursos académicos precedentes, nos que a taxa de avaliación do TFM deixou de ser a máis baixa de todas as materias do título, para ocupar o segundo posto polo final, en 2022/2023 volveu recuperar o último lugar, se ben o seu 30,56% supera os valores de 2021/2022 (24,24%) e 2020/2021 (28,57%). Pese a este posto, o aumento do número de TFMs defendidos (Táboa 13.a) influíu positivamente no aumento deste indicador. Tal como se recolle na Táboa 13.b, a diferenza dos dous cursos anteriores, produciuse un aumento, en termos medios, das notas destes. Por segundo curso consecutivo, ningún obtivo a máxima cualificación da Matrícula de Honra, pero de distinto xeito que neses dous cursos, neste que nos ocupa tampouco houbo ningún traballo defendido que acadase o Aprobado. Isto é, todos obtiveron ou ben un Notable ou ben un Sobresáinte, e dentro destes dous rangos de cualificacións tenderon a se concentrar no máis elevado. Así, se en 2020/2021 e 2021/2022 só o 20% dos TFMs defendidos obtiveron unha nota de Sobresáinte, en 2022/2023 estes representaron o 60%; o cal influíu no descenso daqueles outros que foron cualificados cun Notable: se en 2020/2021 supuxeron o 50% e en 2021/2022 o 62,5%, en 2022/2023 chegaron a representar o 40%. En definitiva, a materia do TFM volveu a ocupar o último posto se atendemos á taxa de avaliación, pero tanto o número de traballos defendidos como as cualificacións obtidas experimentaron un aumento.

Táboa 13.a. TFMs matriculados e defendidos no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural


CURSO	TFM MATRICULADOS	TFM DEFENDIDOS	
	Nº	Nº	%
2020/2021	28	8	28,57
2021/2022	33	8	24,24
2022/2023	32	10	31,25
Totais	93	26	27,96

Táboa 13.b. Cualificacións do TFM no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

CURSO	CUALIFICACIÓNS				TFM TOTALS
	MH	Sobresáinte	Notable	Aprobado	
2020/2021	1	1	4	2	8
2021/2022	0	1	5	2	8
2022/2023	0	6	4	0	10
Total	1	8	13	4	26

As enquisas de satisfacción tamén aportan resultados que van na liña do descenso rexistrado nos restantes criterios analizados, agás no 5. Así, fronte ao 4,1 conxunto para os dous ítems deste criterio en 2021/2022, atopámonos agora cun modesto 2,7 que, por tres décimas, non é capaz de chegar ao valor da mediana (Gráfico 23). Trátase do peor dato rexistrado ata o momento en relación con este mesmo criterio dende que se ven contemplando a súa análise nestes informes, o cal, en certo sentido, mantén certa coherencia co anterior indicador comentado (sobre todo, se temos en conta que o peor dos dous ítems valorados é o referido ao cumprimento das expectativas formativas, cun 2,6), a non ser polo feito de que a taxa de abandono non se calcula co mesmo grupo de estudantes que aqueles aos que lles corresponde cubrir as mencionadas enquisas. Insistindo, unha vez máis nas problemáticas intrínsecas á metodoloxía coa que se elaboran as mencionadas enquisas, cuxos resultados presentan en ocasións certas incoherencias de difícil explicación e incluso contradicións, novamente debemos referirnos a un mal resultado.

Gráfico 23. Satisfacción do alumnado co criterio 6. Resultados de aprendizaxe (Mestrado)



Agora ben, parece que neste criterio os resultados das persoas egresadas tenden a converxer cos datos dos seus compañeiros que estiveron a seguir o programa formativo da titulación en 2022/2023. Para empezar, o valor conxunto para os dous ítems sitúase en 2,75, valorando cun 2,5 a utilidade da formación recibida para a carreira profesional. Non se perda de vista o xa sinalado en relación co feito de que unha parte do alumnado que cursa este máster, simultanea os seus estudos cunha profesión. Pero, en segundo lugar, é precisamente a esta promoción á que se refire a taxa de abandono. Certamente, tampoco podemos falar aquí dun bo resultado.


Porén, os resultados das enquisas cubertas polo PDI deixan tras de si un 4,07 para cada un dos dous ítems que comprende este criterio. Como se pode comprobar, trátase dun valor máis elevado que a dos outros

dous sectores.	
Puntos febles detectados: <ul style="list-style-type: none"> Persistencia dunha taxa de avaliación moi reducida da materia TFM Unha valoración baixa deste criterio nas enquisas de satisfacción por parte do alumnado que cursa esta titulación 	Accións de mellora a implantar: <ul style="list-style-type: none"> Reunión do coordinador do TFM co alumnado no que se informe da implicación que ten a matriculación do TFM Indagar por parte do tutor designado no PAT do Centro para esta titulación, a través das reunións que debe manter ao longo do curso segundo a planificación do referido PAT, a que motivos se pode deber o aumento da taxa de abandono e a baixa valoración deste criterio, para co coñecemento do/s mesmo/s aplicar as melloras que proceda
Evidencias nas que se se baseou a valoración: E4: Guías docentes das materias E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título, tutor/a e cualificación) E25/: Informes de cualificación por materia EA11: Informes de prácticas	
Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)	

CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO

Valoración xenérica <p>Os resultados da taxa de rendemento e das enquisas de satisfacción son congruentes co deseño, a xestión e os recursos da titulación. Achegarémonos en primeiro termo á mencionada taxa tanto dende unha perspectiva global como máis pormenoriza por materias, para, a continuación, presentar os resultados das enquisas atendendo aos diversos sectores que as cubriron.</p>
Reflexión/Xustificación <p>A diferenza dos cursos precedentes 2021/2022 e 2020/2021, nos que a taxa de rendemento permaneceu en niveis próximos, logo de que se producise unha caída de certa consideración no primeiro de ambos os dous cursos, en 2022/2023 podemos falar non só dunha recuperación que permite delimitar a súa tendencia ascendente, senón, ademais, do seu achegamento aos mellores cursos nos que se logrou situar o seu valor por riba do 60% (p. ex.: 2017/2018 e 2019/2020). De feito, tal como se pode apreciar no Gráfico 24, a taxa situouse na referida cifra, superando así a meta fixada en 55% logo do reaxuste que fixemos o curso pasado á vista do estancamento entón rexistrado. Valoramos este dato, por tanto, de maneira positiva, esperando poder volver a rexistrar resultados análogos, ou superiores en vindeiros informes.</p>

Gráfico 24. Taxa de rendemento do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural



Unha sinxela ollada ao valor que acadada esta taxa nas materias do programa formativo, permítenos comprobar cales son as claves que se atopan detrás desta recuperación (Táboa 14). Do mesmo xeito que en 2021/2022, hai unha única materia que chega ao 100% e outra máis no nivel que vai do 90 ao 99,99%. A isto temos que engadir o descenso a dúas materias que se constata no tramo do 80 ao 89,99%, o grande aumento que se detecta no que vai do 70 ao 79,99%, onde temos a maior concentración con seis delas, e a redución evidente que se produciu no que vai do 60 ao 69,99%. Así que, se en 2020/2021, as materias cunha taxa de rendemento superior ao 70% a penas supuxeron un baixísimo 18,18% do total, para incrementar o seu peso en 2021/2022 cum 27,27%, en 2022/2023 foron capaces de chegar ao 47,62%, ou o que é o mesmo, case a metade de todas as materias. Engádase a isto que, por terceiro curso consecutivo, segue a descender progresivamente o número daquelas outras que non chegan ao 60%: doce en 2020/2021, dez en 2021/2022 e agora nove en 2022/2023. Noutra orde de cousas, non debemos perder de vista que, malia a este resultado que valoramos positivamente, é evidente que segue a haber un número importante de estudantes que non se presenta ás probas de avaliación das materias, sendo esta circunstancia a que principalmente repercute no valor da taxa de rendemento, xa que –lembros– os resultados da taxa de éxito foron moi bos.

Táboa 14. Taxa de rendemento agrupada do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Taxa de rendemento	2020/2021	2021/2022	2022/2023
100%	0	1	1
90% ao 99,99%	0	1	1
80% ao 89,99%	1	3	2
70% ao 79,99%	3	1	6
60% ao 69,99%	6	6	2
50% ao 59,99%	6	4	5
Inferior ao 50%	6	6	4

Nas Táboas 15 e 16 recóllense as materias que presentan a taxa de rendemento maior e aquelas outras cuxo resultado é inferior ao 40%. Como se pode comprobar na primeira de ambas as dúas, o valor máximo da taxa de rendemento oscilou entre o 100% e o 78,95% para o trienio de referencia, movéndose polo

tanto en rangos parellos aos que se constataron entre 2018/2019 e 2020/2021, e entre 2019/2020 e 2021/2022, polo que decidimos manter novamente o axuste xa feito hai dous cursos, de situar dentro das que presentan una taxa de rendemento menor, aquelas cunha taxa inferior ao 40%. En 2022/2023, as materias coa taxa de rendemento máis elevada foron exactamente as mesmas que en 2020/2021; e, no tocante a aquelas con resultados inferiores ao 40%, só debemos facer mención ao “Traballo Fin de Máster”, que tamén formou parte deste sector nos tres cursos anteriores. O xa exposto no Criterio 6 ao respecto do “Traballo Fin de Máster” é perfectamente aplicable a este mesmo criterio.

Táboa 15. Materias con maior taxa de rendemento no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural


Materia con maior taxa de rendemento	2020/2021	2021/2022	2022/2023
M143101 Concepto e Categorías do Patrimonio Cultural	84,21%		
M143103 Protección Xurídica do Patrimonio Cultural	78,95%		
M143216 Patrimonio cultural e turismo		100,00%	
M143210 Difusión e Socialización do Patrimonio Cultural		93,75%	
M143101 Concepto e Categorías do Patrimonio Cultural			100,00%
M143103 Protección Xurídica do Patrimonio Cultural			90,00%

Táboa 16. Materias con taxa de rendemento inferior ao 40% no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Materia con menor taxa de rendemento	2020/2021	2021/2022	2022/2023
M143211 Deseño de Exposicións e Modelos Expositivos	38,46%		
M143217 Introducción á avaliación estrutural de construcións patrimoniais	33,33%		
M143214 Traballo Fin de Máster	28,57%		
M143218 Técnicas non destrutivas para a avaliación do patrimonio cultural inmovible	20,00%		
M143214 Traballo Fin de Mestrado		24,24%	
M143217 Introducción á avaliación estrutural de construcións patrimoniais		22,22%	
M143214 Traballo fin de Máster			30,56%

O peor resultado deste criterio, e pode que se trate do peor desta titulación, rexistrouse no valor da taxa de abandono. Segundo se pode observar no Gráfico 25, despois de que esta aumentase de maneira xa preocupante entre 2020/2021 e 2021/2022 duplicando largamente o dato do primeiro destes dous cursos, en 2022/2023 vólvese producir un novo aumento que chega a case que duplicar de novo o mal dato de 2021/2022. O 52,63% resultante é un dato certamente alarmante que supera incluso os peores resultados previos aos cursos 2019/2020 e 2020/2021, cando a dita taxa se moveu en torno a vinte puntos porcentuais por debaixo deste dato. Na práctica, supón que máis da metade do estudiantado matriculado decide abandonar o programa formativo que ofrece este máster. Engádase a isto que a dita taxa tamén supera en máis do dobre a meta fixada no 20%, así que é manifesto que nos atopamos diante malísimo dato que esperamos poder corrixir de cara ao vindeiro curso.


Gráfico 25. Taxa de abandono no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural (%)



Esta titulación tampouco se mantivo á marxe do notable descenso que experimentou de xeito xeral a participación do alumnado da UVigo nas enquisas de satisfacción en 2022/2023. Aínda que lixeiramente superior á participación do estudantado do Grao, e tamén dous puntos porcentuais superior a este mesmo dato do Mestrado en 2021/2022, o 25% resultante nos está a indicar que tamén se deixaron sentir nesta titulación argumentos semellantes aos xa expostos en páxinas precedentes deste informe. Quixeramos reiterar, un curso máis, que estes resultados tan baixos de participación non se fan eco dos esforzos realizados polo equipo directivo da Facultade en 2022/2023 á hora de difundir entre o noso alumnado a importancia destas enquisas para a mellora da Calidade; e que, novamente, nos preocupa o descenso gradual da participación, que no noso caso concreto se iniciou en 2018/2019 para culminar en 2021/2022, ao que seguiu o actual 2022/2023 cunha tendencia ao estancamento en valores de participación moi baixos no Máster. Esta redución debe facernos reflexionar sobre a representatividade dos datos que ofrecen as enquisas de satisfacción cando na práctica unicamente son cubertas por unha cantidade realmente ínfima sobre o total de posibles enquisados/as. Se só reflecten a valoración emitida por unha reducida parte dun colectivo realmente bastante máis amplo, os seus resultados non poden estar inducindo a valoracións excesivamente parciais e, o que é aínda máis grave, escasamente representativos?

Tendo en conta os matices comentados, e en coherencia cos resultados tan baixos que as mencionadas enquisas de satisfacción ofrecen para o Máster en 2022/2023, o índice global de satisfacción do estudantado foi 2,97 (Gráfico 26). Queda, polo tanto, lonxe do máximo rexistrado en 2021/2022, apenas tres centésimas por debaixo do valor da mediana e outras trece centésimas por debaixo da meta fixada. Pero quizá o dato máis preocupante é que nos atopamos diante do seu peor resultado dende 2016/2017, cando comezamos a realizar nos IRSD a análise desta titulación de post-grao. Non debemos esquecer que tamén este dato leva implícita unha importante carga de subxectividade, polo que evitaremos poñelo en relación con algúns dos aspectos tratados no anterior Criterio 6, como por exemplo a elevadísima taxa de abandono ou o baixo nivel de satisfacción tanto do estudantado como das persoas egresadas cos resultados de aprendizaxe. Iso si, estaremos moi atentos á súa futura evolución no vindeiro curso para comprobar se, como xa se ten dado anteriormente, tan só se trata de datos unicamente circunscribibles a unha promoción concreta; ou se, como desexamos que non suceda, se volven repetir.

Gráfico 26. Satisfacción xeral do alumnado nas enquisas de satisfacción do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural



Agora ben, sen saír deste 2022/2023 que nos ocupa neste informe, o resultado procedente das persoas egresadas tamén indica que se produciu neste criterio unha nova converxencia co estudantado que seguiu o programa formativo do título. De feito, o seu 2,84 é incluso algo máis dunha décima inferior e sitúase a trece centésimas da meta fixada. Se temos en conta que, como sinalamos, trátase da promoción á que lle corresponde o dato relativo á elevada taxa de abandono, é manifesto que nos volvemos atopar diante dun mal resultado que agardamos igualmente poder mellorar o curso vindeiro.

Como era de esperar o PDI presentou os mellores resultados nas enquisas de satisfacción cun 4,28, só dúas centésimas por debaixo da meta fixada, superando amplamente o valor da mediana. Porén, os do PAS achéganse aos do estudantado cun 2,99, que se afasta un punto e tres décimas da meta fixada conxuntamente para este colectivo que forma parte da comunidade do Centro.

Finalizaremos este criterio coa seguinte táboa na que inclúen os ítems mellor e peor valorados nestas enquisas ao longo dos cursos 2022/2023, 2021/2022 e 2020/2021, relativos ao alumnado do Mestrado e ás persoas tituladas que o cursaron.

	Curso	Participación	Satisfacción xeral	Ítems mellor valorados	Ítems peor valorados
Alumnado	2022/2023	25%	H: 3,62 M: 3,54 Total: 3,58	- Os laboratorios, obradoiros e espazos experimentais, e o seu equipamento: 5,00 - Os espazos para o traballo autónomo (biblioteca, aulas TIC, e o seu equipamento) : 5,00	- A coordinación entre as materias do plan de estudos: 2,40 - A implicación da Facultade/Escola na resolución de problemas e na mellora da titulación: 2,40
				- As aulas e o seu equipamento: 4,00	- A orientación académica recibida no plan de acción tutorial: 2,60 - A atención ás queixas, suxestións ou incidencias (respostas, resolucións e posta en marcha de accións): 2,60 - A axuda recibida do persoal de administración e servizos do centro: 2,60
				- As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: 3,60	- A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, tableiros, pantallas audiovisuais...): 2,75
	2021/2022	23%	H: 4,94 M: 4,00 Total: 4,23	- As aulas e o seu equipamento: 5,00 - Os laboratorios, obradoiros e espazos experimentais, e o seu equipamento: 5,00 - Os espazos para o traballo autónomo (biblioteca, aulas TIC, e o seu equipamento): 5,00	- A utilidade da páxina web da titulación: 3,67
				-A axuda recibida do persoal de administración e servizos do centro: 4,67	- A atención ás queixas, suxestións ou incidencias (respostas, resolucións e posta en marcha de accións): 3,75
				-A utilidade das prácticas da titulación: 4,50 -A facilidade para atopar contidos na páxina web: 4,50 -A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, tableiros, pantallas, audiovisuais...): 4,50	- A orientación académica recibida no plan de acción tutorial: 3,80
2020/2021	55%	3,10	-Os espazos para o traballo autónomo (biblioteca, aulas TIC, e o seu equipamento): 4,50	-A información sobre as actividades extracurriculares (culturais, deportivas,...): 1,89	

				-Os laboratorios, obradoiros e espazos experimentais, e o seu equipamento: 4,00	-As vías nas que podes participar na mellora da titulación: Caixa QSP (queixas, suxestións e parabéns), participación en comisións, comunicación cos responsables académicos etc.: 2,25
				-A utilidade das prácticas da titulación: 3,71	-A orientación académica recibida no plan de acción tutorial: 2,50
Persoas tituladas	2022/2023	57%	H: --- M: 2,84 Total: 2,84	- As aulas e laboratorios: 5,00	- A orientación profesional e laboral recibida: 1,25
				- Duración das prácticas: 4,33	- A atención ás queixas, suxestións ou incidencias (resposta, resolución e posta en marcha de accións): 2,00 - Os programas de mobilidade, de ser o caso: 2,00
				- O grao de actualización dos contidos do plan de estudos: 3,75	-A orientación académica recibida: 2,25
	2021/2022	25%	H: 1,79 M: 3,79 Total: 2,79	-O desempeño do profesorado: 4,00	- Os programas de mobilidade, de ser o caso: 1,00
				-O grao de actualización dos contidos do plan de estudos: 3,00 -As metodoloxías empregadas para o desenvolvemento do ensino: 3,00 -A orientación académica recibida: 3,00 -A facilidade para atopar contidos na páxina web: 3,00 -A utilidade da páxina web da titulación: 3,00 -As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: 3,00 -A formación adquirida: 3,00 -A utilidade da formación recibida para a carreira profesional: 3,00	- A orientación profesional e laboral recibida: 2,00

				<p>-A facilidade para atopar contidos na páxina web: 3,50</p> <p>-As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: 3,50</p> <p>-A utilidade da formación recibida para a carreira profesional: 3,50</p>	<p>-A distribución das materias do plan de estudos: 2,50</p> <p>-A atención ás queixas, suxestións ou incidencias (resposta, resolución e posta en marcha de accións): 2,50</p> <p>-A implicación do Centro na resolución de problemas e na mellora da titulación</p> <p>-A axuda recibida do persoal de administración e servizos do centro</p>
2020/2021	O02M143V01 60%	O02M143V01 4,60%	<p>-A facilidade para atopar contidos na páxina web: 5,00</p> <p>-A utilidade da páxina web da titulación: 5,00</p> <p>-O desempeño do profesorado: 5,00</p> <p>-Formación adquirida na práctica: 5,00</p> <p>-Adecuación das tarefas ao perfil profesional e formación: 5,00</p> <p>-Duración das prácticas: 5,00</p>	<p>- A orientación profesional e laboral recibida: 3,67</p>	
			<p>-A distribución das materias do plan de estudos: 4,67</p> <p>-O grao de actualización dos contidos do plan de estudos: 4,67</p> <p>-As metodoloxías empregadas para o desenvolvemento do ensino: 4,67</p> <p>-As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: 4,67</p> <p>-A formación adquirida: 4,67</p>	<p>-A orientación académica recibida: 4,00</p> <p>-As aulas e laboratorios: 4,00</p>	
			<p>-Os programas de mobilidade, de ser o caso: 4,50</p> <p>-As vías para participar na mellora da titulación (Caixa QSP (queixas, suxestións e parabéns), participación en comisións, comunicación cos responsables académicos etc.. : 4,50</p> <p>-Espazos para o traballo autónomo (biblioteca., aulas TIC): 4,50</p>	<p>-A utilidade da formación recibida para a carreira profesional: 4,33</p>	
			<p>-Formación adquirida na práctica: 5,00</p> <p>-Adecuación das tarefas ao perfil profesional e formación: 5,00</p> <p>-Duración das prácticas: 5,00</p>	<p>-A orientación profesional e laboral recibida: 2,00</p> <p>-O desempeño do profesorado: 2,00</p>	

			- A atención do persoal de administración e servizos: 4,00	- A orientación académica recibida: 2,50 - As vías para participar na mellora da titulación (Caixa QSP (queixas, suxestións e parabéns), participación en comisións, comunicación cos responsables académicos etc.. : 2,50
			- A facilidade para atopar contidos na páxina web: 3,50 - As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: 3,50	- A utilidade da páxina web da titulación: 3,00 - As aulas e laboratorios: 3,00 A formación adquirida: 3,00
			-A utilidade da formación recibida para a carreira profesional: 3,50	

Puntos febles detectados:

- Alarmante taxa de abandono
- Descenso considerable do índice global de satisfacción coa titulación tanto por parte do estudantado que seguiu o programa formativo como das persoas tituladas que xa o cursaron

Accións de mellora a implantar:

- Indagar por parte do titor designado no PAT do Centro para esta titulación, a través das reunións que debe manter ao longo do curso segundo a planificación do referido PAT, a que motivos se pode deber o aumento da taxa de abandono a dita baixa valoración deste índice, para co coñecemento do/s mesmo/s aplicar as melloras que proceda (acción a aplicar nos puntos febles segundo e terceiro detectados neste Criterio 7)

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico I12:

Evolución dos indicadores de resultados

Taxa de gradación

Taxa de abandono

Taxa de eficiencia

Taxa de rendemento

Taxa de éxito

Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial) I13:

Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego

I010-DO: Duración media dos estudos

III. MODIFICACIÓNS NON SUSTANCIAIS DAS TITULACIÓNS

Modificacións na titulación : X

**Neste epígrafe deben incluírse tantas táboas como titulacións haxa adscritas no centro*

Incluíranse as modificacións non sustanciais, que se corresponden con aqueles cambios menores que melloran a titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle noe “Procedemento para a solicitude de Modificacións nos Títulos Verificados de Grao e Mestrado” de ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teña que someter a un proceso de modificación.

--

IV. ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORA PROPOSTAS NO(S) INFORME(S) ANTERIOR(ES)

*Cada titulación debera incorporar un seguimento das acción de mellora que puxo en marcha no curso ou /cursos anteriores. A [aplicación de xestión documental do SGC](#) permite realizar un seguimento das mesmas

Accións de mellora *	Estado situación	Comentarios /observación
-Informar á vicerreitoría do campus de Ourense e á vicerreitoría de Comunicación da necesidade de achegar a súa información ao alumnado do Mestrado (Mestrado en Xestión, Protección e Valoración do Patrimonio Cultural) [pendente curso 2021/2022]	Realizada. Grao de satisfacción Baixo	Finalmente non foi posible levar a cabo a reunión prevista nesta acción de mellora dende a coordinación desta titulación de postgrao
-Organizar unha reunión co PAS implicado no Mestrado para coñecer cal o cales poden ser os motivos que explican a súa baixada nas enquisas de satisfacción (Mestrado en Xestión, Protección e Valoración do Patrimonio Cultural) [pendente curso 2021/2022]	Realizada. Grao de satisfacción Baixo	Finalmente non foi posible levar a cabo a reunión prevista nesta acción de mellora porque o PAS encargado da tramitación administrativa desta titulación de postgrao non está especificamente adscrito ao noso Centro, e esta circunstancia dificultou que dende a coordinación se puidese implementar
-Incrementar entre os membros da comunidade do Centro a difusión da importancia que teñen as enquisas de satisfacción para poder implantar accións de mellora	Realizada. Grao de satisfacción Baixo	A acción de mellora desenvolveuse segundo a planificación deseñada, reiterando a través do correo web da Facultade a importancia das EAD, e así mesmo a través dos órganos de representación do alumnado na Comisión de Calidade. Porén, os resultados non reflicten unha mellora significativa dos resultados agardados
-Incrementar entre os membros da comunidade do Centro a difusión da importancia que teñen as EAD	Realizada. Grao de satisfacción Medio	A acción de mellora desenvolveuse correctamente a través do correo web da Facultade, dunha reunión que mantivo o decano cos delegados/as de curso celebrada o día 02/05/2024, e das correspondentes reunións que os/as titores/as designados/as polo PAT do

		Centro tiveron cos cursos asignados. Porén, os resultados non reflicten unha mellora significativa dos resultados agardados
-Animar ao alumnado, tanto do Grao coma do PCEO, a que asistan ás reunións cos/as seus profesores/as titores/as fixadas no PAT, como tamén ás reunións periódicas co decano	Realizada. Grao de satisfacción Alto	A acción desenvolveuse segundo a planificación deseñada e o alumnado interesado asistiu regularmente tanto ás reunións programadas no marco do PAT do Centro, como tamén ás reunións periódicas co decano
-Indagar, tanto no alumnado do Grao coma do PCEO, a través das reunións cos/as seus profesores/as titores/as fixadas no PAT e das reunións periódicas co decano, a que se debe dita baixa valoración deste ítem, para co coñecemento das mesmas aplicar as melloras que proceda na web	Realizada. Grao de satisfacción Alto	A acción desenvolveuse correctamente coa participación dos/as titores/as do PAT, permitindo constatar -a través das correspondentes fichas de seguimento- que o alumnado que asistiu ás ditas reunións ten un nivel de satisfacción elevado coa web do Centro, a cal consideran accesible e con información actualizada. Tamén na primeira reunión que mantiveron os/as delegados/as de curso co decano, evidenciouse esta mesma percepción positiva que ten o noso alumnado respecto da citada web
-Unha maior implicación do representante do alumnado na Comisión de Calidade que opere como canle transmisora das accións de dita comisión aos representantes da Delegación de Alumnado e aos/as delegados/as de cada curso	Realizada. Grao de satisfacción Baixo	A maior implicación da representante do alumnado na Comisión de Calidade (así mesmo delegada do curso 3.º da titulación de grao) contribuíu a divulgar, a través dos grupos de whatsapp, diversos chamamentos á participación do alumnado nas diversas actuacións emprendidas por parte do equipo decanal. Porén, segue sen percibirse o aumento da desexada implicación do alumnado
-Reiterar ao vicerreitorado a persistencia da problemática relacionada co envellecemento do PDI e a necesidade de buscar vías de solución a corto prazo	Realizada. Grao de satisfacción Medio	O decano comunicoulle novamente esta problemática que ven arrastrando o noso Centro dende cursos pasados ao reitor e este reiteroulle a necesidade de proceder a

		futuras contratacións pola vía dos/as investigadores/as distinguidos/as, e ao mesmo tempo poñer en valor o plan de renovación de PDI da Universidade de Vigo posto en marcha polo actual equipo de goberno
-Mellorar a planificación das Áreas, asignando un docente estable responsable de coordinarse co profesorado de listas de agarda	Realizada. Grao de satisfacción Alto	Conseguíuse que o profesorado responsable figurase como coordinador das materias asignadas ao profesorado de listas de agarda
-Indagar, tanto no alumnado do Grao coma do PCEO, a través das reunións cos/as seus profesores/as titores/as fixadas no PAT e das reunións periódicas co decano, a que causa/s se debe a súa baixa valoración na satisfacción co PAS, para co coñecemento da mesma/s aplicar as melloras que proceda	Realizada. Grao de satisfacción Alto	A acción desenvolveuse correctamente coa participación dos/as titores/as do PAT, permitindo constatar -a través das correspondentes fichas de seguimento- que o alumnado que asistiu ás ditas reunións manifesta non ter ningunha queixa en relación co PAS do Centro, aínda que apuntan a problemas puntuais de espera para recibir atención en momentos concretos. Tamén na primeira reunión que mantiveron os/as delegados/as de curso co decano, non se fixo referencia a ningunha crítica sobre a falta de satisfacción en relación co PAS do Centro
-Animar ao alumnado, tanto do Grao coma do PCEO, a que asistan ás reunións cos/as seus profesores/as titores/as fixadas no PAT, para axudarlles a axustar o tempo que dedican ás actividades académicas relacionadas co programa formativo (acción a aplicar nos dous primeiros puntos febles detectados no Criterio 6 e no primeiro do Criterio 7)	Realizada. Grao de satisfacción Alto	Na primeira reunión do profesorado tutor fixada no protocolo do PAT, animouse ao alumnado a que asistise periodicamente ás reunións cos/as seus/súas titores/as no caso de que precisen axuda para planificar o tempo dedicado ás actividades académicas relacionadas co seu programa formativo
-Reunión do coordinador do TFG co alumnado no que se informe da implicación que ten a matriculación do TFG, facendo especial énfase na importancia de se ter matriculado e superado as materias pendentes	Realizada. Grao de satisfacción Alto	O alumnado foi informado de todo o procedemento relacionado co desenvolvemento da materia do TFG, con resultados satisfactorios e á espera da entrada en vigor do novo aplicativo de xestión da mesma

<p>-Indagar, tanto no alumnado do Grao coma do PCEO, a través das reunións cos/as seus profesores/as tutores/as fixadas no PAT e das reunións periódicas co decano, a que se debe a baixa valoración do Criterio 6</p>	<p>Realizada. Grao de satisfacción Alto</p>	<p>A acción desenvolveuse correctamente nas reunións concertadas polos/as tutores/as do PAT -tendo constancia da mesma a través das correspondentes fichas de seguimento- e tamén na primeira reunión que mantiveron os/as delegados/as de curso co decano. O alumnado que asistiu ás mencionadas reunións non concretou a que se podía ter debido a baixa valoración sobre este criterio incluída nas Enquisas de satisfacción que cumprimentou o alumnado do 3.º curso do Grao en Xeografía e Historia en 2021/2022, tratándose ademais dunha promoción distinta cuxos/as integrantes xa están egresados/as</p>
<p>-Realizar un seguimento dos sectores do estudantado que presentan unha maior taxa de abandono</p>	<p>Realizada. Grao de satisfacción Baixo</p>	<p>Tanto a normativa vixente (protección de datos) como o alumnado implicado non favoreceron o desenvolvemento desta acción</p>
<p>-Indagar, tanto no alumnado do Grao coma do PCEO, a través das reunións cos/as seus profesores/as tutores/as fixadas no PAT e das reunións periódicas co decano, a que se debe a baixa valoración do Criterio 7</p>	<p>Realizada. Grao de satisfacción Alto</p>	<p>A acción desenvolveuse correctamente nas reunións concertadas polos/as tutores/as do PAT -tendo constancia da mesma a través das correspondentes fichas de seguimento- e tamén na primeira reunión que mantiveron os/as delegados/as de curso co decano. O alumnado que asistiu ás mencionadas reunións non concretou a que se podía ter debido a baixa valoración sobre este criterio incluída nas Enquisas de satisfacción que cumprimentou o alumnado do 3.º curso do Grao en Xeografía e Historia en 2021/2022, tratándose ademais dunha promoción distinta cuxos/as integrantes xa están egresados/as</p>

-Aumentar as reunións co alumnado por parte da coordinación do PAT, para explicarlles as súas funcións e actuacións	Realizada. Grao de satisfacción Baixo	Finalmente, só se realizaou unha única reunión por parte da persoa asignada polo PAT do Centro para esta titulación de post-grao
-Incrementar a difusión entre as persoas egresadas da importancia que teñen as enquisas de satisfacción para poder implantar accións de mellora	Pendente	Non foi posible levar a cabo esta acción de mellora e decidiuse trasladala para o vindeiro curso
-Indagar, a través das reunións co seu profesor tutor fixadas no PAT, a que causa/s se debe dita baixa valoración da satisfacción coa plataforma de teledocencia por parte do alumnado, para co coñecemento da/s mesma/s aplicar as melloras que proceda	Pendente	Non foi posible levar a cabo esta acción de mellora e decidiuse trasladala para o vindeiro curso
-Reunión do coordinador do TFM co alumnado no que se informe da implicación que ten a matriculación do TFM (acción a aplicar nos dous primeiros puntos febles detectados no Criterio 6)	Realizada. Grao de satisfacción Alto	Organizáronse e desenvóléronse satisfactoriamente dúas reunións informativas sobre o TFM (unha presentación a cargo do coordinador do TFM e unha segunda presentación da oferta de temáticas por parte do profesorado da titulación)
-Realizar un seguimento dos sectores do estudiantado que presentan unha maior taxa de abandono	Realizada. Grao de satisfacción Baixo	Tanto a normativa vixente (protección de datos) como o alumnado implicado non favoreceron o desenvolvemento desta acción
-Incrementar a difusión da importancia que teñen as enquisas de satisfacción para poder implantar accións de mellora	Pendente	Non foi posible levar a cabo esta acción de mellora e decidiuse trasladala para o vindeiro curso

IV. LISTAXE DE (NOVAS) ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS

**As accións de mellora que se recollen deben ser coherentes cos resultados acadados e a análise realizada nos epígrafes anteriores. Deben incorporarse toda a información relativa ás mesmas nos formularios de fichas que se teñen habilitado na [aplicación de xestión documental do SGC](#). Poden achegarse as fichas cumprimentadas a través da mesma como anexo a este informe*

- Accións de mellora a implantar:

Grao en Xeografía e Historia e PCEO:

- *AM-G-22/23-C1.1 e AM-G-22/23-C7.1.* Incrementar por parte do equipo directivo do Centro a difusión entre o alumnado que cursa o Grao e o PCEO da importancia que teñen as enquisas de satisfacción para a mellora da Calidade.
- *AM-G-22/23-C1.2.* Desenvolver un labor de información específico entre o profesorado interino de substitución e entre os que imparten docencia en simultaneidade.
- *AM-G-22/23-C2.1.* Trasladar aos responsables institucionais os problemas derivados do funcionamento do servidor para que implementen as accións necesarias para corrixilos.
- *AM-G-22/23-C3.1.* Insistir nunha maior implicación do representante do alumnado na Comisión de Calidade que opere como canle transmisora das accións desenvolvidas por esta aos representantes da Delegación de Alumnado e aos/ás delegados/as de cada curso.
- *AM-G-22/23-C4.1.* Insistir diante do vicerreitorado con competencias nesta materia na necesidade de adoptar criterios máis flexibles á hora de computar as horas necesarias para a saída a concurso das prazas consolidables (ter en conta desgravacións non estruturais por cargos, coordinacións, etc.; aplicar reducións na carga lectiva do profesorado de máis idade que poidan repercutir nesa cualificación, etc.; aplicar políticas de contratacións a medio prazo por áreas, atendendo á docencia e non só en función de criterios de investigación).
- *AM-G-22/23-C5.1.* Establecer conversas coa vicerreitoría e a administradora do Campus de Ourense para estudar as posibles medidas que se poderían tomar para tentar subsanar as baixas temperaturas na aula 0.7.
- *AM-G-22/23-C6.1.* Informar ao alumnado, tanto do Grao coma do PCEO, nas reunións mantidas cos/as seus profesores/as tutores/as fixadas no PAT, da importancia que ten o coñecemento das guías docentes das materias cursadas para a preparación correcta das mesmas.
- *AM-G-22/23-C6.2.* Insistir polo coordinador do TFG na xuntanza inicial co alumnado na implicación que ten a matriculación do TFG, facendo especial énfase na importancia de se ter matriculado e superado as materias pendentes.

Mestrado en Xestión, Protección e Valoración do Patrimonio Cultural:

- *AM-M-22/23-C1.1.* Incrementar por parte do equipo directivo do Centro a difusión entre o alumnado que cursa o Mestrado da importancia que teñen as enquisas de satisfacción para a mellora da Calidade.
- *AM-M-22/23-C1.2.* e *AM-M-22/23-C6.2.* Indagar por parte do/a titor/a designado/a no PAT do Centro para esta titulación, a través das reunións que debe manter ao longo do curso segundo a planificación do referido PAT, a que se pode deber o descenso considerable na valoración dos Criterios 1 e 6 nas enquisas de satisfacción por parte do alumnado que cursa esta titulación e tamén das persoas egresadas.
- *AM-M-22/23-C3.1* e *AM-M-22/23-C4.1.* Indagar por parte do titor designado no PAT do Centro para esta titulación, a través das reunións que debe manter ao longo do curso segundo a planificación do referido PAT, a que se pode deber o descenso na valoración dos Criterios 3 e 4 nas enquisas de satisfacción por parte do alumnado que cursa esta titulación.
- *AM-M-22/23-C5.1.* Indagar por parte do titor designado no PAT do Centro para esta titulación, a través das reunións que debe manter ao longo do curso segundo a planificación do referido PAT, a que motivos se pode deber a baixa valoración da plataforma de teledocencia e ferramentas multimedia, para co coñecemento do/s mesmo/s aplicar as melloras que proceda.
- *AM-M-22/23-C6.1.* Reunión do coordinador do TFM co alumnado no que se informe da implicación que ten a matriculación do TFM.
- *AM-M-22/23-C7.1.* Indagar por parte do titor designado no PAT do Centro para esta titulación, a través das reunións que debe manter ao longo do curso segundo a planificación do referido PAT, a que motivos se pode deber o aumento da taxa de abandono e a baixa valoración do índice global de satisfacción coa titulación, tanto por parte do estudantado que seguiu o programa formativo como das persoas tituladas que xa o cursaron, para co coñecemento do/s mesmo/s aplicar as melloras que proceda.

V. CONCLUSIONES E ACORDOS

I.1. Listaxe de asistentes á reunión de aprobación do informe final:

Julio Prada Rodríguez (Decano e Presidente da Comisión de Calidade)
 Antonio Presedo Garazo (Vicedecano e Coordinador de Calidade)
 María López Díaz (Colaboradora de Calidade)
 Carmen Arribas Álvarez (Vicedecana e Representante da Administradora)
 Domingo Rodríguez Teijeiro (Secretario da Comisión de Calidade e Responsable de alumnado PIUNE)
 Fermín Pérez Losada (Coordinador do Mestrado en Xestión, Protección e Valoración do Patrimonio Cultural, e representante do departamento de Historia, Arte e Xeografía)
 Yolanda Barriocanal López (Representante PDI)
 Xosé Ramón Campos Álvarez (Representante PDI)
 Carlos Lozano González (Representante dos/as egresados/as)

Tras analizar toda a información previa relacionada co funcionamento do sistema de garantía/xestión de calidade e importante concluír que:

Conclusiones relevantes	
1.	O presente IRSD describe e analiza dun xeito directo e accesible a situación do Centro e as titulacións que se impartiron nel durante o curso 2022/2023.
2.	<p>Seguindo as indicacións da Comisión designada pola ACSUG para o proceso de recertificación do SGIC da Facultade de Historia, cuxa tramitación iniciouse no presente curso 2022/2023, faremos a continuación unha valoración conxunta dos aspectos máis salientables que se recollen no presente informe, seguindo a propia orde dos criterios contemplados na análise das titulacións que se imparten no noso Centro.</p> <p>En relación coa <i>Organización e desenvolvemento</i> das titulacións (Criterio 1), tanto no Grao en Xeografía e Historia como no Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio debemos facer mención aos bos resultados da 1.^a matrícula obtidos en ambos os dous casos, manténdose en termos xerais a tendencia da súa procedencia xeográfica xa evidenciada en cursos anteriores (predominio do alumnado procedente da Galicia occidental nos dous títulos, e lixeiro aumento do oriúndo doutras zonas da península Ibérica no Máster); o descenso que se volveu a rexistrar na nota media de acceso do estudantado ao Grao; e o contraste entre o incremento do alumnado do Grao participante nos programas de mobilidade fronte á nula mobilidade estudantil rexistrada no Máster.</p>

O máis salientable no que atinxe á *Información e transparencia* (Criterio 2), alén da minuciosa actualización realizada das webs do Centro e do Máster (esta segunda a cargo da coordinación de dito título), e das redes sociais nas que se ofrece información detallada e puntual para todos os grupos de interese que integran a comunidade do Centro, é que se percibiron de maneira manifesta os riscos que se poden derivar do feito de ter que externalizar os servizos de mantemento das ditas webs.

En canto á *Garantía de Calidade* (Criterio 3), foi preciso que a comunidade no seu conxunto realizase un importante esforzo para acometer a elaboración do Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Historia para o trienio 2023-2026; e, así mesmo, preparar neste mesmo curso a documentación para a recertificación do Sistema por parte da ACSUG. Este esforzo contrasta co descoñecemento que en xeral se percibe entre o noso estudantado, incluídas claro está as persoas egresadas, da importancia que ten a Calidade no funcionamento dos centros do Ensino Superior, como de feito o é o noso.

Con respecto aos *Recursos Humanos* (Criterio 4), malia á influencia positiva das últimas prazas de PDI consolidadas ou consolidables que se manifestou na evolución da tendencia do número dos sexenios de investigación e quinquenios docentes, seguen a perdurar algúns problemas xa detectados en cursos pasados e que tenden a se converter en estruturais: o envellecemento dos seus integrantes e un aumento das figuras docentes non consolidables no Grao, ao que lle habería engadir unha porcentaxe notable de docentes sen o título de doutor no Máster. Pola súa banda, percíbese entre o PAS a necesidade de ampliar a súa planta tras o incremento continuado das tarefas administrativas que se ven constatando nos últimos cursos.

Se atendemos aos *Recursos materiais e servizos* (Criterio 5), a actividade docente desenvolveuse con total regularidade facendo uso das correspondentes aulas do Edificio Facultades e do Campus remoto no Grao e PCEO, e só do Campus remoto no caso do Máster, por tratarse dunha titulación cuxas actividades docentes se desenvolve en exclusiva en remoto. Porén, pervive o problema xeotérmico da aula 0.7 no Grao e PCEO e a baixa valoración da plataforma de teledocencia e ferramentas multimedia no Máster.

Con relación aos *Resultados de aprendizaxe*, e, en último lugar, os *Resultados de satisfacción e rendemento* (Criterios 6 e 7 respectivamente), a evolución das principais taxas de referencia para estes dous criterios tende a diverxer segundo a titulación na que nos fixemos. Así, mentres que conxuntamente no Grao e PCEO a taxa de éxito segue a descender un curso máis, aumenta a taxa de avaliación, mantense en niveis baixos a taxa de graduación (con tendencia ao aumento), prodúcese unha lixeira recuperación da taxa de rendemento, e conséguese o nivel máis baixo da taxa de abandono dende que vimos rexistrando e analizando este indicador (trátase dun dos mellores resultados que se constatan neste informe); no Mestrado, a taxa de éxito mantense estancada nun nivel superior ao do Grao e PCEO, a taxa de avaliación tamén aumenta (aínda que se move nun nivel máis baixo que o das outras dúas titulacións), a taxa de graduación consegue amortecer o descenso que viña protagonizando para situarse nun nivel semellante aos outros dous títulos, a taxa de rendemento reforza a súa tendencia á alza con valores por debaixo das anteriores, e a taxa de abandono presenta os seus peores resultados, de tal xeito que máis da metade do seu estudantado matriculado decide abandonar o seu programa formativo (sen lugar a dúbidas, un dos peores resultados que se constatan neste informe).


3.	<p>Por segundo curso consecutivo, a participación do estudantado nas enquisas de satisfacción foi realmente moi baixo. Aínda que se logra superar o nivel de participación que presenta en conxunto o alumnado da institución, cremos que os resultados que ofrecen non poden ser tomados como totalmente fiables á hora de detectar posibles puntos febles. Non imos reproducir neste apartado de conclusións o que xa desenvolvemos suficientemente no corpo principal deste informe sobre a que consideramos unha errática metodoloxía empregada para o seu deseño (desfase existente entre o curso académico en que se elaboran enquisas, o curso en que se analizan no IRSD e se propoñen as accións de mellora, e o curso en que se desenvolven as referidas accións de mellora), pero si quixeramos deixar constancia do complexo que resulta tirar conclusións duns datos que levan implícita unha carga considerable de subxectividade. Partindo desta feble base, é evidente que o alumnado que seguiu o programa formativo do Grao en 2022/2023 xunto coas persoas egresadas que remataron os seus estudos o curso inmediatamente anterior, tiveron en termos xerais unha valoración bastante máis positiva que os seus homólogos que cursaron o Máster. Debido ás eivas que presentan as mencionadas enquisas, tomamos con moitísima cautela os resultados realmente malos referidos a esta titulación de post-grao. O que si parece unha constante é que, cando tanto o PDI como o PAS cobren bienalmente estas enquisas, como feito sucedeu neste curso, tenden a emitir unha valoración máis elevada que o estudantado.</p>
----	--

Así mesmo acórdase:

Acordos	
1.	Continuar traballando dende esta Comisión para evidenciar as vantaxes que presenta o Sistema para o noso Centro
2.	Seguir mantendo a idea de que o Sistema axuda a identificar a dinámica orgánica do Centro e, en consecuencia, a necesidade de difundir as súas actuacións entre os sectores que integran a súa comunidade, moi especialmente entre o estudantado
3.	Incorporar tanto a este presente IRSD como a futuros documentos análogos, as indicacións da Comisión designada pola ACSUG para o proceso de recertificación do SGIC relativas á elaboración dos mesmos: identificar cun código alfanumérico as novas accións de mellora a implantar, e ampliar o apartado das conclusións cunha valoración conxunta dos aspectos máis salientables recollidos e analizados
4.	Manter a dinámica de traballo actual desta Comisión

VI. ANEXOS

- Anexo 1. Informes de avaliación docente das titulacións da Facultade de Historia referidos aos curso académico 2022/2023.
- Anexo 2. Autoinforme de seguimento que se realizou na USC do Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4^a ed.), no cal participa o noso Centro, referido ao curso académico 2022/2023.



UNIVERSIDADE
DE VIGO


Informe:	Resultado da avaliación docente da titulación
Curso:	2022/2023
Centro:	Facultade de Historia
Titulación:	O02G251V01 Grao en Xeografía e Historia



Titulación:	[O02G251V01] Grao en Xeografía e Historia				
Centro:	Facultade de Historia				
Curso	2022/2023				
Encuestas realizadas	712	Encuestas potenciales	1760	Porcentaje	40.45

Informe de Titulación

ITEM	Titulación				Global	Centro Global	Universidade		Global		
	Cursos						Global	Global		Titulación	
	1	2	3	4						Grao	Mestrado
M01. A guía docente expón de xeito claro e comprensible como se desenvolve a materia (contidos, metodoloxías, sistemas de avaliación...).	4.39	3.86	3.99	4.77	4.16	4.18	4.17	4.30	4.19		
M02. A coordinación (para evitar solapamentos de contidos, incoherencias ...) entre o profesorado da materia é axeitada. (Contestar só no caso de materias impartidas por máis de un/ha profesor/a).	4.29	3.66	3.88	4.71	4.05	4.08	4.05	4.26	4.09		
M03. O volume de traballo do alumnado é proporcional aos créditos da materia.	4.14	3.59	3.76	4.58	3.91	3.88	3.99	4.13	4.02		
P04. As clases están organizadas para facilitar a aprendizaxe desta materia.	4.22	4.03	3.97	4.73	4.13	4.11	3.97	4.11	4.00		
P05. Os recursos didácticos (bibliografía, materiais, recursos virtuais, exercicios...) facilitados e recomendados son útiles.	4.19	4.21	4.00	4.70	4.17	4.16	3.99	4.14	4.02		
P06. As metodoloxías desenvolvidas nas clases adecúanse ó que se presenta na guía docente.	4.36	4.27	4.08	4.72	4.28	4.26	4.17	4.23	4.18		
P07. Orienta e resolve con claridade as dúbidas que se lle formulan (en clase, titorías, plataformas de docencia virtual...)	4.33	4.20	4.08	4.81	4.26	4.26	4.09	4.25	4.12		
P08. As probas e as actividades para a avaliación favorecen a miña aprendizaxe.	4.25	4.14	3.98	4.67	4.18	4.14	3.98	4.08	4.00		
P09. Cumpre os criterios de avaliación establecidos na guía docente.	4.43	4.34	4.20	4.68	4.36	4.35	4.30	4.34	4.30		
P10. En xeral, estou satisfeito/a co seu labor docente	4.25	4.17	4.02	4.78	4.20	4.18	4.02	4.14	4.04		
GLOBAL	4.29	4.05	4.00	4.71	4.18	4.16	4.07	4.20	4.09		



UNIVERSIDADE DE VIGO


Informe:	Resultado da avaliación docente da titulación
Curso:	2022/2023
Centro:	Facultade de Historia
Titulación:	O02M143V03 Máster Universitario en Valoración, xestión e protección do patrimonio cultural



Titulación:	[O02M143V03] Máster Universitario en Valoración, xestión e protección do patrimonio cultural				
Centro:	Facultade de Historia				
Curso	2022/2023				
Encuestas realizadas	111	Encuestas potenciales	418	Porcentaje	26.56

Informe de Titulación

ITEM	Titulación		Centro Global	Universidade		Global
	Cursos			Titulación		
	1	2		Grao	Mestrado	
M01. A guía docente expón de xeito claro e comprensible como se desenvolve a materia (contidos, metodoloxías, sistemas de avaliación...).	4.34	4.34	4.18	4.17	4.30	4.19
M02. A coordinación (para evitar solapamentos de contidos, incoherencias ...) entre o profesorado da materia é axeitada. (Contestar só no caso de materias impartidas por máis de un/ha profesor/a).	4.26	4.26	4.08	4.05	4.26	4.09
M03. O volume de traballo do alumnado é proporcional aos créditos da materia.	3.62	3.62	3.88	3.99	4.13	4.02
P04. As clases están organizadas para facilitar a aprendizaxe desta materia.	3.95	3.95	4.11	3.97	4.11	4.00
P05. Os recursos didácticos (bibliografía, materiais, recursos virtuais, exercicios...) facilitados e recomendados son útiles.	4.11	4.11	4.16	3.99	4.14	4.02
P06. As metodoloxías desenvolvidas nas clases adecúanse ó que se presenta na guía docente.	4.16	4.16	4.26	4.17	4.23	4.18
P07. Orienta e resolve con claridade as dúbidas que se lle formulan (en clase, titorías, plataformas de docencia virtual...)	4.23	4.23	4.26	4.09	4.25	4.12
P08. As probas e as actividades para a avaliación favorecen a miña aprendizaxe.	3.79	3.79	4.14	3.98	4.08	4.00
P09. Cumpre os criterios de avaliación establecidos na guía docente.	4.19	4.19	4.35	4.30	4.34	4.30
P10. En xeral, estou satisfeito/a co seu labor docente	4.04	4.04	4.18	4.02	4.14	4.04
GLOBAL	4.07	4.07	4.16	4.07	4.20	4.09



UNIVERSIDADE DE VIGO

Informe:	Resultado da avaliación docente da titulación
Curso:	2022/2023
Centro:	Facultade de Historia
Titulación:	O02M187V01 Máster Universitario en Arqueoloxía e ciencias da antigüidade



Titulación:	[O02M187V01] Máster Universitario en Arqueoloxía e ciencias da antigüidade		
Centro:	Facultade de Historia		
Curso	2022/2023		
Encuestas realizadas	1	Encuestas potenciales	17
		Porcentaje	5.88

Informe de Titulación

ITEM	Titulación		Centro Global	Universidade		Global	
	Cursos			Titulación			
	1	2	Global	Grao	Mestrado		
M01. A guía docente expón de xeito claro e comprensible como se desenvolve a materia (contidos, metodoloxías, sistemas de avaliación...).	5.00		5.00	4.18	4.17	4.30	4.19
M02. A coordinación (para evitar solapamentos de contidos, incoherencias ...) entre o profesorado da materia é axeitada. (Contestar só no caso de materias impartidas por máis de un/ha profesor/a).	5.00		5.00	4.08	4.05	4.26	4.09
M03. O volume de traballo do alumnado é proporcional aos créditos da materia.	4.00		4.00	3.88	3.99	4.13	4.02
P04. As clases están organizadas para facilitar a aprendizaxe desta materia.	4.00		4.00	4.11	3.97	4.11	4.00
P05. Os recursos didácticos (bibliografía, materiais, recursos virtuais, exercicios...) facilitados e recomendados son útiles.	4.00		4.00	4.16	3.99	4.14	4.02
P06. As metodoloxías desenvolvidas nas clases adecúanse ó que se presenta na guía docente.	5.00		5.00	4.26	4.17	4.23	4.18
P07. Orienta e resolve con claridade as dúbidas que se lle formulan (en clase, titorías, plataformas de docencia virtual...)	5.00		5.00	4.26	4.09	4.25	4.12
P08. As probas e as actividades para a avaliación favorecen a miña aprendizaxe.	4.00		4.00	4.14	3.98	4.08	4.00
P09. Cumpre os criterios de avaliación establecidos na guía docente.	5.00		5.00	4.35	4.30	4.34	4.30
P10. En xeral, estou satisfeito/a co seu labor docente	4.00		4.00	4.18	4.02	4.14	4.04
GLOBAL	4.50		4.50	4.16	4.07	4.20	4.09

Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4ª ed.)



AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

**Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade
(4ªed.)**

Curso Académico: Curso 2022-2023

Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4ª ed.)

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
 - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
 - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
 - Dimensión 2. Recursos humanos
 - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
 - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
 - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
 - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- Plan de Melloras
 - Abertas Curso 2022-2023
 - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
 - Finalizadas Curso 2022-2023
 - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe

Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4ª ed.)

<u>1. DATOS DO TÍTULO</u>	
Denominación do título	Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4ª ed.)
Mencións/Especialidades	Especialidade en Arqueoloxía Especialidade en Historia do Mundo Clásico
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	Universidade de Santiago de Compostela Universidade de Vigo Universidade de A Coruña
Centro responsable	Facultade de Xeografía e Historia
Centro/s onde se imparte	Facultade de Xeografía e Historia
Rama de coñecemento	Artes e Humanidades
Número de créditos	60 ECTS
Profesión regulada	Non
Modalidade de impartición	Estudo presencial
Curso de implantación	2020
Data acreditación ex ante (verificación)	07/10/2014
Data renovación acreditación	19/05/2020

Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4ª ed.)

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Neste apartado non se rexistraron novidades significativas respecto aos datos incluídos no informe de renovación da acreditación previo á 4ª edición do master, elaborado a finais do curso 2019-2020 e que obtivo a cualificación de “favorable”. En efecto, trátase dun título con carácter estratéxico que da resposta ás necesidades formativas do SUG e da sociedade galega. Durante os cursos académicos impartidos, o Máster ofreceu aos alumnos unha formación especializada, contribuíndo, entre outros aspectos, de maneira decisiva, á mellor preparación dos arqueólogos e das arqueólogas que poden desenvolver o seu traballo no eido da Arqueoloxía profesional e da investigación, o que repercute a súa vez en beneficio da sociedade á que están destinados a servir. Trátase, polo tanto, dunha titulación que, sen estar vinculada a unha profesión regulada, relaciónase directamente coa actividade profesional da Arqueoloxía e coa investigación nesta mesma área e na de Historia da Antigüidade.

Os estudos dan resposta ás cambiantes necesidades do mercado laboral, permiten a formación continua e favorecen a validación de coñecementos, habilidades e destrezas adquiridos. A aprendizaxe da Arqueoloxía e das Ciencias da Antigüidade veríase gravemente comprometida se se restrinxira só as titulacións xeneralistas, sen especialización.

O título oferta cada ano 25 prazas (IN01M). A evolución da matrícula manifesta lixeiras oscilacións, cunha tendencia que alcanza ou supera a cifra de 20 alumnos de novo ingreso. A media dos últimos cinco anos é de 19,2; pensamos que a cifra de 16 no curso 2016-17 débese a unha situación conxuntural; de feito, os anos posteriores foron sempre superiores, quedando en 20 os matriculados no curso 2021-22 e 30 no curso 2022-23, segundo ano da 4ª edición deste master. A evolución da matrícula pódese ver na táboa seguinte (sumando as cifras da USC, UVigo e UdC).

2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
---------	---------	---------	---------	---------	---------	---------	---------	---------

Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4ª ed.)

Total (IN02M)	20	26	16	21	18	21	20	20	30
----------------------	----	----	----	----	----	----	----	----	----

Non é fácil determinar as causas das pequenas fluctuacións na matrícula, pero a táboa apunta a que os cursos 16-17 e 18-19 foron excepcionais e non un cambio de tendencia. Como aspecto positivo, mantense a matrícula de alumnos estranxeiros, en concreto son salientables os procedentes de China (curso 2018-19 ata 2022-23) e de Arxelia (2023-2024), tal e como se reflicte na táboa seguinte (IN08M) (as porcentaxes que dá a USC non recollen os datos da UVIGO ou da UCD):

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Total (%) (IN08M)	5,26	0,00	3,85	4,00	7,41	12,00	10	4,17	10,00

É importante destacar os seguintes aspectos:

a) A inmensa maioría dos alumnos de novo ingreso matricúlanse de todos os créditos ofertados (IN04M). Ata o momento só dous alumnos acolléronse á modalidade de matrícula a tempo “parcial”, máis o caso dunha alumna anterior (do curso precedente, 2021-2022). No curso 2022-23 houbo unha alumna que se deu de baixa do mestrado, por motivos non aclarados á coordinación, e outro alumno que rematará o mestrado en 2 anos, por motivos de saúde (só se inclúen os datos da USC), de aí que o índice do 2022-23 reflexe unha baixa que, en todo caso, non é representativa da tendencia xeral do mestrado.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Total (IN04M)	19,00	20,00	16,00	20,00	18,00	19,00	19	17	15,0

b) A docencia impártese indistintamente en galego e castelán, grazas ás accións de mellora e potenciación do idioma galego que se realizan tanto para o alumnado como para o profesorado.

c) Os contidos, planificación docente e a metodoloxía do Máster contan co respaldo de diversas institucións da comunidade autónoma galega, en particular, de concellos (destacando os de A Coruña, Santiago de Compostela e Vilamartín de Valdeorras), museos (Museo das Peregrinacións de Santiago de Compostela, por exemplo), e do servizo de patrimonio cultural da Xunta de Galicia. Tamén contamos co apoio de empresas privadas do sector da arqueoloxía, algunhas delas que contan xa con anos de colaboración continuada co mestrado. Resulta salientable que algunhas delas están fundadas e dirixidas por antigos alumnos egresados do mestrado, o que indica que a súa proxección laboral funciona correctamente.

Hai que mencionar que a partir de marzo de 2020 tívose que pasar á docencia non presencial a causa do Estado de Alarma derivado do COVID-19 (curso 2019-20). No curso 2020-21, primeiro ano da 4ª edición, voltouse á presencialidade coas precaucións sanitarias esixidas e necesarias derivadas do mantemento da situación de pandemia, que foron mantidas no curso 2021-22, sempre seguindo as indicacións da xerencia da nosa institución. Dende o curso 2022-23 ata a actualidade retomouse a docencia presencial con normalidade.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4ª ed.)

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso académico actual 2022-23, segundo ano da 4ª edición do Master Inteuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, no que participan plenamente as tres universidades do SUG e máis o CSIC, xa están consolidadas as tres materias novas impartidas dende o curso 2017-18: “Arqueoloxía de Mesopotamia” e “Técnicas instrumentais e cronolóxicas en arqueoloxía”, a cargo de profesores da UDC, e a materia de “Necrópole e restos humanos” ofertada a partir do curso 2018-19, que continúa sendo a optativa con máis alumnos matriculados.

Ademáis, na nova edición incorporáronse outras novas materias que completan a formación dos estudantes egresados, que están a ter moito éxito. A materia obrigatoria de ‘Iniciación á Investigación en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade’, e as materias optativas ‘Cultura material medieval e moderna’, ‘Arqueobotánica’, ‘Zooarqueoloxía’. Así mesmo as modificación da oferta de outras 6 materias nesta 4ª edición axústanse mellor ás necesidades formativas (‘Escavación arqueolóxica’, ‘Practicum’, ‘Epigrafía latina’, ‘Historia das relixións antigas’, ‘Historia antropolóxica do mundo antigo’, ‘Historia do arte grego’).

Os obxectivos establecidos na Memoria continúan a cumprirse dende a posta en funcionamento do Máster, adquirindo os alumnos as competencias xenéricas e específicas que se inclúen na Memoria. O grao de satisfacción do alumnado constatase tanto polo sistema de enquisas establecido con carácter xeral para todos os títulos pola USC (ao que nos referiremos no apartado que corresponde), como polas enquisas *ad hoc* realizadas dende a coordinación académica anualmente, os informes dos titores dos TFM e do sistema administrativo de apoio ao Máster.

Debemos salientar ademais, que ao longo do curso 2022-23 foron desenrolados seminarios complementarios á docencia, cun total de 13 obradoiros e seminarios, que son os que seguen:

1. Proyecto NAO: Arqueología del primer colonialismo en el Pacífico. 21 de setembro de 2022.
2. Identificación de la cerámica arqueológica de contextos gallegos. Del Neolítico hasta la actualidade. 23, 30 de setembro e 7 de outubro de 2022.
3. A Louça de Coimbra e Aveiro nos séculos XV e XVI. 7 de novembro de 2022
4. Métodos de prospección arqueolóxica aplicados al estudio del poblamiento. 4 de novembro de 2022.
5. O pasado, un souvenir. 28 de xaneiro – 2 de febreiro de 2023.
6. Centrifugando a Caveweoman. 1 de febreiro de 2023.
7. Who owns the past. Proyectos, museos y comunidad. 22 de febrero de 2023.

Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4ª ed.)

8. Procesos participativos en Arqueoloxía, Comunidades y contextos. 1 de marzo de 2023.
9. Paisajes monumentales, ecología y cognición: otras perspectivas para los poblados fortificados de la Edad del Hierro. 7 de marzo de 2023.
10. El estudio arqueológico de los paisajes insulares. 14 de marzo de 2023.
11. El estudio arqueológico de los paisajes de alta montaña: el caso de Pirineos. 28 de marzo de 2023.
12. El estudio arqueológico de los paisajes rurales contemporáneos. 11 de abril de 2023.
13. Exposición “Formas tradicionais da cerámica popular: Terra Chá-Bonxe”. Xaneiro a marzo de 2023.



Non hai participación do alumnado en programas de mobilidade, xa que os estudantes se matriculan polo interese de permanecer todo o curso deste master en Santiago.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4ª ed.)

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Seguindo a normativa da USC referida ao nomeamento dun titor da materia de Traballo de Fin de Máster, no curso 2022-2023 mantívose ao profesor Francisco Javier González García quen desenvolve a súas responsabilidades con gran eficacia. A acción introducida no curso 2017-18 de asignar un titor por cada 3 alumnos non se aplicou porque non contribuía de maneira significativa á mellora da proposta: que os alumnos elixisen pronto o seu tema e titor de TFM.

Así mesmo, tendo presente o informe emitido pola ACSUG no proceso de acreditación do título, a Comisión Académica considerou oportuno introducir no 2018-19 unha acción de mellora consistente en solicitar unha maior concreción ás programacións académicas de cada materia, requisito que se mantén na 4ª edición, tanto no curso 2020-21, 2021-22 e 2022-23. En concreto, incorpóranse os seguintes aspectos:

- Un apartado sobre “prácticas” especificando o número de horas, a súa distribución e a descrición da mesma.

- O apartado sobre avaliación debe indicar: (a) se haberá ou non exame; (b) a definición dos traballos coa maior precisión posible; (c) as datas de entrega dos traballos; (d) a ponderación dos distintos elementos que serven de base para a avaliación. A causa da pandemia a recomendación para todas as materias foi que se realizara na medida do posible unha avaliación continua.

Ademáis, a Comisión Académica considerou unha “boa práctica” que as avaliacións de varias materias foran feitas de forma conxunta (p. ex., que un mesmo traballo feito en varios módulos sirva para varias materias) e que se facilitase no posible a converxencia coa temática nos respectivos TFM.

A coordinación, tanto entre o profesorado como entre as tres universidades (USC-UVigo-UDC), seguiu sendo excelente durante o curso 2022-2023. En conclusión, a través da pluralidade de mecanismos garántese a coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias de formación do plan de estudos (evitando baleiros e duplicidades), incluíndo as Prácticas Externas. En definitiva, todos os ensinos que se imparten responden, en termos xerais, a unha mesma planificación, obxectivos, metodoloxía e resultados. Finalmente, salienta a constitución de dúas C.C.A.A., unha interuniversitaria e outras locais, por cada universidade, que foron desenrolándose simultaneamente dende a súa constitución.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4ª ed.)

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O compromiso de chegar a 20 alumnos de novo ingreso por ano mantense como obxectivo prioritario, e fanse importantes esforzos para alcanzalo. As xornadas de orientación profesional que organizan as facultades de Xeografía e Historia (USC), de Historia (UVigo) e de Humanidades (UDC) para os alumnos de último curso do grao nas titulacións de Historia, Historia da arte, Xeografía e Historia, e a propia Vicerreitoría de Internacionalización son unha boa iniciativa, que debería continuar, a pesar de que a asistencia de alumnos non é demasiado elevada.

Neste sentido cabe salienta o interese da realización dunha actividade de promoción do master orientada a futuros estudantes, organizada pola Vicerreitoría de Titulacións e Captación Internacional en marzo de 2023, e a grabación dende o decanato da facultade de Xeografía e Historia de vídeos curtos para a promoción dos masters, nas mesmas datas, co mesmo obxectivo, chegar a potenciais alumnos de todo o territorio nacional, especialmente da zona norte/noroeste e de América do Sur e Mesoamérica. Ademais, mellorouse a información da páxina web do título e a información de Facebook. Poderanse utilizar outras redes sociais como ferramentas de difusión (twitter, Instagram, etc.).

Progresivamente, tanto na USC como na Uvigo e na UDC, foise mellorando e aproximando o calendario de matrícula, que antes se solapaba co comezo do curso, o que provocaba certas disfuncións. No curso 2022-2023, a progresiva aproximación permite axustar mellor as datas de avaliacións cara ao peche de actas, eliminándose os problemas detectados nos cursos anteriores.

A nota media de acceso segue manténdose por riba do 6, cunha tendencia ascendente (IN07M), sendo a do curso 2021-2022 a máis elevada (7,31). No curso 2022-23 rexistrouse unha lixeira baixada (7,19) de 12 décimas, que en todo caso non resta relevancia á nota media alta de acceso (IN06M):

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Total (IN06M)	6,99	7,14	6,77	7,05	7,19	7,15	6,90	7,31	7,19

No curso 2021-22 houbo unha subida na porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia (IN09M) ao 20,83% (no anterior alcanzou o 10%, aínda que non alcanzou o 22,22% do curso 2018-19), o número de estudantes procedentes da USC pasou do 65% do total ao 45,83% (IN13M). No curso 2022-2023, a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia mudou á baixa (20,00%) (IN09M), e o número de estudantes procedentes da USC continuou subindo ata o 56,67%(IN13M), o que significa que o alumnado da USC interese por continuar estudos formativos de mestrado na nosa Universidade.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Total (%) (IN09M)	5,26	22,22	15,38	20,00	22,22	8,00	10	20,89	20,00

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-
--	---------	---------	---------	---------	---------	---------	---------	---------	-------

Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4ª ed.)

									23
Total (%) (IN13M)	73,68	62,96	73,08	68	55,56	72,00	65	45,83	56,67

Creemos que manter un perfil de ingreso amplo (graduados de diferentes titulacións) contribúe a dar maior riqueza ao título; curso tras curso, constatamos que as cualificacións medias dos alumnos que proceden do grao de Historia son semellantes ou inferiores ás alcanzadas por quen procede doutras titulacións. Así, no curso 2014-15, os alumnos que accederon ao máster desde o grao en Historia obtiveron unha nota media de 8,2, mentres que os do grao en Arte un 7,31. No curso 2015-16 a equiparación foi absoluta (grao en Historia: 7,85; grao en Historia de Arte: 7,89). Nos perfís máis afastados os alumnos obtiveron notas medias claramente superiores 8,38 (licenciatura en filoloxía clásica); 8,5 (grao en Bioloxía) 8,0 (grao en Humanidades); 9,2 (licenciatura en Belas Artes). Hai que ter en conta tamén que o peso da Arqueoloxía e Historia Antiga no grao en Historia é moi reducido (dúas materias semestrais en primeiro e segundo curso), polo que non son necesarios complementos de formación. Pensamos que restrinxir o acceso aos graduados en Historia ou en Xeografía e Historia empobrecería considerablemente o título, e limitaría o enriquecemento de disciplinas como a Arqueoloxía.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:


O Consello de Goberno da USC do 16 decembro de 2016 aprobou un novo regulamento do TFM, que está publicado na web do máster (<https://www.usc.es/posgrao/muarqueo/TrabajofindeMaster.html>). No curso 2022-23, como ven sendo habitual, realizamos unha xornada ao comezo do curso, nas que os profesores presentan as súas liñas de investigación co fin de facilitarlles a elección do tema e titor do TFM. No curso 2022-23 realizouse en formato presencial, á que asistiron todos os estudantes e un número importante de profesorado, superior ó doutros anos.

Como comentamos no apartado precedente, houbo varias actividades para promocionar o mestrado a través de webminarios para a edición do curso 2022-2023. As datas foron o 23 de febreiro de 2023 promovida pola vicerreitoría, e videos da propia facultade de Xeografía e Historia (cara aos estudantes de grao da USC, do SUG, do estado español e con orientación internacional).

A constante actualización da web propia do mestrado (<https://www.usc.gal/gl/estudios/masteres/artes-humanidades/master-universitario-arqueoloxia-ciencias-antiguidade/web-propia>) como complemento da web oficial da USC, contribúe a ter informado aos estudantes egresados e aos que desexan obter información do master en tempo real. Na web colgouse un vídeo de 6 minutos realizado para a promoción en maio de 2020, e está accesible na web propia, na páxina de presentación, para consultar.



Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4^a ed.)



Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4ª ed.)

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Dende a Facultade de Xeografía e Historia da USC promóvese que toda a información sexa pública e facilmente accesible a través do apartado de acordos de Facultade e Comisión Permanente, onde se aproban todas as suxerencias e reflexións da Comisión do SGC:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/arquivo>

<http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/acordoscomision.html>

De acordo coa observación realizada pola subcomisión avaliadora da acreditación, actualizáronse as posibles ligazóns rotas e incorporáronse os acordos da Comisión de Calidade. Toda a documentación do sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Historia da Universidade de Vigo está dispoñible na páxina web do centro, <https://historia.uvigo.es/gl/facultade/organos-de-goberno/comision-de-calidade/>, onde ademais hai un apartado específico sobre a descrición do título do mestrado <https://historia.uvigo.es/gl/estudos/master-en-arqueoloxia/> e orientativa sobre a titulación para os alumnos da Universidade de Vigo.

Así mesmo, na Universidade de A Coruña está dispoñible esta información na páxina web do centro <https://humanidades.udc.es/estudos/máster-miaca/información-del-t%C3%A1tulo>

O máster posúe a súa propia páxina web na que se inclúe toda a información necesaria, sendo mellorada cada curso académico. Foi completamente renovada no curso 2023-2024, co gallo da nova coordinación: <https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/artes-humanidades/master-universitario-arqueoloxia-ciencias-antigüidade/web-propia>

A páxina web é a nosa principal canle de información e mantense permanente actualizada puntualmente, prestando especial atención ás Prácticas Académicas Externas, ao Traballo de Fin de Máster e ás actividades extra-académicas. A USC ten unha páxina propia de máster (orientada sobre todo ao alumno que aínda non está matriculado) que enlaza coa páxina do máster:

<https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/artes-humanidades/master-universitario-arqueoloxia-ciencias-antigüidade>

Así mesmo contamos cunha páxina en Facebook que resulta moi útil para difundir as actividades así como tamén outras relacionadas coa Arqueoloxía ou a Historia Antiga especialmente



Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4ª ed.)

en Galicia: <https://m.facebook.com/masterarqueoloxia/>, cuxa xestión é proporcionada pola Uvigo.

Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4ª ed.)

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Sistema de Garantía Interna de Calidade da USC está deseñado seguindo o modelo das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG, e está articulado en 9 criterios e 46 directrices englobados en 5 eixos, que se corresponden cos programas elaborados polas axencias para estes efectos, denominados AUDIT e FIDES.

A USC aprobou o primeiro SGIC en decembro de 2009, e a Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno, nunha sesión celebrada en maio de 2013, aprobou unha revisión do mesmo, no que se procedeu á simplificación dos documentos e os procesos asociados ao SGIC.

O Máster de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade inclúese no Sistema de garantía da calidade da Facultade de Xeografía e Historia (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/calidade>), centro co que se vincula a titulación. Este sistema, conformado polo Manual do Sistema de Garantía de Calidade e o Manual de Procesos, foi modificado e aprobado pola Comisión de Calidade do centro, a Xunta de Facultade e a Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno en decembro de 2020.

<https://assets.usc.gal/sites/default/files/documents/2020-10/manual-simplificado-do-sgic-facultade-de-xeografia-e-historia-2020.pdf>

<https://assets.usc.gal/sites/default/files/documents/2020-10/manual-de-procesos-e-procedementos-do-sgic-do-centro-2020.pdf>

Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4ª ed.)

A memoria de calidade da facultade de Xeografía e Historia para o curso 2021-2022 pode consultarse no seguinte enlace:

https://assets.usc.gal/sites/default/files/documents/2024-04/Memoria%20de%20Calidade%20do%20Centro%2021_22.pdf

Na universidade de Vigo, o SGIC pode consultarse en <https://historia.uvigo.es/gl/calidade/sgc/manual-de-calidade/>, e os aspectos concretos do Máster Interuniversitario de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, na seguinte dirección: <https://historia.uvigo.es/gl/calidade/seguimento-de-titulos/master-en-arqueoloxia/>

Na universidade de A Coruña, o SGIC pode consultarse en: <https://humanidades.udc.es/calidad/msgic>

Tanto os procedementos de avaliación e mellora da calidade do ensino e o profesorado, como os de suxestións e reclamacións desenvóléronse dacordo ao establecido. Todas as peticións e dúbidas foron resolvéndose satisfactoriamente. Tanto a Facultade de Xeografía e Historia da USC como a Facultade de Historia da UVigo e a Facultade de Humanidades de A Coruña, contan coas súas respectivas Comisións de Calidade, nas que están representados os coordinadores dos títulos impartidos e ás que corresponden as seguintes funcións:

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGIC.
- Elaborar a Memoria de Calidade que englobará distintos informes e memorias:
 - Proposta do plan de melloras para o curso seguinte que recollerá as propostas de mellora dos Títulos derivadas dos seus informes de seguimento.
 - Informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora.
 - Informes de seguimento dos Títulos.

Os mecanismos de recollida de información están establecidos no proceso PM-01 Medición, análise e mellora do Sistema de Garantía Interna de Calidade. De acordo con este proceso e unha vez establecido o panel de indicadores e informes que se facilitarán aos centros de forma centralizada, os Responsables de Calidade de cada Centro, ou persoa en quen delegue, encárgase de recibir, revisar e comprobar a validez de toda a información necesaria para a análise. En caso de detectar algunha ausencia ou erro na información, comunícase á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos para a súa corrección.

No curso 2010-11 o SGIC da Facultade de Xeografía e Historia foi presentado para a súa verificación pola ACSUG. Tal verificación respondía o compromiso adquirido na Memoria de Verificación do Título para poder elaborar un manual transparente e accesible a todos sobre o proceso de análise, medición e mellora das prácticas docentes dos títulos.

A partir deste sistema de garantía de calidade nace a correspondente Comisión de Calidade do Centro que, integrada polos responsables do centro, os directores de departamento e os coordinadores dos títulos, así como os alumnos(http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xeohistoria/descargas/comisixns_delegadas_marzo_2015.pdf) xunto coa xunta de Facultade, cuxos acordos

Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4ª ed.)

(<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/arquivo>), o mesmo que os da Comisión permanente, son públicos, asume a responsabilidade sobre os procedementos e sistemas aplicados en todos e cada un dos títulos que se imparten na Facultade.

En esencia, trátase dun documento onde se recollen os procedementos a seguir e contribúe á transparencia á vez que garante a calidade dos ensinos, garantías incrementadas coa aprobación polos membros da Comisión Externa da titulación. A valoración do título por parte da axencia avaliadora foi positiva, aínda que propuxo melloras que se foron introducindo no procedemento, polo que o SIG da Facultade permite que todos os procedementos de xestión, tanto en relación ao estudantado como ao profesorado e ao persoal de administración e servizos, sexa transparente e público.

Do mesmo xeito, a calidade da docencia reflíctese na positiva evolución de satisfacción do alumnado, como pode verse aquí (IN46M), aínda que hai un pequeno descenso no curso 2019-20 que podería ser das dificultades derivadas do COVID19 que se prolongaron no curso 2020-21. No curso 2021-22 hai un ascenso que resalta este curso como o máis positivo nas enquisas do máster ata o momento, sendo seguido por unha pequena baixa no curso 2022-23 que, en todo caso, continúa a ser unha puntuación practicamente de sobresaliente. Con base a unha puntuación sobre 5, estes son os datos desde o curso 2013-14:

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total (IN46M)	3,40	3,57	3,48	3,95	3,99	4,1	3,91	3,89	

A Facultade de Historia da Universidade de Vigo obtivo no curso 2017-2018 a certificación do SGIC e a partir dese momento o obxectivo é corrixir aqueles aspectos detectados e mellorar a implantación do Sistema a todos os títulos que imparte. A facultade de Humanidades da Universidade de A Coruña acadou a súa certificación en 2010.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.

Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4ª ed.)

- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tras o informe de seguimento (2014-1015) e despois de obter, en 2020, o informe favorable da ACSUG para a renovación da acreditación nunha 4ª edición do máster, as accións centráronse, especialmente, nas correspondentes accións de mellora, cuxo cumprimento foi satisfactorio. Aspectos como a sobrecarga de traballo nalgunhas materias e á coordinación dos TFM mellorou substantivamente.

Así mesmo, a mellora relativa á Aula Virtual acadouse con éxito no curso 2020-21, e mantívose no curso 2021-22 e 2022-23, como estaba previsto, a través da xestión coordinada co Centro de Tecnoloxías para o Aprendizaxe, da alta individualizada de cada docente e estudante na plataforma Moodle da USC (polo momento non hai unha integración das plataformas das tres universidades galegas).

Os resultados proporcionados pola área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC e os derivados do sistema reforzado de entrevistas periódicas realizadas pola coordinación académica, non evidencian a necesidade de efectuar modificacións en aspectos substanciais (plan de estudos, metodoloxía, profesorado, infraestrutura, etc.) da titulación, salvo o comentado nos subapartados concretos do presente Informe.

Así mesmo, as accións de mellora que se propuxeron nos anteriores Informes de seguimento, consecuencia das accións de análises levadas a cabo desde o SGC, fóronse executando con normalidade na súa maior parte, permitindo levar a cabo melloras concretas (que se recollen neste Informe) na impartición do título. En conclusión, pode afirmarse que se evidencia un funcionamento adecuado da titulación.

A mellora mais importante consistiu na posta en marcha, trala verificación oportuna pola ACSUG, no curso 2020-21, dunha nova edición do máster (a 4ª), que acolle xa a tódalas institucións docentes e investigadoras galegas vencelladas coa Arqueoloxía e a Historia Antiga. No curso 2022-2023 amósanse todas as institucións ben integradas no sistema, cunha coordinación a través da Comisión Académica Interuniversitaria. Como foi comentado nun apartado anterior, a 4ª edición, que mellora os contidos das materias e engade materias de interese, necesarias para a titulación, consistiu en:

- Ofertar novas materias que completan a formación en Arqueoloxía e Historia Antiga: A materia obrigatoria de 'Iniciación á investigación en arqueoloxía e ciencias da Antigüidade', e as materias optativas 'Cultura material medieval e moderna', 'Arqueobotánica', 'Zooarqueoloxía'.
- Modificar lixeiramente a oferta nas materias xa existentes, acurtando a materia obrigatoria de 'Escavación arqueolóxica' a un semestre; e o 'Practicum', que pasa a ser materia obrigatoria seguindo a demanda de anos anteriores.
- Modificar os títulos das materias 'Epigrafía latina', 'Historia das relixións

Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4ª ed.)

antigas, 'Historia antropolóxica do mundo antigo', 'Historia da arte grega' para axustarse mellor aos contidos impartidos.

No curso 2021-22, e 2022-23 continua con este enfoque, seguindo o sinalado na Memoria.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Dacordo co Sistema Marco de Garantía da Calidade, o sistema debe revisarse e actualizarse polo menos cada tres anos ou sempre que se produzan cambios na organización e/ou actividades do Centro, nas normas que lle afecten, ou como consecuencia de resultados de avaliacións ou revisións do SGIC. No ano 2013 a Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno da USC, aprobou unha simplificación documental do Sistema Marco de Garantía da Calidade que foi posteriormente adoptada pola Facultade de Dereito.

En outubro de 2014 realizouse unha nova modificación relativa aos indicadores e informes dispoñibles para o seguimento e mellora dos títulos.

En xullo de 2015 realizouse e aprobado unha revisión do Manual de Procesos e Procedementos, derivadas fundamentalmente da necesidade de adecuación a cambios normativos.

As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade no Centro que pretendeu e pretende continuamente a mellora da titulación do Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade. Preténdese que a titulación sexa un referente no ámbito do SUG, e tamén no conxunto do sistema universitario español.

Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4ª ed.)

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Tralaballo Fin de Grao ou Tralaballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En relación co persoal académico do Máster, non existen novidades destacables con respecto ao anterior Informe de seguimento, polo que se considera que é suficiente e adecuado de acordo coas características do plan de estudos, a modalidade presencial, o número de estudantes e as competencias que deben alcanzar. Ademais, en termos xerais, o persoal académico recibe unha boa valoración por parte dos estudantes.

O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora e/ou experiencia profesional) esixido pola normativa vixente para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na Memoria verificada. Ademais, na maioría dos casos, o mesmo profesorado vén impartindo os mesmos contidos ao longo dos últimos anos, o cal lles aporta dunha experiencia moi útil. En diversas materias, os profesores proceden das tres universidades do SUG (USC, UVigo e UDC) e do INCIPIT-CSIC, e imparten os contidos da súa especialización. Asimesmo, contamos con colaboracións de profesorado de outras universidades españolas como da a Universidade de León, para impartir algunhas horas nunha materia moi especializadas (Zooarqueoloxía).

Cabe sinalar que o profesorado da UVigo e o de a UDC, e o profesorado colaborador da Universidade de León, realizan o esforzo suplementario de desprazarse a Santiago de Compostela para impartir a docencia. A UVigo facilita os medios económicos necesarios para compensar o prezo do transporte, e o profesorado da UDC ven á USC polos seus medios, mentres que a

Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4ª ed.)

coordinación e a comisión académica do máster tentan deseñar uns horarios que faciliten os desprazamentos. Con todo, non excluimos que no futuro, de forma ocasional, haxa que recorrer á videoconferencia.

O profesorado conta cun alto nivel de cualificación. Como pode verse no informe de indicadores (IN25M), todos son doutores (100% n 2022-23, 2021-22 e 2020-21, 2019-20, 2018-19 e en 2017-18 fronte a 92% no 2016-17) e a maioría contan con sexenios de investigación (IN24M) (o 100% no 2022-23, o 91,67% no 2021-22, 100 % tanto no 2020-21 e 2019-20 e 2018-19 como en 2017-18 e en 2016-17).

Ata o momento, todos os docentes están en disposición de dirixir TFMs e de participar nos tribunais que os cualifican, unha tarefa gravosa que obriga a contar con todos os recursos dos que se dispón. Con todo, o número de profesores dispoñibles é suficiente para atender aos estudantes aínda que non posuímos de datos dende o 2016-17 (IN30M), non cremos que cambiase substancialmente a cociente de 1,93 estudantes matriculados por cada profesor con docencia a tempo completo. A media de alumnos nos grupos con docencia expositiva ou interactiva mantense estable entre 11 e 13 alumnos (11,7 no curso 2018-19), aínda que non hai datos para o curso 2019-20, a media mantense para o 2020-21 (11,35), 10,27 para o curso 2021-22, e 8,58% para o 2022-23 (IN32M), o que permite o emprego de metodoloxías dinámicas, participativas, tanto de traballo individual como en grupo. Constátase un elevado número de áreas de coñecemento implicadas: Arqueoloxía, Historia Antiga, Prehistoria, Edafoloxía e Historia da arte; grazas a esta diversidade, pódese atender ao carácter multidisciplinar que é propio do Máster.

A satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47M), que era tradicionalmente baixa, mellorou, pasando do 2,2 (2014-15) ao 2,89 (2015-16), 2,95 (2016-17), 3,83 (2017-18), 4,16 (2018-2019), 3,87 (2019-20), 3,47 (2020-21), 4,12 (2021-22) e 4,07 (2022-23). Podería interpretarse a lixeira baixa no curso 2020-21 por mor do COVID19, pois a pesar do desenrolo presencial das clases houbo moito desacougo a causa do temor aos contaxios e a existencia de baixas puntuais pero continuas, tanto de profesores como de estudantes, por contaxio e carentena. Estes factores complicaban o ritmo na docencia. Pero no ano 2021-22 todo volveu á normalidade nas clases, con índices que na actualidade parecen estabilizarse por riba de 4.

A introdución dunha nova normativa de TFM implicou, como xa sinalamos, o nomeamento dun profesor para a coordinación dos TFMs, co obxectivo de conseguir que todos os alumnos defendan o seu TFM en tempo e forma. Con todo, resulta necesario analizar coas autoridades universitarias competentes a carga horaria computable a cada profesor universitario que participa na materia do TFM, dado que o cómputo oficial resulta moi desaxustado conforme ás horas reais de dedicación.

En relación coas dinámicas docentes, ademais debemos salientar a existencia de actividades complementarias á mesma. Como cada ano organizamos unha actividade inaugural na que un ou unha profesional é invitado para dar unha conferencia. No curso 2021-22, impartiu a conferencia inaugural o Dr. Pedro Díaz del Río Español, do Instituto de Historia do CSIC en Madrid titulada "*La mina de sílex de Casa Montero (c. 5300 AC) de la intervención preventiva a la divulgación*" (14 de setembro de 2021, Aula Magna da Facultade de Xeografía e Historia). No curso 2022-23, a conferencia inaugural correu a cargo da Dra. María Cruz Berrocal, cunha ponencia titulada "*Proyecto NAO: Arqueloxía del primer colonialismo en el Pacífico*" (21 de setembro de 2022, Aula Magna da Facultade de Xeografía e Historia).

As Xornadas de Arqueometría en Galicia, que habitualmente estábanse a celebrar en outubro de cada curso dende 2014, tiveron que posporse no 2019-20 por mor do Covid, pero voltaron a

Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4ª ed.)

recuperarse no curso 2021-22. 'VII Jornadas de Arqueometría en Galicia. Entre lo ritual y lo mundano'. Celebradas o 20 de outubro e o 3 de novembro de 2021 (10 horas), son xornadas de difusión organizadas e financiadas polo grupo de investigación EcoPast, con 200 inscritos, online (unha treintena de persoas) e presencial.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A organización e a planificación do Máster comporta unha elevada carga de xestión académica-administrativa (publicidade do título, información pública, programación académica, coordinación dunha case cuarentena de profesores de moi diversa procedencia, implicación de tres universidades e o INCIPIT-CSIC con xestión e calendarios diferentes, apoio permanente ao alumnado e ao profesorado, cualificacións, actividades de calidade, material didáctico, infraestruturas, medios materiais, xestión económica, etc.) e de coordinación.

Toda esta actividade de xestión e coordinación recae, en xeral, sobre os diversos servizos de apoio administrativo de que dispón a USC para todos os títulos oficiais e propios (SXOPRA, UXAs, OAR, ATIC, CETA, Secretaria xeral, Asesoría xurídica, etc.); e, de maneira moito máis particular e directa, sobre a coordinación académica da titulación da USC, co apoio directo e permanente dun traballador dos servizos administrativos da USC, que viña sendo o posto adscrito ao departamento de Historia, este curso contamos ademais con persoal específico de apoio aos másteres na facultade. Pola súa banda, a UVigo dispón dunha coordinadora académica do título que conta co apoio dunha Área nos servizos administrativos (para todos os másteres do Campus de Ourense), e a UDC conta cun coordinador académico do título que conta con apoio dos servizos administrativos para os másteres do Campus de Ferrol. O diferente funcionamento de diversos procesos e servizos entre as universidades, e especialmente a separación física das respectivas plataformas de xestión, supoñen un esforzo de coordinación engadido para os tres coordinadores académicos. Merece especial mención a xestión das conxunturas xeradas polo desaxuste entre os calendarios das universidades tanto para cuestións de preinscrición e matrícula, xestión académica das cualificacións, calendario de elaboración e defensa do TFM, etc., que pouco a pouco vanse aproximando e de feito xa conseguíuse unificar as datas de avaliación no presente curso. Todas estas particularidades na xestión do título vanse solventando cun seguimento continuado, a través da colaboración activa e continuada por parte dos axentes implicados e o bo facer do profesorado



Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4^a ed.)

do mestrado, o que supón un sobre-esfuerzo engadido que debe ser posto en relevo.

Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4ª ed.)

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
